




Uxío Novoneyra

Coordinadores

Henrique Rabuñal Corgo
Cesáreo Sánchez Iglesias

Consello Directivo da AELG

Presidencia: Cesáreo Sánchez Iglesias
Vicepresidencia: Antía Otero
Secretaría Xeral: Mercedes Queixas Zas
Tesouraría: Marta Dacosta
Vogalía de Lugo: Isidro Novo
Vogalía de Pontevedra: Lucía Novas
Vogalía da Coruña: Francisco Souto
Vogalía da Coruña-Ferrol: Henrique Rabuñal
Vogalía de Ourense: Xerardo Méndez
Vogalía de Relacións coa Lusofonía: Carlos Quiroga
Vogalía de Relacións Internacionais: Xavier Queipo
Vogalía de Literatura de Tradición Oral: Antonio Reigosa

Secretaría Técnica

Ernesto E. Calo

Secretaría Económica

Ana M. Carril Vázquez

Edita: Asociación de Escritores en Lingua Galega

www.aelg.org / oficina@aelg.org

Fotografía da capa de Federico García Cabezón

Depósito legal: VG-1293-2005

Impresión: Alfer Industria Gráfica

Estrada de Peinador a Puxeiros - 36417 Mos



Uxío Novoneyra
A emoción da terra

Os países de Uxío Novoneyra: palabras e imaxes

Todos os escritores galegos e con eles a Asociación que os representa temos unha vella devoción pola figura e pola obra de Uxío Novoneyra a quen neste número da nosa revista homenaxeamos. Uxío é máis ca un dos piares da AELG, é a alma verdadeira da nosa literatura, é o noso pobo feito fala nos seus labios de decidor. Un decidor que gastou as súas mellores horas na defensa dos nosos autores, da nosa patria toda, da nosa identidade como humanos desta vella nación europea. Popular e experimental, amante da cultura oral e da escrita, excelente recitador, home rexo e nobre, a figura de Novoneyra é unha das principais da cultura galega do século XX.

En nós perviven, entre outros, os seus versos de *Os eidos*, dos *Poemas caligráficos*, *Muller pra lonxe*, *Do Courel a Compostela*, *Poemas da doada certeza*, unha obra aínda insuficientemente coñecida polas novas xeracións de lectores.

Cando proxectamos esta *Escrita contemporánea* dirixímonos a todos aqueles que podían pór unha palabra nova e cálida neste caderno de afecto ao noso irmán maior. A todos eles agradecemos a súa paixón e o seu entusiasmo. Sabemos tamén que esta homenaxe a Uxío terá continuidade na nosa Asociación –que foi sempre a súa– e no noso país e desexamos que a súa presenza, a presenza luminosa do seu verbo e do seu exemplo se nos imponha no futuro como unha regalía.

No tempo que dedicamos a preparar esta homenaxe á figura de Uxío, o poeta do Courel e todo o seu universo ético, estético e humano emerxeu poderosamente. Pero se alguén actualiza a súa presenza e o seu mundo, ese alguén é a súa familia, a súa muller Elva e os seus fillos Branca, Uxío e Arturo con quen tivemos ocasión de intercambiar algunhas palabras. A eles a AELG debe agradecer a súa inestimábel e xenerosa colaboración para este número monográfico de *Escrita contemporánea*. Entre o material que os lectores poden debullar están uns fermosos textos oralizados sobre o centenario/aniversario de Rosalía (1985) nos que reclama a liberdade e a xustiza para Galiza e outra defensa da poesía como memoria e vitalidade, como arte comunal, insubmisión e nacionalizadora. Uns textos redixidos a máquina con letra maiúscula e que lle dan máis forza ás palabras do mestre. Xunto con seis caligramas –mostra exquisita dunha arte gráfica e literaria cultivada con primor por Uxío desde os seus primeiros anos madrileños–

pode lerse un texto dirixido en 1985 ao presidente da Xunta polo daquela presidente dos escritores galegos nos que tenta crear unha Aula de Escritores Galegos nos Institutos de Bacharelato defendendo a nosa identidade cultural nacional en base á nosa lingua e literatura. Outros textos mostran versións de poemas seus moi emblemáticos, a súa relación coa fotografía de García Cabezón, a súa presenza en culturas foráneas como a inglesa ou a francesa, diversos poemas saídos do corazón e das mans que iluminan o libriño de Alain Badiou ou ese fermoso texto aos poetas galegos a quen esixe seren libres. Este especial de *Escrita contemporánea* lembra tamén libros emblemáticos nos que latexa a palabra e o pensamento de Uxío –*Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago*, *Muller pra lonxe* ou *Dos sonhos teimosos*. E aquí e acolá as fotografías que nos mostran os mil países, uns familiares e íntimos, outros públicos, dun escritor a quen haberá que volver non só para bebermos na cunca da súa man amiga senón para pór e repor o seu verso no corazón de todos os galegos e as galegas que o amamos.

Cesáreo Sánchez Iglesias

Henrique Rabuñal Corgo

Estudos

Sobre Uxío Novoneyra

Bernardino Graña

O meu encontro con Uxío Novoneyra foi en Lugo capital. Se non me equivoco, en 1961, cando entrei a formar parte, a carón de Carballo Calero, do Claustro de profesores do Colexio Fingoy. Foi en pleno centro do Cantón ou Praza Maior. Ía eu con Paco Martín. Uxío viña da zona do Concello baixando. Paco e eu subíamos. Vino grande, alto e ancho, enorme. Eu xa era lector dos seus breves, concentrados poemas do Courel. Despois das presentacións e despois de ollarnos serena e cordialmente un ó outro, Uxío díxome con bo humor: “¡Así que ti, con ese teu corpo escuchimizado, es o autor dos poemas da potencia do Atlántico!” E eu retruqueille: “¡E ti, tan voluminoso e grande de corpo, es o autor dos breves poemas do Courel!” E xa fomos os tres a tomar uns vasos de viño de Quiroga. Aí comezou entre el e eu unha fonda amizade que non decaeu nunca. Estivemos xuntos en moitos sitios: en Madrid, naqueles comezos dos anos 60 (cando el recitaba versos na Televisión Española), en Portugal, en Bilbao, en Pamplona, Andorra, Biarritz..., en sucesivos congresos ¡Galeuzca! en moitísimos recitais. En salóns nobres, en eiras de aldeas... Cando eu, no 1982, dixen que xa non me apetecía seguir de presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, el, de bo xorne, substituíume, e, sempre de bo xorne, ano tras ano, foi mantendo con dignidade e eficacia ese cargo de presidente e morreu como tal.

A miña valoración de Uxío como poeta galego é moi positiva. Xa unha das súas primeiras composicións, a titulada “Poema dos caneiros”, é un texto maxistral e antolóxico. Nel a suxestión do devalar de ondas e tempo está perfectamente lograda co fluír e refluír dos sons das palabras en perfecta harmonía e eufonía. O amor reta á morte e á razón lóxica con viño, con viandas, con mulleres... Un verso di: As mulleres eran verdadeiras coma o viño. Nas insistentes e españolizantes leccións que nos deron sobre Jorge Manrique e os seus (sen dúbida) ben feitos versos, repetíase moito aquilo de “Nuestras vidas son los ríos,/ que van a dar a la mar, /que es el morir”. Os ríos aí connotaban a tristura de morrer. Pola contra o río dos caneiros de Novoneyra connota vitalidade, resistencia contra a morte, pracer e amor para máis alá da morte. Outros textos antolóxicos son a

“Letanía de Galicia”, o “Vietnam canto” e, como non, practicamente todos os dedicados ó seu tan vivido e tan ben expresado Courel. Novoneyra quedará para sempre na Historia nosa como o grande cantor do Courel á parte de como grande autor deses outros poemas antes mencionados. E a imaxe que deixou de digno, sereno, firme, resistente presidente dos nosos escritores permanecerá moito tempo entre nós e mesmo entre os escritores de lingua catalá e os de lingua éuscara, que o coñeceron en sucesivos congresos de GALEUSCA, onde impresionaba sempre co seu bo, honrado, tranquilo, xeneroso, solidario comportamento, coa súa fonda, amorosa, sincera vivencia da nación galega e da Poesía. Poesía que nel era sempre algo con maiúsculas, á altura da máis alta e pura Filosofía, igualmente con maiúsculas. Para algúns pouco informados e quizais mal intencionados Novoneyra foi (coido que non acontece agora iso) un poeta provinciano, campesiño, paisaxístico, tradicional, dialectal... E fálase pouco do seu vangardismo. Vangardismo evidente, por exemplo, no citado “Vietnam canto” ou nos versos caligramáticos. Pero sen dúbida Novoneyra é (é e será por moito tempo) un altísimo poeta, con boa técnica literaria, con dominio envexable da lingua, maxistrado, cheo de mundo propio, auténtico (totalmente entregado á Poesía e á súa terra de Galicia), dotado de perfección, de sonoridade, de acerto. Boa persoa e bo poeta.

Uxío Novoneyra

Antón Patiño

Con Uxío Novoneyra acontece a milagre de que a natureza tome voz propia. O poeta do Courel recolleu os ritmos da paisaxe, a sonoridade da natureza. A expresividade anónima e anterga da toponimia, tatuando o nome do lugar. Rexistrando a intimidade coa natureza, nunha simbiose panteísta. Hai poemas depurados, quintaesenciados, onde semella que resolveu unha ecuación poética. Unhas breves palabras no espazo, despoixadas coma un haiku. Traballa por sustración. Un baleiro activo fai que no texto fique só o esencial. Unha sensibilidade orientalista. O silencio fura no texto deica deixar transparentes as palabras. Diáfanas (atravesadas polo baleiro) transportando o seu propio silencio.

Anos enteiros sen poema. Logo aparece como unha chuvia livián de palabras lentas e depuradas. Nunha fonda condensación simbólica. A respiración do idioma. A súa verdade íntima. O interior nu da linguaxe transfigurado nunha nervadura silente. A reflectir unha beleza elemental que fala da primeira mirada; e da palabra primeira virada en signo, como nos seus poemas “caligráficos”.

A palabra é: emoción máis concepto. Pureza. A palabra primeira fala nunha linguaxe táctil. Dunha visualidade intensa. Extática. Na suspensión da temporalidade. O ritmo secreto. O rumor do comunitario na respiración da lingua.

Nunha ocasión tiven a inxenuidade de lle preguntar polos seus poetas favoritos. Non saíu un só nome propio da súa voz. Falou deseguido da poesía de tódolos pobos do mundo. Da poesía enteira do universo. Para íl o poeta non se pode afastar da comunidade. Habita na linguaxe e na respiración do idioma. Na intrahistoria do propio idioma. No seu recendo íntimo. Na procura da reverberación aurática das verbas. Na maxia da súa orixe remota. Misterio do lento regreso. Méndez Ferrín dixo que Uxío Novoneyra era o noso poeta nacional. É certo. A Novoneyra hai que o poñer xunto con Rosalía a gardar o segredo e a maxia das palabras. Son un prisioneiro da lingua: dicíalle a Elva, íl que era todo liberdade. Novoneyra é un artesán da soidade das verbas: como un labrego-zen escoitando o silencio da palabra. O rumor xeratriz das imaxes, as palabras e o mundo.

A primeira imaxe: o encontro con Uxío Novoneyra nunha viaxe ao Courel no comezo dos anos 70. Entramos na vella casa familiar, atopámolo no interior do salón xunto a unha fiestra debuxando cun groso rotulador, totalmente concentrado, absorto (non se decata da nosa presenza), como un monxe zen tracexando ideogramas de urxencia.

[...]

Un círculo con ondas representaba un afogado. Debuxos esquemáticos, sinais fulgurantes que rexistraban a intensidade do nervio: o movemento onde a man semella ir máis rápido ca o pensamento. Grafismo na vertixe da instantaneidade. A xestualidade aberta onde o poeta habita o espazo. A poesía auténtica deixa respirar o espazo entre as palabras para amosar o baleiro xerminal, por iso o poeta e o pintor son compañeiros de viaxe, como Raimundo Patiño o compañeiro fraterno na aventura vangardista. O caligrama veloz, o remuíño do nervio. En Uxío Novoneyra está a alma campesiña pero tamén o estralo do nervio dun tempo convulso. A radicalidade existencial dun tempo en crise.

Uxío e mais Reimundo son os que mellor entenderon a mensaxe liberadora da *action painting*. Uxío Novoneyra realizou unha poesía de acción para desvelar o segredo agochado na linguaxe, visualizando na superficie a sonoridade das verbas.

[..]

O poema en Novoneyra achéganos á intensidade da palabra primeira, a que xorde dun baleiro primixenio. Cando recita transmite a mesma forza emocional, a autenticidade ritualizada do chamán. As palabras xorden do espazo interior onde habita o silencio. O núcleo intersticial do poema atravesado polo silencio. A depuración, a síntese na intensidade da experiencia poética. O poeta destila a esencia do idioma, a respiración interior da linguaxe. Hai décadas enteiras nas que temos que nos contentar cunhas pingas: a penas unhas verbas estilizadas que condensan o tempo na tensión biográfica. O poeta auténtico escribe co corpo enteiro, con todos os sentidos.

Todo Uxío Novoneyra naquela primeira imaxe: a escritura automática dos seus debuxos, *grafittis* convulsos para convocar ao azar no silencio da montaña. A violencia e fertilidade nutricia dos signos-raíz. Como nas encrucilladas perceptivas dos *hai-kus* lembramos a silueta a contraluz de Uxío debuxando. A nai o chama dende o cuarto.

Achegas de Uxío Novoneyra á poesía galega

Antonia López García

A convocatoria da Asociación de Escritores en Lingua Galega ponme de novo ante a palabra de Uxío Novoneyra. Esta palabra lévame ata *Os Eidos*, a súa primeira obra onde xa se revelan ás claras os elementos definitorios da súa poesía: home espido fronte á Terra, ante a que vai deixando devalar unha mancha de emocións. A súa profundidade emotiva é nova na poesía galega e constitúe unha achega moi importante deste autor. Pero con *Os Eidos* chégame tamén o recordo do seu estilo tan peculiar e que manterá en obras posteriores: estilo sobrio, próximo á sentencia, aínda que ás veces denso e paradoxal. E porén é sorprendente a riqueza de recursos estilísticos dos que Novoneyra vai botar man e que, ata ao momento, a penas foran empregados en literatura galega. Non resulta difícil, xa que logo, recordar a obra dun poeta de personalidade tan acusada e estilo tan definido e daquela comentarvos as achegas que Novoneyra fixo á literatura galega.

A rehumanización da poesía

Unha característica que define a Uxío Novoneyra é a orixinalidade da súa poesía. Resulta orixinal porque posúe un trazos moi acusados que a diferencian da poesía doutros autores e a dotan dunha personalidade propia. Os trazos que primeiro e máis nos poden chamar a atención son de carácter estilístico: a concisión, o ton de sentencia, a brevidade das composicións, o carácter case telegráfico... Esta é unha característica que definirá a Novoneyra máis aló dun tempo concreto e dun contexto concreto, é unha característica, por así dicilo, a longo prazo. Con todo, nun plano máis curto, achegándonos ao contexto histórico no que aparece publicada súa primeira obra *Os Eidos*, encontramos tamén unhas claras diferenzas respecto ao que se fixera na poesía galega nos anos anteriores, especialmente na época das vangardas. Non se trata de establecer cal foi o primeiro poeta no que se reflectiu o cambio iniciado sobre os anos 50, nin de establecer quen chegou máis aló na renovación poética. Simplemente apuntamos que

a aparición de *Os eidos* en 1955 participa totalmente dun cambio na poesía galega, que podemos sinalar cun termo: a humanización da poesía.

Échenos necesario volver a mirada aos anos 20 para considerar as características do movemento vangardista. A estética vangardista nacera coma unha reacción de protesta ante a sociedade burguesa e os seus valores: o conformismo, a auto-compracencia, a ausencia de autocritica, o utilitarismo, o embrutecemento da sensibilidade... Os artistas vangardistas proclamaron, en primeiro lugar, a necesidade de liberar a arte de compromisos: do compromiso coa moral, cos valores sociais, cos valores éticos para desta forma manter só un compromiso estético e proclamar a súa premisa: a arte pola arte. Hai en todos os artistas vangardistas unha actitude provocadora, de clara ruptura cos principios da estética anterior, que foron transformados e mesmo dinamitados. Estamos ante unha estética experimental.

En Galicia, a pesar de que os cambios foron tímidos, se excluímos a obra de Manuel Antonio, podemos ver que a poesía participou bastante da idea de “a arte pola arte” e da liberación da poesía do compromiso social e do intimismo que caracterizara aos nosos poetas do XIX. As dúas escolas poéticas nas que se materializou a vangarda europea no eido das letras galegas foron o neotrobadorismo e o hilozoísmo. Nos dous movementos, o poeta distánciase emocionalmente do poema, optando moitas veces polo emprego da 3ª persoa. A realidade político-social da Galicia de principios de século fica ausente dos poemas da mesma forma que o eu íntimo do autor. Só encontramos algúns trazos de paisaxe galego se acudimos ao movemento hilozoísta: amencer e solpores no remanso das rías, cruceiros á sombra dos neboeiros, costas axitadas polo temporal. A humanización da paisaxe permite que esta se converta en imaxe do espírito do poeta. No caso do neotrobadorismo, o amor é practicamente o único tema, tratado nunha natureza idealizada, segundo os modelos dos cancioneros medievais. Os poetas entendían que debían renunciar á confesión de problemas persoais e sociais para o poema fose esencialmente unha expresión de beleza. A consecuencia desta formulación vangardista é unha “deshumanización da arte”:

Nos anos de posguerra, as escolas de vangarda van ter unha pervivencia bastante limitada. As novas tendencias que se van abrindo paso nos anos 50 ata chegar á gran transformación dos 60 coa poesía social, van coincidir nesa tendencia de rehumanizar a arte. Observamos novamente que é o contexto histórico-social o factor que determina a función da arte e, en consecuencia, as súas características temáticas e formais. Por iso, a poesía que irá aparecendo nestes anos terá a nostalxia dos poetas obrigados ao exilio como Lorenzo Varela ou Emilio Pita, o intimismo que lle achegan os versos de María Mariño ou Pura Vázquez, a reflexión pausada de poetas como Díaz Castro, finalmente a dor existencial proclamada desde a voz de Uxío Novoneyra. Observamos en xeral un cambio de sensibilidade dos poetas que volven a mirada cara á dor humana e irremediabilmente

aparecerá a posta en cuestión do senso da vida. En Novoneyra tamén se dá esta situación, pero focada dun xeito propio: a emoción que o poeta sente ante a natureza, en definitiva, a angustia do poeta ante a fragilidade do home fronte a encrucillada da natureza, o tempo e a historia.

Vemos entón que a emoción ante a natureza é un pilar básico da poesía de Novoneyra. Pero non é tanto ante a observación da natureza como ante unha natureza sentida, evocada cando se pechan os ollos, unha natureza chegada desde o inicio dos tempos e ategada dunha historia común. Sendo o obxecto da poesía de Novoneyra verbalizar a súa emoción ante a paisaxe, a primeira dificultade do poeta é lograr verbalizar esa emoción. Porque a emoción é núa, a emoción faínos ficar en silencio e, só despois desa inicial conmoción, somos capaces de verbalizar, case sempre de modo breve, algunhas palabras. Esta emoción determina a morfosintaxe destes poemas: verso breve, máxima sinxeleza sintáctica, enumeración substantiva. O substantivo é o núcleo destes poemas e a adxectivación especificativa sinaláranos calidades definitorias e diferenciadoras. A ausencia de artigo expresará a valoración especial do obxecto designado, é dicir, os seus aspectos subxectivos.

Pero a emoción é ante todo silencio, de al o equilibrio tamén buscado graficamente entre a palabra e o silencio, emoción e verbalización, o signo e o amplo espazo en branco que o rodea. Antes da palabra foi a pura emoción, despois da palabra a emoción volve embargar o poeta que ás veces deixará o seu discurso interrompido. A distribución gráfica do poema na páxina en branco é en si mesma importante e expresiva por esa relación simbólica que vincula silencio e emoción. Só cando o poeta pasa da emoción á reflexión, comeza a elaborar o pensamento, en forma de breves sentencias; o discurso vólvese daquela máis pausado, máis lento, máis calmo. Os silencios –silencios emotivos– non só aparecerán expresados graficamente nos espazos en branco. Na poesía de Novoneyra haberá signos gráficos que tamén indiquen, non tanto o silencio absoluto, como unha pausa no discurso. Concretamente, as Tiñas de puntos entre as estrofas indican unha pausa superior á normativa. Tras esta pausa, o poeta retoma a palabra pero pasando de falar da natureza en 3ª persoa a falar de si mesmo, achegando unha reflexión sobre ese momento emotivo que acaba de vivir.

Na poesía de Uxío Novoneyra é frecuente o ton que mellor marca a subxectividade: o ton admirativo e o ton en suspensión. O tono enunciativo que marca a obxectividade do discurso é moi escaso nunha obra como *Os eidos*. O ton exclamativo é fundamental para comprender a poesía de Novoneyra, pois se prescindimos del estaríamos ante unha obra descritiva, de carácter obxectivo, sen presenza da emoción subxectiva do autor. Os puntos suspensivos e a ausencia de punto final indican ton en suspensión, é dicir, o discurso faca interrompido pero o poema continúa máis aló da palabra, prolóngase a emoción suscitada. O poeta

volve entregarse á contemplación da natureza e o silencio imponse á palabra. Sinalar por último outro recurso que tamén marca o indiscutible carácter emotivo da poesía de Novoneyra. Refírome ao apreciativo, que indica matices afectivos. Estes sufixos aplícanse tanto a substantivos, que designan elementos da natureza como a adverbios, nun e noutro caso búscase a expresión do sinxelo, o delicado e íntimo.

O cambio que nos achega a poesía de Novoneyra é que esta non pode entenderse se prescindimos da emoción. Sen ela, o poema redúcese unha simple enumeración de lugares, case sempre relativos á terra do Courel. A poesía de Novoneyra pode chegar a desconcertarnos pola súa abraiante simplicidade, pero unha lectura na que descubramos os indicadores de subxectividade, transforma totalmente o poema. E esa comunicación entre o receptor e o poeta podería chegar a ser aínda máis intensa, se o poema nos chegase desde a voz do propio Novoneyra.

O lector ideal desta poesía sería lector cunha especial sensibilidade ante a natureza, capaz de sentir ante aquela unha conmoción moi fonda, como se se abrisen de súpeto ocultas fiestras no seu ser. Por iso, a novidade que achega Uxío Novoneyra a través de *Os eidos* é o regreso da emoción á poesía, dentro dunha tendencia xeral de rehumanización da arte. Pero tamén é unha novidade o carácter e fondura desta emoción, potenciada pola nudez de recursos con que é expresada. Estamos ante

Novoneyra vai máis aló de problemas íntimos, de conflitos sociais, de pequenas frustracións cotiás... sobrepasa todo iso para ser simplemente a dor de ser home, a dor por ser home. Unha dor intimamente ligada á existencia. E é esta dor e esta nudez do eu o que resulta novo na poesía galega. Só é igualable cos poemas máis dramáticos de Rosalía de Castro, aqueles nos que máis alá da nostalgia, da denuncia social, do desengano amoroso, proclamaba a dor de vivir, a dor feita “negra sombra”.

“ESCURECEN os penedos.

Baixa a sombra do ucedo
aniarseme no peito.

Inorde un tras outro
foron morrendo os meus sonhos
e quedein solo de todo.

Estou solo como un lobo
oulando cara a noite.
Angustia de morte!
Arelanzas de louco!

Ista door! Istá door! Istá
Door miña!

Berro caído nun couso.
A door alúmame todo
E ollo a morte no fondo...”

Os Eidos

A visión da Natureza en Uxío Novoneyra

A natureza é un tema básico na poesía galega, un elemento imprescindible. O lugar destacado que ocupa a terra nos poetas do XIX obedece á Tóxica razón de que era o lugar de localización por excelencia de calquera suceso. Pero tamén era a terra-nai, o elemento de sustento para o home, nunha perfecta simbiose entre persoa e medio natural. A terra era tamén o obxecto da nostalxia, na ausencia obrigada da terra. A terra era, finalmente, o marco adecuado para o cadro costumista.

Se nos achegamos a autores concretos do XIX, vemos que é destacable a función que autores como Rosalía e Pondal lle outorgaron á natureza. A visión da natureza en Pondal obedecía á ética deste poeta: home loitador, duro, mesmo salvaxe, pero tamén cunha fonda melancolía, nada da saudade dun mundo ideal. Por iso gustará tamén dunha natureza, coincidente coa da súa terra natal de Ponteceso: erma, escarpada, solitaria e ao tempo envolveita na melancolía das néboas. Unha terra humanizada, plena de carácter. Desta maneira, Pondal dota a natureza da función de ser imaxe metafórica do espírito humano.

Na obra de Rosalía, a natureza tamén se nos ofrece propicia para ser a imaxe do espírito. Rosalía percebe que a natureza e o home son dúas realidades radicalmente distintas. A natureza “é fermosa, a mesma eternamente”, tal como expresa Rosalía nos seus versos. E aínda sendo consciente de que a natureza tamén está sometida a cambios, en tanto ser vivo, comproba que natureza sempre volve a renacer. Pero no caso do home, a vida que pasa é irrecuperable e o devalar do tempo leva inevitablemente á morte. A visión da natureza nesta escritora está moi ligada ao paso de tempo e ao recordo dunha felicidade definitivamente perdida. Por iso, podemos falar dunha “natureza cruel” que non se conmove ante a dor do home que ve como se lle escapa a felicidade. ... esta indiferenza é a que fai a Rosalía exclamar: “ódiote, campo fresco”.

En Uxío Novoneyra e, especialmente, en *Os Eidos*, a natureza é o elemento básico, pero esta natureza presenta unhas características propias moi acusadas, polo que a percibimos chea de personalidade e orixinalidade no contexto das letras galegas. Chámanos a atención, en primeiro lugar, a presenza exclusiva da

terra do Courel. Tamén noutros escritores podemos encontrar unha preferencia pola terra natal, e así sucede na propia Rosalía ou en Pondal ou en Noriega Varela. Pero, en todo caso, as referencias non son tan exclusivas, prefírese presentar a terra galega no seu conxunto, na súa variedade de paisaxes. A presenza das terras do Courel na obra de Novoneyra responde lóxicamente ao feito de ser a terra natal e representa para o autor o seu primeiro contacto co mundo. Polas súas características podía suscitar facilmente emocións no poeta e, máis en concreto, levalo á unha reflexión a cerca do ser e o estar o home no mundo. Porque as terras do Courel son terras galegas pero son tamén unha representación do cosmos, dun espazo, non só físico senón vital —a historia, a patria, o tempo...— no que o home cos seus soños e as súas frustracións bota a andar. Desta maneira, sendo a función da poesía de Novoneyra a expresión e o afondamento nos sentimentos que a natureza esperta no home, comprendemos que o elemento descritivo teña unha importancia menor. Esta é outra diferenza fundamental respecto a outros poetas, que poetas recreaban a terra, ás veces nos seus máis mínimos detalles, Novoneyra só quere recrear a emoción. E o propio tipo de emoción tamén fará diferente esta natureza da doutros poetas. En uñas xerais, vemos que na visión das terras de Galicia predomina o amor á terra propia e a nostalgia pola separación desta terra. Só naqueles casos nos que a natureza é tan personalizada que se converte nunha metáfora do espírito, poderemos encontrar exemplos de fondura emotiva próximos á sensibilidade de Novoneyra. A angustia existencial é o sentimento que percorre a palabra de Novoneyra nestes primeiros versos de *Os Eidos*, publicados nos anos 50. Este sentimento non o abandonará pero encontrará un alivio no compromiso social de obras posteriores.

Uxío Novoneyra, e orais concretamente na súa obra *Os Eidos*, a natureza aparece a través dos catro elementos constitutivos do universo: o lume, a auga, o aire e a terra. O lume será quizais o elemento menos presente, só a través das referencias ao sol, case sempre feble, mínimos intres de luz, mínimos intres de plenitude. O elemento líquido será en troques moi frecuente: elemento estático cando falamos da neve pero tamén enormemente dinámico e vital cando se desborda en regatos e pincheiras. O aire aparece no elemento vivo do vento pero tamén a través do espazo. En *Os eidos* abundan espazos amplos, abertos e grandiosos, en palabras do propio Novoneyra, como un enorme “templo”, o tempo máis magnífico xamais imaxinado. A terra de *Os eidos* é a terra do Courel: paisaxe moi contrastada, de altos cumes e profundos vales, de brillos de neve e escuridade dos foxos —tal vez unha metáfora da profunda tensión vital do home. O adxectivo que mellor definiría estas terras é a grandiosidade, tanto pola amplitude e maxestividade. Por estas características, esta terra emana unha sensación de acougo, de serenidade e profundidade. Ante elas e o especial silencio que as envolve, o home sente máis dolorosamente a súa cativeza.

No marco da natureza, o home é un ser vivo máis e non precisamente o máis importante; encontramos referencias constantes ao flora da montaña, á fauna, en especial as aves, que achegan novamente á idea de espazos amplos e libres. Pero entre todos os animais destaca o lobo, no lobo encontra Novoneyra unha imaxe do home: ser solitario, deambulando na noite e oulando de desacougo.

O máis interesante desta poesía é a relación que establecen home e natureza. Neste trazo radica a orixinalidade da poesía de Novoneyra e é unha das súas achegas máis importantes á poesía galega. Esta relación vai establecerse seguindo uns pasos, que nos levan a diferentes momentos. O primeiro é a observación que precisa de silencio e soidade. O silencio é proporcionado pola propia natureza: “fala a tarde baixiño e o corazón sínteo”. Trátase dunha comunicación que vai mais aló do sensorial por iso o poeta debe abstraerse de todo o que o rodea. Ha° algo abraiante e intimidatorio neste primeiro encontro, e despois, pouco a pouco, o poeta vai esquecendo todo o superfluo para verterse cara ao seu eu: hai no poeta un ensimesmamento que o leva a fundirse con algún elemento natural e deixarse ir e esquecer que é home:

“PASAN nebras...
eu sinto que me deixan e que me levan”.

Neste abandono total do eu, o home encontra un acougo descoñecido. Pero volve a ser home e daquela co contraste coa natureza é moi acusado. A reacción que a natureza suscita no poeta é a angustia que chega á súa expresión máis dramática na parte de Os *Eidos* titulada “O couso da dor”. A natureza é acougo e silencio mentres que o home é fragilidade, contradición e daquela moitas veces inseguridade:

“Non sei que agarda a terra
que agarda a alma.
Eu ben sei que é certa a seguranza.
Eu non sei se é certa a seguranza”.

Outras veces encontremos sentimentos de desespero: “non podó non ser nin ser así”, ou de absoluto baleiro:

“EU ás veces quédome sin nada.
Afonda o que teño
na dor do que me falla.
Sin deus ao que erguer meus pregos
acóllome á túa ollada...”

Xorden as cuestións inevitables ¿quen son eu? ¿que é o home? Home a soas fronte ao encrucillado da terra, a historia, o infinito, home esgazado por unhas necesidades contraditorias: a nada e o soño, a derrota e a loita, o espero e o desespero, debaténdose nunhas circunstancias históricas moi pouco favorables.

Simbolismo gráfico-visual

Antes de comentar os aspectos técnicos da poesía de Novoneyra, e en especial aqueles que conforman a singularidade do seu estilo, cómpre salientar que a poesía de Novoneyra está concibida esencialmente para ser recitada. A canle oral sería o medio de transmisión máis axeitado para a palabra deste poeta. Desta maneira poderían comprenderse os silencios, o contrapunto da palabra, a intensidade da voz, que imita a natureza en lenes murmurios ou na forza atronadora das tempestades de neve. Desde a voz, e en particular desde a singular voz de recitador de Uxío Novoneyra, podería comprenderse adecuadamente a fondura trágica achegada polas vogais velares, así como a luminosidade e amplitude que suxiren os fonemas abertos coma o *e* e o *a*. A letra de imprenta e o molde do folio resultaban moi limitadores para a voz do poeta. Por iso foi necesaria a experimentación gráfica, de maneira que se puidesen expresar aspectos da poesía de Novoneyra, que doutro xeito ficarían desapercibidos. Por estas razóns podemos falar do simbolismo gráfico-visual da poesía de Novoneyra que se concreta nos seguintes casos: emprego de grandes espazos en branco que preceden ao poema impreso, separación irregular das palabras ou dos grafemas, variacións na tipografía, distribución dos versos formando debuxos, letra de imprenta substituída pola caligrafía do autor...

O emprego de recursos gráficos estivo máis ou menos presente nos poetas desde a vangarda ata os nosos días, pero un dos autores que concedeu un papel máis importante aos recursos deste tipo é Uxío Novoneyra. Xa en *Os Eidos* podemos encontrar algún exemplo de versos que adoptan unha distribuzón espacial simbólica, imitando a néboa ou o esvarar da auga. De igual forma, a través do espazo en branco que precede aos poemas, pode suxerirse o silencio. Pero será a partir do poema *Vietnam Canto* e da obra *Do Courel a Compostela* cando os recursos gráficos acaden a súa máxima valoración.

Cando comezamos a lectura de *Os Eidos*, pode chamarnos a atención a disposición do poema, que normalmente ocupa o extremo inferior do folio –nas páxinas da dereita– ou o extremo superior –nas páxinas da esquerda. Podemos interpretar que ese espazo simboliza a atmosfera, o ceo, e baixo el aparece a palabra, a terra, imitando desta forma a distribución terra-ceo da serra do Courel. Esta explicación non sería válida naqueles casos nos que o poema se sitúa na parte superior. Por iso podemos pensar que ese espazo baleiro o que está a representar visualmente é o silencio. Só despois da emoción, o poeta pode artellar algun-

has palabras, precisas e densas, para abandonarse novamente ao silencio. E tal vez xa non un silencio emotivo senón reflexivo, que no que Novoneyra concibirá aqueles outros versos que se achegan á sentencia.

Resulta moi novidosa na poesía o emprego da irregular separación das palabras como recurso estilístico. Cada palabra constitúe unha unidade tras a que se produce unha pausa representada por un espazo de separación. Novoneyra fixará as pausas tendo en conta os silencios que quere crear en torno á palabra, nuns casos en torno a un grupo extenso de palabras, noutros casos en torno a unha soa, que desta forma queda máis destacada. Nuns casos encontremos entre as palabras unha separación superior á normativa. O lector entenderá que esa palabra debería ser deletreada, subliñada con especial ton de intensidade.

Fenómeno contrario ao anterior consisten en agrupar palabras. Este agrupamento pode ser de palabras iguais ou diferentes. No primeiro dos casos, mediante unha reiteración do significante quérese dar forza ao significado das palabras, como vemos neste exemplo de *Do Courel a Compostela*, 1988:

“G A L I C I A solo terra
Sólo home solosol
Pecho pechopechopechopechopecho(...)”

No caso de ser diferentes as palabras que se xuntan para formar unha unidade, estamos ante un caso de composición. Podemos interpretar que o poeta trata de reunir varios significados diferentes, ofrecéndonos unha palabra sintética. Nós, ao observar os obxectos, non captamos as súas características unha a unha, como unha sucesión temporal senón que percibimos o obxecto como unha totalidade. De igual maneira, ao observarmos a natureza, percibimos esta coma un todo unitario. A emoción tamén ten carácter global e non se sente coma unha suma de sensacións:

(...)
“Eiquí están todas as anduriñas primachorros e morodos
caminos-que-iban-todo-dereito-polo-soño niños bultos-medos”.

Do Courel...

Este efecto aglutinante nos que se suprimen as pausas que responden á normativa gramatical, podémolo encontrar tamén na ausencia de signos de puntuación, concretamente comas, que se botan en falla nalgunhas enumeracións.

Con respecto ás variación tipográficas, unha delas é o emprego irregular de maiúsculas. O emprego de maiúsculas é un efecto visual co que se consegue destacar unha palabra.

En *Os Eidos* a palabra inicial de cada poema está escrita toda ela en maiúsculas. En *Do Courel a Compostela* hai maior variedade de casos, pois as maiúsculas

aparecen en calquera posición do verso. Tamén podemos encontrar maiúsculas en palabras ás que gramaticalmente non lles corresponde.

Tamén pode chamarse a atención sobre as palabras mediante un cambio de tipografía. Encontramos este recurso naqueles casos en que se reproducen frases feitas ou palabras textuais, que poden ser do propio poeta.

O emprego de diferentes recursos gráficos irá facendo que o molde métrico sufra variacións ou chegue a desaparecer a favor do verso no que se combinan diferentes tipos de letra con espazos en branco irregulares. Pero a ruptura métrica máis importante encontrámola en *Do Courel a Compostela*, onde chegan a aparecer pequenos tipogramas e algún caso de prosa poética. Os tipogramas son desenhos feitos con caracteres de imprenta, responden ao desexo de explorar as relacións forma-contido da palabra; os grafemas das palabras distribúense de forma figurativa de tal xeito que recrean un obxecto e mesmo unha idea, é dicir, establecendo unha relación simbólica entre forma e contido. *Do Courel a Compostela* comeza cunha especie de encrucillado no que se descubren dúas palabras: noso e nosa, que expresa a identificación do poeta co seu pobo e coa súa terra, pero tamén podemos encontrar outros exemplos:

ì n
 ond do da d a
como
como
d s
do as
obla
bl
debrocas para miña boca
pasas on ora por toda a miña pel

e
s
b
a
r
a
s

oc
roch
axustas coma un broche
roch
oc

Do Courel...

Unha forma de tratamento especial do significante é a caligrafía. No número 1 de *Cadernos da Gadaña*, editado en Madrid polo grupo Brais Pinto en 1979, aparecen versos de Uxío Novoneyra escritos a man. Este é un trazo que demostra unha inadaptación á tradicional impresión gráfica da obra literaria. Uxío quería explorar todas as posibilidades expresivas do significante e crear con el signos, silencios e berros. A letra impresa valeira o poema da personalidade do autor mentres que a caligrafía expresa a subxectividade do autor. A caligrafía é, en primeiro lugar, algo absolutamente persoal e mesmo definitorio do eu. En segundo lugar, ten un aspecto temporal do que carece a letra impresa. A caligrafía é o reflexo do eu, do seu carácter e do seu estado de ánimo en determinado momento. Por iso a letra caligrafada é case irrepetible, única, e polo tanto, cargada de valor expresivo e emocional. Os *Poemas Caligráficos* amosan trazos grosos que denotan enerxía ao tempo que a letra irregular e angulosa expresa forza e tensión. As ringleiras, tamén irregulares, chegan ás veces a entrelazarse, expresando desta forma unha desorde que se correspondía coa confusión vital na que estaba a vivir o poeta.

No poema *Vietnam Canto* encontramos un auténtico cúmulo de recursos visuais. Desta maneira, este poema conxuga dous elementos que moitas veces se consideraron incompatibles: a denuncia social e a experimentación formal. Novoneyra sabe darlle contido expresivo aos recursos formais que reforzan o ton de protesta do poema. As maiúsculas con que se inicia son un berro, unha chamada que se prolonga nun amplo eco representado pola repetición dos fonemas finais de cada verso. Ao tempo suxírese un espazo inmenso no que se propaga a voz do poeta así como o silencio con que é recibida a súa protesta. A seguir comeza a reiteración da palabra “mortos”, estes vanse amontoando, dando ao poema unha forma triangular. Logo os mortos convérsense en ceros, vanse volvendo nada ata ficar nunca inmensa lista a dúas columnas de mortos anónimos dos que só se destaca a súa condición anónima: mortos. A palabra paz repítese vintedúas veces en amalgama reiterativa: quere ser o berro do poeta ante a guerra de Vietnam.

Os recursos fónicos: o fonosimbolismo

Novoneyra non só coidará especialmente os silencios da súa poesía senón tamén os sons, pois será a través deles como tentará reproducir a voz da natureza. O silencio será un procedemento de expresión da emoción, tanto positiva como negativa que a natureza suscita no poeta. Esta necesidade expresiva orientará a poesía de Novoneyra cara a unha especial consideración do significante. Foran as correntes vangardistas, como xa dixemos, as primeiras en considerar que o significante era máis ca un mero soporte formal do significado e iniciaron a pes-

cuda de todas as súas posibilidades expresivas, dotándoo así dun contido intrínseco. Novoneyra afondará nas vías abertas polo vangardismo empregando de forma recorrente recursos como a onomatopea e a aliteración. Pero o seu achado máis importante foi conseguir reproducir non só os sons naturais senón tamén o espírito da natureza. Será mediante recorrencias fónicas como acade criar ambientes especialmente claros e optimistas e outros sombríos e trágicos. A forma fónica vai servir de elemento material no que queden expresados estados anímicos como o medo ou a ledicia. A base deste recurso, coñecido como fonosimbolismo, está na asociación de carácter irracional que establecemos entre un obxecto –e mesmo unha emoción– e unha imaxe acústica á que dotamos dun valor subxectivo.

En *Os eidos* a presenza de onomatopea é moi significativa. Xunto ao silencio da natureza, contrastando e cobrando senso, están unha serie de sons cos que a natureza tamén se manifesta. Novoneyra empregará palabras cun significante que na súa forma fónica imita sons reais da natureza. Así podemos encontrar diversas onomatopeas, como as referidas á auga. Neste caso as consoantes oclusivas imitan o bater da augas nas lousas e nos teitos nunca palabra como “zapi-car”. A forza da auga das fontes, logo do tempo de abondosas chuvias, aparece na palabra “ruxir”. Outras veces a auga caerá lenta; “pinga que pinga” ou “pingoada a pingoada”, reproducindo coa reiteración de oclusivas e nasais o son da auga ao caer.

As palabras que designan fenómenos atmosféricos son por veces tamén onomatopeicas. Noutros casos serán as desinencias verbais as que poden suxerirnos a forza dos elementos nunca noite de tormenta: “tronou”, “ventor”, “choveo”... A forza da chuva aparece tamén en expresións adverbiais: “choveu a cachón”, “choveu a golforón”... Serán frecuentes as onomatopeas relacionadas co vento. As vibrantes múltiples imitan os vento forte, as sibilantes evocan os asubíos do vento e a brisa. Atoparemos palabras foneticamente tan expresivas como “axubruar”, “zoar”, “vento á ruxidoira”. Pero a delicadeza da brisa tamén vai ser reproducida con vogais abertas:

“Vén dos castiñeiros
un vento pequeno
abalala...”

Complétanse as frecuentes onomatopeas da poesía de Novoneyra cos sons emitidos por animais: “laia o apertador”, “aturuxa a curuxa”, “rincha o cabalo rinchón”, “oula o lobo”, “peta o piquelo”, “os chíos dos paxariños”, “o cucar do cuco”...

Outro recurso formal empregado por Novoneyra é a aliteración. Na onomatopea imitábase un son da realidade con palabras xa existentes no código lingüís-

tico, podíamos falar tamén de palabras motivadas, pois o son real determinaba a forma fónica desa palabra. O concepto de aliteración é máis amplo, pois toda reiteración de sons no discurso é unha aliteración. A función da aliteración pode ser de natureza onomatopeica, por exemplo, a reiteración de sibilantes pode suxerir o murmurio que se percibe no silencio. Este fenómeno está moi presente, pois pode aparecer pola simple reiteración de plurais:

“Naz’ a auga suas abairas
entr’as penas sombrizas
roxe e baixa
de pincheira en pincheira(...)”

Outro exemplo significativo encontrámolo tamén en *Os Eidos*: a reiteración de oclusivas xordas e sonoras imita o picar dun paxaro, ao tempo que tamén suxire o pequeno do paxaro e a delgadeza e delicadeza das finas pólas do brelo:

“No bicarelo do bico do brelo
canta un paxariño
no mesmiño
bicarelo do bico do brelo”.

Outras aliteracións tentarán reproducir o rolar dos dados “dos dados donda da danza” ou mesmo o líquido esvarar da lingua: “longuísimo labiolingua lambe lúa”.

O fonosimbolismo, de referencia obrigada na poesía de Novoneyra, é tamén un caso de reiteración de fonemas, xa que logo, un caso de aliteración. Pero esta reiteración de fonemas non buscará a reprodución dun son real senón a suxestión dun estado anímico, dunha emoción. Novoneyra terá en conta o valor connotativo dos fonemas, mentres que a onomatopea ten en conta a relación entre a imaxe acústica e o referente real. Desta forma, as vogais posteriores ou velares e os seus ditongos suxiren escuridade e angustia. A súa recorrencia, unida a outros recursos como o emprego de determinados campos semánticos, recrean sensacións de dor e negrura. Polo contrario, as vogais abertas e os seus ditongos suxiren algo positivo, aberto e claro.

“CARQUEIXAS uces e penas! Camiños na serra aberta
Para lonxas terras de serras!”

As vogais abertas suxiren liberdade, amplos espazos abertos en oposición á opresión suxeridas por vogais pechadas. Tamén o movemento da auga ou da nebra ou do aire aparece relacionado con vogais abertas. As nebras e a auga son

dous elementos especialmente limpos e puros. A tersa é un elemento variable, pois amosarase as veces turbia e hostil e outras veces maina. Pero a maior parte das veces, e máis no caso das terras do Courel, amosarase ampla, clara, chea de luz, dando lugar a poemas de ton sosegado. Tamén dentro dun mesmo poema poderemos encontrar un contraste entre elementos positivos e negativos, unha especie de claroscuro. Porque a poesía de Novoneyra é unha poesía especialmente tensa e un reflexo desa tensión podemos encontralo no contrastes de vogais abertas e pechadas e as suxestións que estas suscitan.

As vogais pechadas aportan unha impresión de negrura e angustia. Son poemas nos que se fai referencia ao tempo de inverno ou outono que desta forma ultrapasan a mera referencia a un tempo atmosférico para suxerir un estado interno ou momento psicolóxico do poeta.

“OLLO o ceo mouro cun medo antergo (...)”

“OS soños negros i os xeitos broucos da noite un envoltiro polos carreiros do monte” (...)”

En poemas nos que hai reiteración de vogais pechadas atopamos, explícitas ou suxeridas, referencias ao medo e tamén á soidade. Son poemas nos que está presente o lobo, palabra foneticamente cargada de negrura. Tamén hai noutras ocasións referencias ao escuro e profundo, suxeríndose un espazo pechado e abafante que contrasta cos espazos amplos, libres e claros doutros poemas. O *i* tamén será claramente recorrente nalgúns poemas, ás veces asociado co fonema ñ. Relacionase esta vogal co pequeno e delicado pero tamén suxire o frío e mesmo o punzante. Aparece en palabras como fíus, frío, liño, camiño, fiar e calquera diminutivo ou apreciativo. Mediante a recorrencia de palabras con fonemas palatais créase un ton íntimo e coloquial cargado de notas afectivas. Así sucede nun poema de *Os Eidos* dedicado a unha fiandeira, ou neste poema onde caen finas folerpas:

“CAI a neve cai cai falopiña a falopiña
nin o vento a arremuíña nin a auga a desfai (...)”

Novoneyra e Díaz Castro

Armando Requeixo

A figura literaria de Uxío Novoneyra ten marcado un fito nas nosas letras do pasado século. Indubidablemente, a súa obra cóntase xa entre a dos clásicos modernos. Mais se isto é agora un sentir unánime e ben está que sexa decote recoñecido, moito máis mérito tiveron aqueles que no seu día saudaron e aplaudiron a aquel rapaz courelao que por volta de mediados dos cincuenta comezou a dar os seus primeiros pasos poéticos en galego.

As liñas que seguen deben entenderse como unha aproximación inicial ao estado da recepción que mereceu a poesía do de Parada entre os seus colegas, neste caso concretada na persoa do poeta guitiricense Xosé María Díaz Castro. Tal interese servirá, a maiores, para sobrevoar a historia dunha relación baseada no mutuo recoñecemento creativo e o sincero afecto persoal.

Madrid, 1949

Novoneyra e Díaz Castro coñecéronse en Madrid en 1949. O do Courel asistía como espectador a un recital poético organizado por Ben-Cho-Shey no Centro Galego e o de Guitiriz participaba nel como recitador. Sei da circunstancia por ter confirmado tal extremo Manuel María, íntimo amigo de ambos. Este último confesoume tamén (en conversa que mantivemos o 13/7/2004) que dende o primeiro momento se creou entre eles un clima de grande complicidade e entendemento, ata o punto de que Novoneyra (que quedara moi impresionado polo labor autorial de Díaz Castro, principalmente nesta altura pola súa faceta de tradutor) llo daría a coñecer falándolle del nos días en que compartían servizo militar en 1952 (como tamén testemuña A. Blanco Torrado na monografía *A ascensión dun poeta*. Xosé María Díaz Castro, Lugo, El Progreso/Fundación Caixa Galicia, 1995, p. 51).

Doutra banda, se ben é certo que deste primeiro encontro entre os poetas xermolou unha amizade que duraría toda a vida, tamén o é que o breve desta primeira estancia madrileña de Novoneyra (que permaneceu na cidade de 1949 e

1951) non deu lugar a que se intensificase o trato e, cando xa pasaran uns anos e o courelao volvera á capital en 1962, os círculos intelectuais e poéticos nos que este se movería -velaí o grupo dos Brais Pinto, poño por caso- resultaron moi afastados das inclinacións e preferencias do seu amigo. Secasí, aínda neste tempo levaron un conta do traballo lírico do outro, seguíndose no publicado en prensa e revistas e, como se verá a seguir, dándose a ler as súas respectivas creacións.

O Courel, 1952-1954

Hoxe sabemos que dende a súa volta a terras galegas en 1952 e ao longo de dous anos Novoneyra escribiu o feixe primeiro dos textos que logo incluíu no poemario *Os eidos*. Con anterioridade a esta data a súa lingua de creación fora a castelá, idioma no que chegou a publicar composicións en revistas (como a universitaria *Bengala*, onde apareceron en 1951 poemas pertencentes ao volume inédito “*Desde las cosas*”, tal como informa Olga Novo en *Uxío Novoneyra. Lingua Loaira*, Lugo, El Progreso/Fundación Caixa Galicia, 2004, p. 33, ou na cordobesa *Cántico*) e mesmo deixou libros escritos que nunca deu ao prelo (así o titulado *Abrojos*, parcialmente exhumado por Xesús Alonso Montero en “*Abrojos (1948)*, primeiro poemario –inédito– de Novoneyra”, *Madrygal*, 5, 2002, pp. 9-21, ou “*Poemas de Dios*” e “*Courel*”, dos que recuperou no seu día algúns textos Luz Pozo Garza en *Clave Orión*, 7/8, 2000/2001, pp. 175-193).

Era deste quefacer poético castelán do que fora tendo noticia Díaz Castro entre fins dos corenta e primeiros cincuenta. Poemas, todo hai que dicilo, aínda ben perfilables e que non alcanzan a madurez observable no telúrico *Os eidos*. Xustamente por iso a sorpresa pola aparición deste libro foi, se cabe, aínda maior no de Guitiriz, que así llo confesaba epistolarmente a Novoneyra ao tempo que o felicitaba pola aparición da obra, da que tracexaba, amais, unha sintética pero moi atinada radiografía. Velaí as súas palabras, que reproduzo dunha carta inédita escrita na segunda metade de 1955 xenerosamente cedida polo tamén grande amigo deles Francisco Fernández del Riego:

[1955]

Sr. D. Eugenio Novoneyra
Caurel

Amigo Novoneyra:

Te escribo estas líneas precipitadas casi sólo para acusar recibo de tu reciente libro y agradecerte de verdad la atención de su dedicatoria. Y debo –debemos

los gallegos— agradecerte también el simple hecho de la aparición de un libro como éste.

¡Magnífico! Un libro desnudo, cristalino, original. Es un libro cimero, que francamente hunde en la sombra a tantos libros de versos gallegos aparecidos en los últimos años. Nos da la elocuencia de las cosas nombradas simplemente, en un lenguaje que es pura alusión. Yo hubiera querido disponer del tiempo y la calma suficiente para hacer un breve comentario sobre Os eidos; pero me sería imposible antes de Navidad, por lo menos, por el agobio que me impone mi compromiso con una editorial madrileña. Hoy sólo me queda aprovechar estos rápidos minutos para felicitarte con una ancha enhorabuena.

Os eidos fue para mi un fenómeno inesperado. Después de haber leído en Madrid algunos de tus poemas castellanos, me sorprendió francamente tu cambio de idioma, de temática y hasta —casi— de enfoque mental de la realidad. Porque Os eidos —sorpresa de la especie que a mi me gusta— constituye, a mi juicio, un espléndido preludio: el primer escalón afortunado de una carrera que está comenzando. En efecto: he leído varias veces este libro, naturalmente, y la primera impresión que me ha producido su lectura es ésta: que Os eidos es, además de honda poesía, la revelación de una inteligencia dotada de capacidad creado-

89/35 SrD. Eugenio Novoneyra CAUREL. } ca. 1955 } 19

Amigo Novoneyra:
Te escribo estas líneas precipitadas casi sólo para acusar recibo de tu reciente libro y agradecerte de verdad la atención de su dedicatoria. Y debo --debemos los gallegos-- agradecerte también el simple hecho de la aparición de un libro como éste.
¡Magnífico! Un libro desnudo, cristalino, original. Es un libro cimero, que francamente hunde en la sombra a tantos libros de versos gallegos aparecidos en los últimos años. Nos da la elocuencia de las cosas nombradas simplemente, en un lenguaje que es pura alusión. Yo hubiera querido disponer del tiempo y la calma suficiente para hacer un breve comentario sobre OS EIDOS; pero me sería imposible antes de Navidad, por lo menos, por el agobio que me impone mi compromiso con una editorial madrileña. Hoy sólo me queda aprovechar estos rápidos minutos para felicitarte con una ancha enhorabuena.
OS EIDOS fue para mi un fenómeno inesperado. Después de haber leído en Madrid algunos de tus poemas castellanos, me sorprendió francamente tu cambio de idioma, de temática y hasta —casi— de enfoque mental de la realidad. Porque OS EIDOS --sorpresa de la especie que a mi me gusta-- constituye, a mi juicio, un espléndido preludio: el primer escalón afortunado de una carrera que está comenzando. En efecto: he leído varias veces este libro, naturalmente, y la primera impresión que me ha producido su lectura es ésta: que OS EIDOS es, además de honda poesía, la revelación de una inteligencia dotada de capacidad creadora, de originalidad instintiva y de instintivo horror a la vulgaridad. Esto, entre las tapas de un primer libro, casi lo significa todo.
Tras el primer paso, tienen ya un nombre.
Desde la montaña, desde la costa o desde la ciudad, debes seguir escribiendo.
Repitiéndote la mas calurosa enhorabuena, te envía un cordial saludo
J. Diaz Castro.

ra, de originalidad instintiva y de instintivo horror a la vulgaridad. Esto, entre las tapas de un primer libro, casi lo significa todo.

Tras el primer paso, tienen ya un nombre.

Desde la montaña, desde la costa o desde la ciudad, debes seguir escribiendo. Repitiéndote la más calurosa enhorabuena, te envía un cordial saludo

J. Díaz Castro

Mágoa que Díaz Castro non se animase a poñer por escrito en letra pública as súas impresións de lectura dun xeito máis detallado, pois, como el mesmo confesa, as intensas xeirias de traballo para a Editorial Aguilar (onde apareceron traducións súas en 1956 das *Obras escogidas de Johannes Vilhelm Jensen* e tamén das *Obras escogidas de Carl Gustaf Verner von Heidenstam* e, en 1957, das igualmente tituladas *Obras escogidas de Henrik Pontoppidan*) e o seu traballo diúrno como funcionario tradutor no Instituto de Cultura Hispánica dende 1952 afogaron calquera posibilidade de arrincar tempo para tan precioso labor.

Ora ben, as palabras da carta certifican tanto a aprecio por parte de Díaz Castro pola poesía de Novoneyra como a estima que o xuízo daquel amigo lle merecía a este, razón que explica que lle mandase dedicado o seu primeiro libro cando, amais, tal envío lle fora tamén recomendado por Ramón Piñeiro ao courelao coa intención de que o guitiricense se animase, por fin, a escribir un volume de versos para Galaxia, o futuro *Nimbos* (cfr. para isto a carta datada o 9/10/1956 que Piñeiro escribe a Del Riego e que figura reproducida en F. Fernández del Riego, *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, Vigo, Galaxia, 2000, p. 112). Unha estimanza esta, de por parte, que movería á reciprocidade.

Madrid, 1961

Positivamente aguilloado por Piñeiro e Fernández del Riego e estimulado polo meco co que as xentes de Galaxia recibiron os versos do poemario *Os eidos*, Díaz Castro crea, revisa, traduce e reescribe materiais líricos dende xullo de 1955 ata setembro de 1960, momento en que envía a Del Riego o mecanoscrito orixinal de *Nimbos* e que, logo das pertinentes relecturas e correccións, acaba vendo a luz en xullo de 1961.

Pois ben, aínda non saíra do prelo a obra e xa o poeta comunicara por carta ao de Lourenzá a súa intención de enviarlle, dedicado, un exemplar do texto a Novoneyra (así o manifesta nunha misiva inédita do 28/6/61). É máis, aparecido o libro e recibidos os primeiros exemplares en Madrid, Díaz Castro volve insistirle a Del Riego na necesidade de ter copias suficientes del para enviárllelo a

algúns amigos en xusta reciprocidade por dedicatorias anteriores que recibira, entre eles, xaora, Novoneyra (en carta tamén inédita do 19/7/61).

Tal insistencia pon del relevo, máis unha vez, a consideración mutua coa que se manexaban e explica o feito de que, unha vez recibido polo courelao, este memorizase poemas enteiros do libro que logo repentizaría en recitados entre amigos (así mo noticiou Manuel María na conversa arriba amentada).

Co pasar do tempo esta admiración cruzada non faría senón afirmarse. Non é de estrañar, xa que logo, que cando Xosé Luís Méndez Ferrín escribiu a Díaz Castro (en carta inédita sen datar, pero correspondente a 1969) solicitándolle que respondese un cuestionario biobibliográfico co que poder redactar as páxinas da, daquela, súa tese de doutoramento (xermolo do que despois sería o *De Pondal a Novoneyra*), á pregunta de qué poetas galegos coetáneos espertaban maior interese para o de Guitiriz este sinalase, en primeiro lugar, a Novoneyra, e isto nunha longa lista de ata vinte nomes nos que tamén salientou, entre outros, a Cunqueiro, Celso Emilio, Carballo Calero, Cuña Novás, Manuel María ou Bouza-Brey.

Do mesmo xeito —e seguindo as informacións dadas por Blanco Torrado na súa monografía (p. 51)—, parece que cando Miguel González Garcés publicou en 1976 a antoloxía *Poesía gallega de Posguerra* (1939-1975) en Ediciós do Castro foi Novoneyra quen se encargou da selección dos textos cos que o de Guitiriz participou na mesma. Atención que se fixo novamente patente cando, xa en 1987, o autor de *Do Courel a Compostela* incluíu un sentido poema lembrando o seu vello amigo no volume colectivo *Homenaxe a Xosé M^a Díaz Castro*, editado en Guitiriz pola Asociación Cultural Xermolos.

Mais tarde, e poucos meses antes do pasamento do dos Vilares, Novoneyra participou como conferenciante e recitador de diversos poemas de *Nimbos* na presentación que en Guitiriz se fixo do volume colectivo en homenaxe e mais do vídeo sobre a súa traxectoria titulado *Xosé María Díaz Castro. Nimbos de poesía*, que fora producido por Ophiusa e dirixido por Xulio Xiz.

Coda. Guitiriz 1990 e alén

O derradeiro testemuño da amizade que a ambos uniu produciuse, consecuentemente, na hora da morte do guitiricense. O dous de outubro de 1990 falecía no Hospital de Lugo Díaz Castro. Cando ás cinco da tarde do día seguinte os seus restos mortais foron trasladados ao cemiterio de San Xoán de Lagostelle en Guitiriz, os encargados de portar o féretro foron os que en vida el quixo como íntimos: Manuel María, Darío Xohán Cabana, Luís González Tosar, Paco Martín, Xulio Xiz e, como non podía ser doutra maneira, Uxío Novoneyra.

Un adeus ao amigo que deixou para sempre tras de si a entrega e admiración de colega poeta. Por iso, cando pouco antes de nos abandonar tamén o do Cou-

rel Emilio Araújo lle preguntou pola situación da poesía galega recente (cfr. Uxío Novoneyra. *Dos sonhos teimosos*, Santiago, Noitarenga, 1998, p. 95), o escritor non dubidou en recoñecer, outravolta, que sempre dedicara “unha atención especial para Díaz Castro”.

Fíos de poesía e amizade nimbando polos eidos dunha Penélope a camiñar por terras libradas...

Na rebolegando de comezo sempre enunciación de Uxío Novoneyra

Emilio Arauxo

TERRA. “O que eu fago, poesía da Terra. Paisaxe, os que conviven coa terra chámanlle terra. A paisaxe é mentirosa, sobes ó serán e hai un ton de unidade do mundo. Impresión de unidade, homoxeneidade, unidade gris. ... mentira. Hai unha mentira da paisaxe. Eu é unha cousa directa da terra. Longa convivencia, contacto por convivencia longa” (13.12.1985).

VIETNAM CANTO. “Na “Letanía de Galicia” e no “Vietnam canto” influíume o jazz. Insistencia e repetición do jazz. “Vietnam canto”, veño á composición, poema visual, e oral. Parece o texto dunha computadora. Pero é coherente. Baixan os versos e parecen edificios de Brasilia”. “Na poesía galega revolucionou “Vietnam canto” a distribución do poema na páxina” “No fondo sería o texto dun teatro galego vivo se existira” (13.12.1985).

SILENCIO. “...na páxina en branco o que quedaba colgando, case nos meus poemas sempre queda colgando o silencio. Queda o silencio sempre actuante, e está actuante coa páxina, moitas veces actúa tamén co branco da páxina. Pero case sempre os poemas quedan colgados ó final, queda o silencio...” (13.12.1985).

NATUREZA. “...eu como nacín entre unha natureza inda moi dotada, o que fixo simplemente foi collerme, valéndose, xogando oportunamente, porque eu estaba enfermo, non podía desprazarme moito, entón a natureza botoume a mao; eu non lle botei mao á natureza, a natureza botoume a mao dado que eu tiña que levar unha vida relativamente pousada, se non incluso co meu tono de vitalidade eu non houbera escrito *Os Eidos*; é dicir, a natureza non houbera tido tempo de botarme a mao. Ben, é unha observación, pero quizabes foi así, é dicir, quizabes foi así. Pero unha vez que me botou, o que quero dicir, unha vez que me botou mao, recoñecín, recoñecín que era un dos estados,

estadios máis perfectos, a relación con ela que pode ter o home sobre a terra, e máis plenos” (Verán do 1990).

CORRENTES. “Na miña poesía hai moitas correntes, é dicir na miña poesía están *Os eidos*, están as *Elexías*, está despois a poesía política de vangarda, ten moitas cousas” (Verán do 1990).

GADAÑO CADA VRAO. “Este poema recordo que o escribín o último ano que fun gadañar os prados, cando tiña 50 anos, en 1980. Escribino o primeiro día da última gadaña, porque se fose o segundo xa estaría tan cansado, que non escribiría este poema nin outro” (13.05.1992).

POESÍA. “Pra min a poesía é unha forma de entusiasmo, unha forma de responsabilidade, é un manterse na busca, ter un alto concepto da dignidade do home, exercelo, exercelo, non mentir, pero facer que o home manteña a bandeira da súa dignidade e do seu entusiasmo, e da súa capacidade liberadora e solidaria. E de percibir toda cousa, toda cousa que te rodea, en toda a súa plenitude. E que quede perenne a graza da súa simple plenitude... Descubrir o mundo é a poesía, descubrir ese mundo é a poesía, e é algo co que se lle pode axudar ós demais, pra que non crean que, que vivir é calquera cousa, vivir é unha aventura extraordinaria, e hai que estar á altura dela” (13.05.1992)

Irei UN DIA. “Irei un día, do Courel a Compostela, por terras libradas? Isto era no 1957. Veño eu a Compostela. Irei un día do Courel... E fíxate, aínda non estaba nada consolidado o abalar do nacionalismo da posguerra... Irei un día... E esta cousa, di, esta seguridade: a forza do noso amor... Pero non o digo con xactancia de seguridade. E que a forza do noso amor non pode ser inutle! ... posible que sexa inutle, é dicir, a forza, pero ó mesmo tempo está, neste verso xa está previsto, xa está previsto o que incluso na, na saída da posguerra non se vai solucionar o problema. Está previsto por outra parte: pode ser inutle. E un está rebelándose contra ese “pode ser inutle”. Non pode ser inutle! Pero está pesando inda máis na conciencia a posibilidade da inutilidade. A forza do amor. A forza do noso amor, do noso amor á Terra, do amor ó Pobo, do amor ó propio pobo, do amor á Lingua, de todo o que configura a propia nación” (23.06.1992)

CURSO XORDO. “Caír no curso xordo, na cotidianeidade, na cotidianeidade sen releve, sen saltos, na cotidianeidade rasa. E caer no curso xordo, que tampouco ha seguir sempre, tampouco esta cotidianeidade ha seguir sempre, pois eu sei, que esta dor é por algo que un non tiña sen fundanza” (23.06.1992).

ELEXÍAS. “Elexías, non escribas nada ó que non te vexas convocado pola forza da vivencia. Nada que podas calar. Escribo en estado límite” (07.10.1992)

GUINDO A ALMOFADA. “GUINDO a almofada / i axusto o nome da patria pra recompor un soño. Estaba desvelado, cabreado co comportamento de Galicia, guindo a almofada, zas!” (07.10.1992).

DOADA CERTEZA. “Fácil certeza, a facilidade do corazón para irse cara ó ensoño” (13.01.93)

LETANÍA DE GALICIA. “Letanía porque ten unha forma de letanía. Non ten ironía. Porque se parece a unha letanía e incluso é coral, máis ou menos coma unha letanía e ó mesmo tempo ten, ten algo da cousa profética tamén dos profetas, ti imaxínate como os profetas de Israel cando estaban fóra, lle falarían ó seu pobo para animalo; é dicir, en estado de gra menesterosidade. Por eso a letanía sobrecolle. ...a Letanía apareceu cando, no punto máis alto é onde se inicia o declive, pero é no punto máis alto da esperanza da Revolución mundial. En agosto do 68, xa pasara o Maio francés. ...sobrecolle case o seu carácter case, ten un *pathos* relixioso inda sobre un concepto moi, moi realista, moi realista, pero cun *pathos* relixioso, ten un *pathos* relixioso. ...de repente a Galicia obreira chegou a ter xa unha dignidade na mente popular, coma a Galicia labrega e mariñeira. Isto incluso no século XIX nunca dirían “Galicia obreira”. Xa é unha Galicia real, que está aí. E aquí di: Galicia irmandiña. Como a Galicia revolucionaria fora a irmandiña, di: Galicia, con arrestos aínda, GALICIA viva aínda, con arrestos aínda para revolverse na historia. “dicir Galicia irmandiña é coma dicir: Galicia revolucionaria” (13.01.93)

RETRATO DE NOVONEYRA POR LAXEIRO. “Parece que ten toda a tristeza de posguerra. Séntate aí, díxome, e tardou hora e media en facelo. A forza do cadro é a tristeza” (17.08.1993).

ESTRELAMPADA. “... por exemplo se agora estaba escuro, para chover, estivera chovendo moi escuro, estivera o ceo moi escuro, ó volver aparecer o sol, estrelampou, é dicir, abríronse, quizais está referido ás estrelas, abríronse grandes lampos de estrelas. inda que se utiliza pro sol tamén. Igual que se utiliza a palabra, non sei quen mo dixo, a palabra loaira, que é a claridade errante, é tamén un lampo errante de lúa. Lampo, un sitio aberto. Loaira, é unha luaira, luaira, é moi probable que efectivamente veña da lúa, inda que dis: unha loaira de sol” (17.08.1993).

RAGOADA. “A ragoada é a grande fogueirada. Ragoada, unha ragoada de lume” (17.08.1993).

TROUSOS. “As pilas de neve que quedan incluso cando pasa a neve dos sitios, quedan, onde apilou o vento” (17.08.1993).

A DEVESA DA ROGUEIRA. “A Rogueira é coma unha cuncha de Santiago que está mirando ó norte”. “A Devesa da Rogueira é máis un milagre do olfacto ca un milagre da mirada” (18.08.1993).

NON QUEDARÁ FUMENCIA. “Non quedará fumencia. ... unha expresión do Courel. Non quedará fumencia, non quedará rastro de nada. Nin rastro do fumo da consunción da cousa” (13.02.1997).

DO COUREL A COMPOSTELA. “Eso está provocado por unha maior esperanza. Había a esperanza revolucionaria” (03. 03.1997).

SOÑOS TEIMOSOS. “Os soños teimosos son a base do proceso revolucionario e a idea de que o proceso humano non está acabado, non está rematado” (03.08.1997).

HAIKU. “Haiku: a pureza perceptiva do pobo” (03.08.1997).

CLARO COMA O OLLO DO GALO. “Iamos os dous [Uxío e o seu pai] coa gadaña, aínda tardaría dúas horas en saír o sol. ‘Está o ceo limpo coma o ollo do galo’” (03.08.1997).

UXÍO. “Púxome o nome de “Uxío” Ánxel Fole”.

ANXEL FOLE. “Grafía de trizas e mirfas, a grafía de Fole sae da guerra así, ilexible” (03.08.1997).

APROVECER. “Aprovecer: non aparecer nunca” (03.08.1997).

BRAIS PINTO. “Brais Pinto é o que mete a literatura galega no marxismo. Eu chego a Brais Pinto nas postrimerías” (03.08.1997).

RAFAEL ALBERTI. “Díxome Alberti: ‘Creo que Ulises sería parecido a ti’” (03.08.1997).

PROFETA DANIEL. Cando morreu o pintor Carlos Maside, Uxío Novoneyra acudiu ó Pórtico da Gloria encontrarse co sorriso de Daniel. Coma se non puidese atopar a ninguén en Compostela (03.08.1997).

IMAXE. “Eu a imaxe non a trato como pura imaxe, todo texto é imaxe, a imaxe non está confinada, todo texto é imaxe” (28.09.1997).

ROSALÍA DE CASTRO. “Rosalía afronta case todos os problemas do ser humano, e pasa por todas as situacións da vida humana, e ten a mesma intensidade de voz, para todos. Hai poetas que a teñen só pra a paisaxe, outros pra o social... Rosalía parece vinte poetas, iso só nun libro” (03.10.1997).

DESTOTALIZACIÓN. Cando era novo escribiu tres libros en castelán. O primeiro cando tería dezanove anos. Titulábase *Rojo*. Escollera a palabra *rojo* porque “era unha cor que pulaba cara ó novo”. Lembraba daquel libro un verso que dicía así: “Yo casi soy algunas veces”. En contraste co dito bíblico: “Yo soy el que soy”. “Quitáballe totalidade, destotalizaba o “Yo soy el que soy”. Ós vinte anos escribiu outro poemario: *Desde las cosas*. Tanto *Rojo* como *Desde las cosas* “roldaban coa forma da prosa, era poesía filosófica, propensión cara ó pensamento”. Nesa época lía a Sartre, “o Sartre narrador”, e “os da xeración do 27”. O terceiro libro era *Courel*, escrito cando tiña vinteun ou vintedous anos. “Temática courelá”. “Pero era o Courel aínda como xogo”. Non acadaba aínda a intensidade de *Os Eidos*. “E despois xa pasei a escribir en galego” (20.11.1997).

DEREITOS DE AUTOR. “Eu cos dereitos de autor viviría só un día ó mes” (21.12.1997).

BLOQUES DE MEMORIA. “Bloques de memoria que non son hábito: contar minuciosamente a túa casa, un non foi a eles, e veñen como bloques enteiros, non pulidos. Zonas de memoria que en certas culturas non son visitadas, porque teñen que ver co obvio... Zonas protexidas polo obvio, a xente non as tocou, zonas brutas, no senso de non tocadas. Bloques de memoria case crus. Zonas marxinadas na propia cultura. Estes bloques de memoria non están luídos, pulidos, pero non por iso son mellores nin peores” (07.01.1998).

AGONÍA RURAL. “A xente aceptou a agonía rural. E o goberno aceptou a agonía do rural dicindo que é inevitable. Acéptana cunha tranquilidade pavorosa, sen saber que se vai o sentido fundamental do noso pobo: eí estaba a reser-

va última da nosa lingua. Vivín moito o período agónico do rural no Courel” (15.01.1998).

CAMPA DE LUCENZA. “QUERO ser como era / na Campa de Lucenza” “Para min significaba moito entón cando o escribín. Sentir o silencio e ser plenamente par el. ... o cumio do estado dos Eidos” (29.01.1998). “Tamén da Campa de Lucenza me contou un velliño, o tío Xoán, baixaba co gando da Lucenza, baixaba polas Corgas, e ía polo camiño e nesto asomouse e viu once lobos xuntos, e el seguiu baixando, xa coa nebra baixándose. Cando morreu o tío Xoán chorei, ós catorce anos, foi a primeira vez que chorei despois da infancia” (07.04.1998). “A Campa de Lucenza. Meteron unha pista. Eles non saben o que é unha campa sagrada. Herba durísima e entrelazada. E poderás comer algúns arandos. Tumbado e coas mans comendo arandos. O Alto do Boi polo Pía Páxaro á Lucenza. Despois cando estás na Pena das Augas, poste mirando pro norte, saes polo camiño que colle pola esquerda, que era o camiño de Parada, e segues andando por ese camiño quilómetro e medio, e pasa por unha ou dúas fontes, e de repente deixas de ver a vastidade da Rogueira, e ves o poñente, a inmensidade do ucedo, ó saíres da Rogueira vese unha caseta..., saes polo brazo esquerdo, e oíndo ruxir as augas que baixan, son catro ou cinco fontes que soan, e despois xa deixas de oír o son, e hai un momento en que saes do arco da Rogueira, que é coma unha cuncha de Santiago, e ó pasar pro outro lado só ves o ucedo, e sube un camiño de Parada, que era o camiño do Courel a Valdeorras, e ó quilómetro de subir xa estás no alto da Luzenza, e despois vas do Courel do Lor e métes-te na banda do Selmo, e poderás ver as Medulas, unhas montañas roxas, acórdome que as vin de neno. Na campa ves un mundo novo cara ó nacente” (01.07.1998).

OS EIDOS. “Os Eidos son un encontro prolongado. Un encontro coa Terra. O raro é que un permaneza nese encontro moitos anos, e non estar idiotizado, e ser crítico. Eu estaba ensoñado. Era un estado e encontro e soño. A terra está encontrada e soñada. Encontro da presenza. A lingua sabíao, o que eu vía na terra xa o sabía a lingua” (29.01.1998).

MULLER PRA LONXE. “Elva, despois foi a muller pra cerca” (07.05.1998).

RELIXIÓN. “Foi a miña conquista dos 16, 17 ou 18 anos, foi a miña conquista, eu libérome da fe” (30.01.1998). “Eu sinto moito a fe dos outros aínda que eu non creo. A fe dos outros bandéame o corazón. Polo desamparo que significa. Tamén puxen no libro [Arrodeos e desvíos...] a lenda de San Romao, que é o

santo da miña aldea. A fe dos outros bandéame o corazón, conmóveme en grado sumo” (25.09.1999).

POEMAS CALIGRÁFICOS. “Patiño ía facer un número dedicado á caligrafía en todo o mundo: caligrafía chinesa, gaélica, árabe, etc. Estaba fascinado coa miña grafía, por iso ma pide, pra participar, a miña parte ía ser unha das partes. Pero recibe os poemas e fíxome un libro do que eu lle mandara de colaboración pra unha revista. E el mesmo puxo o título de Poemas caligráficos” (25.02.1998).

MARÍA MARIÑO. “Palabras-paquete de Joyce, sen coñecelo, averiguouno”. “Non sei se o meu de ti alento é alento ou bruma”. “Ese “se o meu de ti””. “Non sei se vou ou espero cando”. “Un “cando” a final de frase”. “María Mariño faille pegar ás palabras pinchacarneiras. Eu transmitinlles a paixón de María Mariño a Reimundo Patiño e Ferrín. María Mariño ten longas zonas arcaicas, pero é o arcaico que segue vivo” (25.02.1998). “De moito tempero, unha muller plena, e nerviosa, pero a xente queríalle. Non era plácida. Ten o ton de alma máis tremendo da nosa literatura. Pero non engaiola ós modernos pola temática popular. Chégache por un sitio por onde non che chegaron nunca. Non sabes por onde che chega” (04.03.1998).

OS EIDOS. “O Cancioneiro da poesía céltica de Julius Pokorny influíu bastante en *Os Eidos*, saíra no 1950. Crúzase a influencia de Machado con ese libro. O Machado das *Canciones* e de *Campos de Castilla*. A miña postura..., eu vexo máis na terra, Machado ve máis historia inmediata, e eu historia antiga. Machado é máis histórico e fabulador. Eu denudo algo máis a Terra. En min inflúe a poesía irlandesa, e a oriental, e a cantiga popular galega. No adelgazamento” (12.03.1998).

CANTO. “O canto, o que ten de engaiolador, de celebrante; o que debía ser, noteino en Píndaro, o que debía ser impresionante debían ser as festas gregas. En Grecia só o canto outorgaba eternidade. Non me decatei ata ler as Pindáricas. O canto outorgáballe dignidade ós seres. As festas gregas debían ser unhas festas redondas. ... o canto celebrante en Píndaro. Outorga honor e outorga peso. Nunca crin que fose posible iso, que o canto tivese unha función social tan poderosa. Foi unha era do canto, do canto actuante e mobilizador” (03.04.1998).

TROBADORES. “Convivín moi longo cos trovadores e téñoos moi asumidos”. “Nos trovadores hai unha presenza da paisaxe exterior e ó mesmo tempo é moi interior” (01.08.1998).

ELEXÍA. “Este feito de que xa non morren individuos, senón que morren casas, aldeas, formas de vida”. “E os labregos son conscientes deso. Eso chega para tinguir a Galicia por moito tempo de elexía, vai quedar Galicia moi tinguída de elexía”(01.11.1998).

ARRODEOS E DESVÍOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO E OUTRAS ROTAS.

“... unha derivación do camiño de Santiago. Vai polo Sil, e polo Faro, por Lalín, ata Compostela. Polo Pico Sacro, todo liso de neve, toda unha lisura de neve. E non se ve nada, vense só as ondulacións da paisaxe” (01.12.1998).

“De peregrinación clásica non ten nada. ... un devalar tolo, en círculo, do Courel ó Cebreiro, e volver, dando voltas sen parar” (04.12.1998).

POEMA. “Un é sempre servidor do poema. Queda encadeado ó poema. E é responsable del de por vida” (01.06. 1999)

RAP. “O rap dálle, devólvelle o señorío á palabra. Ten o ritmo do latexo do corazón” (06.06.1999).

CINE. “O cine cóllete por todos os lados, coa imaxe, etc., o cine pode transformar as conciencias. Unha película pode cambiarche o concepto da vida” (06.06.1999).

O MOUCHO DA ALAMEDA / LUGO. “Ese poema xa o escribín ós 27 anos. Hai 42 anos. A ese moucho escoitámolo entre Fole, Pimentel e xa non me acordo quen máis. Aí ás sete da tarde, ó escurecer empezaba a cantar. E parou de cantar o 15 de maio do 1957” (29.09.1999).

Algunhas reflexións sobre a figura e a obra de Uxío Novoneyra

Emilio Xosé Ínsua

Evocando a primeira visión do poeta

A primeira vez que vimos en persoa a Uxío Novoneyra (Parada de Moreda-O Courel, 1930- Santiago, 1999) foi durante unha manifestación en Compostela, nos prolegómenos do referendo sobre a entrada na OTAN. Unha cadea humana que partira simultaneamente desde os campus norte e sur desembocou no Obradoiro e alí formou sucesivamente dous lemas: OTAN NON e VOTA NON. Lembro que nos tocou facer parte, precisamente, do N de OTAN, que foi o que houbo de se desprazar nun momento dado para formar o V de VOTA... Realmente, unha escenografía orixinal e emocionante para quen participabamos pola primeira vez, estudantes universitarios acabados de estrear, nunha mobilización masiva desas características, que daquela até nos fixera soñar e todo coa derrota do militarismo nas urnas... En fin, de cantas decepcións están feitas a Esperanza e a Utopía!

Daquel día gardamos con nitidez a imaxe de Uxío dentro do vehículo da megafonía, dando lectura, coa súa mestría rapsódica verdadeiramente proverbial, a un poema propio e dirixindo, ademais, o simulacro de morte masiva por bombardeo que se levou a cabo... Desa maneira, descubrimos que aquel poeta que acababamos de estudar no C.O.U. acabado de superar como exemplo de autor telúrico e paisaxista, unha miga distante dos gustos celsoemilioferreirianos e pablonerudianos que daquela nos enchoupaban, era tamén poeta “comprometido” e andaba na mesma danza dos que, daquela, estreabamos consciencia e mobilización...

Unha canonización precoz

Sempre nos chamou a atención a precocidade, absolutamente inusual nas nosas letras, con que a obra do poeta Novoneyra foi obxecto de canonización literaria. O seu libro *Os Eidos*, a penas aparecido (Ed. Galaxia, 1955), pasou a facer parte inmediatamente das referencias inescusábeis ao falar do panorama da poesía

galega de posguerra e resulta hoxe un fito difícil de obviar. Tanto, que mesmo hai quen considera que toda a obra posterior do Uxío é un longo e demorado “ritornelo” sobre as liñas mestras dese poemario.

A súa estética de paisaxismo existencialista e telúrico, “metapaisaxismo” ou “poesía da Terra”, guiada pola fórmula de “máximo de expresividade celebratoria cun mínimo de substancia léxica” (Xulio Calviño *dixit*) fixouse no canon poético galego como a proposta dun auténtico clásico vivo (téñase presente que o poeta contaba só vintecinco anos cando editou esta súa primeira obra), co Cau-rel de toponimia e fala dialectal enlevadoras como ámbito case mítico, que se proxectou na consciencia das minorías lectoras como auténtica metonimia da Galiza ancestral toda.

Mostrativo do fenómeno canonizante anotado é o feito de que poemas de Uxío aparezan en toda canta antoloxía de poesía galega se edita desde entón até hoxe, sexa no país, sexa noutros ámbitos. Así, por non falarmos máis que das publicadas antes de 1985, na *Antología de la poesía gallega contemporánea* preparada por Ramón González Alegre en 1958 para a colección “Adonais” das Ediciones Rialp; no volume *Os cen mellores poemas da lingua galega*, de Alonso Montero, que ve lume en 1970 da man da Editorial Celta luguesa; na colectánea *De foice erguida. Poesía galega de combate*, editada en 1978 por Viale Moutinho na casa editora Centelha, de Coímbra; na *Antoloxía de ‘Nordés’* confeccionada por Tomás Barros en 1978; na *Antoloxía de poesía galega. Do posmodernismo aos novos* (1980) preparada por Fernández del Riego para a Editorial Galaxia; na *Antología de la poesía gallega contemporánea* (1984) que César A. Molina elaborou para a colección “Los poetas” das Ediciones Júcar; etc., etc.

Non por acaso o apelido do noso autor foi empregado como termo *ad quem* por Ferrín nesa referencia inescusábel da investigación sobre a poesía galega contemporánea que constitúe o libro *De Pondal a Novoneira...* E matínesse, en fin, no positivo e xeneroso tratamento que recibiu, en liñas xerais, a obra do courelao en manuais e libros de texto comparado co outorgado a figuras poéticas coetáneas de valía non menor, como Bernardino Graña, Avilés de Taramancos ou Manuel María, amiúde ignoradas ou minusvalorizadas cando se trataba de expoñer os nomes e as obras centrais do noso discorrer poético.

En realidade, non só a poesía do courelao experimentou unha acollida entusiasta. Tamén o propio autor como rapsoda e recitador colleitou aplauso e comentario louvatorio a partir do mítico recital de poetas trobadorescos celebrado no Pazo de Bendaña compostelán en 1957, rompedor da diglosia por canto o Uxío iniciou e rematou o recitado usando a lingua de noso, para sorpresa de moitos dos asistentes e para regalía da mocidade contestataria que comezaba a agromar naquel “ventre do silencio” que era a Compostela desa hora.

O chamado “piñeirismo” tivo inicialmente moito a ver, coidamos, con esta

célere canonización da obra do mozo Uxío, pois o seu *Os Eidos*, xunto co *Terra Chá* do Manuel María, constituía, en definitiva, unha proposta de actualización da vella escola paisaxística da poesía galega (Noriega Varela, Aquilino Iglesia, Crecente Vega...), o que o propio Ramón Piñeiro deu en chamar na carta-prólogo a *Os Eidos* “a poesía como voz da Terra”. Os homes de Galaxia viron nesta proposta un elemento a potenciar porque incidía nun factor, a Paisaxe, que na súa esencialidade remitía, como a Saudade ou mesmo o Humor, para a idea dunha Galiza perenne, inmortal, situada por riba das continxencias da historia, espiritualizada e captada a través da sensibilidade máis que da ideoloxía, entendida máis como vivencia íntima e como raigaña existencial do que como proxecto político colectivo ou realidade social oprimida e por liberar.

Viraxe cara ao verso político

Mais Novoneyra, espírito independente e singular, torceu propositadamente o rumbo polo que eses sectores tiñan interese en que navegase sen se desviar nunca. O illamento no Courel desde 1952 a 1962 por razóns de tipo médico, primeiro, e a estadía madrileña entre 1962 e 1966, despois, determinaron unha evolución persoal, estética e ideolóxica, na que os influxos sucesivos dos pintores Carlos Maside e Raimundo Patiño moito teñen a ver, que desembocou na adhesión máis ou menos formalizada ao grupo “Brais Pinto” e no abrazo do pensamento nacionalista galego, en chave revolucionaria e anti-imperialista.

O cantor dos tesos cumes courelaos, sen abandonar ese motivo recorrente e esencial na súa poesía, abriu a partir de 1953 novos campos temáticos e formais para a súa obra, como ten estudado Antonia López García no volume *Os camiños do soño* (1993), e pasou a traducir a Mao Zedong para o galego, a declarar a Folla Xeral contra da Historia e a escribir contra a guerra do Vietnam (“un pobo como é o meu”); contra o poder que só tiña dos individuos de conciencia libre os nomes no censo; contra a Galiza atrelada, triste e calada á forza; contra a prisión do militante antifranquista Daniel Pino e o encadeamento de Paco Rodríguez; contra a morte do “Ché” Guevara, mais tamén a prol do Chile metralhado, do Manuel de Ribadaira paseado no Courel no 36, da Rosalía que clamou pola nosa Patria furando a noite, do Amador e Daniel que se ergueran cedo aquel 10 de Marzo do 72 e do Raimundo Patiño que ficou morto co seu aquel fero, como trabando a Historia... “Son eu trobadores do pensar / que non se debe ter por trobador / trobador que troba por trobar”.

Paralelamente, produciuse no noso autor unha identificación absoluta e militante coa causa do idioma, “verbo verdadeiro que fala o pueblo”, por máis que razóns editoriais o levasen a publicar na colección Adonais (Ed. Rialp, Madrid, 1966), en formato bilingüe, o libro *Elegías del Caurel y otros poemas*. Sobre a

transcendencia da continuidade da lingua, Uxío ten escrito reflexións como esta, ben reveladoras do seu compromiso ao respecto: “A Fala é o único sitio onde seguen vivos os antepasados, a única forma audible de supervivencia. Quizais por isto a Lingua ten esa cousa que ten, ademais de valer para a comunicación. Certamente que ten **algo** [...] Ese algo é a pervivencia de todo o pasado memorial e inmemorial referido a ti e ós teus”.

A pesar da edición de *Os eidos*-2, en 1974, con ilustracións de Laxeiro, Novoneyra deixara de recibir a “benzón” que os do grupo Galaxia lle outorgaran noutrora (Franco Grande ten revelado no seu *Os anos escuros* que a partir de certa altura Ramón Piñeiro tiña a Novoneyra por unha “ovella negra”) e comeza outra fase da súa traxectoria como autor, probabelmente máis ingrata e desamparada en moitos aspectos, facendo causa co seu verso nas loitas políticas da Terra e do mundo, implicándose na tarefa de dignificación da condición autoral a través da participación da AELG (con episodios tan significativos como o encerro na Academia Galega para pedir a dimisión de García-Sabell, en 1987) e procurando, mesmo *pro pane lucrando*, novos espazos onde publicar os seus textos, fundamentalmente poéticos, mais algúns tamén narrativos.

Repárese, desde esta perspectiva, na auténtica “peregrinatio” por casas editoriais distintas que constitúe a serie *Poemas caligráficos* (Brais Pinto, Madrid, 1979); *Os eidos. Libro do Courel* (Ed. Xerais, Col. Grandes Mestres, 1981 e 1985); *Muller pra lonxe* (Deputación de Lugo, 1986), *Folga xeral contra da historia. Do Courel a Compostela* (Sotelo Blanco, 1988); *O cubil do xabarín, Gorgorín e Cabezón e Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín* (Ed. Edelvives, Zaragoza, 1990, 1992 e 1998, respectivamente); *Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpabras* (Ed. Espiral Maior, 1994); *Tempo de elexía* (Vía Láctea, 1991; reeditado por Xulio Calviño en 1998 no volume *Uxío Novoneyra e os motivos de Circe*); o libro de conversas con Emilio Araújo *Dos soños teimosos* (Ed. Noitarenga, 1998); *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (Hércules de Ediciones e Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago da Xunta de Galiza, 1999) e *Onde só queda alguén pra aguantar dos nomes* (Ed. Noitarenga, 1999), en colaboración co fotógrafo Federico García Cabezón e co escritor Emilio Araújo.

Ademais deste andar dunha editora a outra á procura de quen quixese publicar as súas creacións (sometidas, é verdade, a procesos de reelaboración constante), Uxío tivo que afrontar e encaixar, cónstanos que non sen desgusto, o propositado esquecemento en que nalgunhas historias e libros de texto sobre a nosa literatura colocaron os seus poemas máis sociais e políticos (a “Letanía de Galicia”, o “Vietnam canto”...). Marxinación ou esquecemento este realmente inxusto e inxustificábel, pois eses poemas foron sen lugar a dúbidas iniciadores, antes da pólvora e da magnolia ferriniana e antes tamén do *Seraogna* de Pexegueiro, dun tipo de poesía que sendo abertamente “social” (preocupada do devir colec-

tivo, desexosa de incidir nel, sensíbel ás traxedias da humanidade), transitaba ao mesmo tempo, con toda a intencionalidade, por camiños de renovación, experimentación e indagación formais ben afastados do prosaísmo de certa poesía social-realista, tirando inspiración na liña *beatnik*, retomando elementos surrealistas e expresionistas, recreando o espírito dos *haikus* orientais (véxase o estudo ao respecto de Consuelo García en *Grial*, nº 106) e abríndose a linguaxes e formas tomadas das artes plásticas, como puxeron de manifesto en diversos estudos Rodríguez Fer e Carmen Blanco.

Pioneiro en cantar a desfeita do rural galego

A terríbel vaga de incendios que soportou o país este pasado verán de 2006, de trazos especialmente graves e criminosos dentro da trágica secuencia que se repite desde hai décadas, trouxo a primeiro plano en moitas das análises sociolóxicas, antropolóxicas e políticas sobre a súa causalidade o abandono do rural galego e as enormes transformacións experimentadas na economía do mundo labrego.

Lonxe de negármolles mérito e razón aos sisudos sociólogos, antropólogos, economistas e investigadores sociais en xeral que chegaron a semellante conclusión clarificadora, infelizmente palpábel até para os profanos nesas materias, convén que salientemos, así e todo, que a palabra poética de Novoneyra tiña xa feito pioneira denuncia desa situación, abrindo unha liña temática na nosa poesía, a da “agonía do rural”, que xa transitan, con maior ou menor intensidade, moitos outros autores e autoras: poñamos por caso un Emilio Araújo, un Vázquez Pintor, un Carlos Negro, unha Antía Otero...

En poemas como a “Elexía perdida polas rúas de Lugo” (dedicado ao pintor Luís Seoane), onde alude xa aos “traballos estintos que tanto tempo fomos / rogadas de gadañeiros e segadores / rogadas de malladores enterrados no grao” e no poema que abre o volume *Onde só queda alguén pra aguantar dos nomes* (1999), o poeta do Courel puxo precursoramente o verso na chaga desa ferida colectiva que é o abandono da Galiza interior e labrega, vítima dunha versión de “progreso” en tantos sentidos irracional e antinatural. Estremece a lectura de poemas como o que a seguir reproducimos, escrito en 1995, porque resumen e encerran na súa arquitectura acabada o drama colectivo, silencioso e aparentemente incruento, do esborrallamento de todo un mundo que durante séculos foi asento da Nación:

ONDE só queda alguén pra aguantar dos nomes
poño eu a ampla fronda
a redroma dun castiñeiro
e sentada á súa sombra xunta a longa estirpe do último labrego.

Non coma as estirpes dos reis
ciscadas en múltiples pazos e alcázares
e países diversos
senón as estirpes campesiñas
xeraciós e xeraciós
xuntas á porta das casas pechadas
na escaleira de pedra
ou nas raigañas fóra dunha árbore coma esta.

Estirpes da gleba
amosados mortos que nin oxa o sol de Xullo
cando se erguían pra gadañar co orvallo!

Gadañarei outro ano
gadañarei en homenaxe
non por que a herba volva tenra e igual
e defender os prados gañados á bouza.

Gadañarei coma nas grandes rogadas do Vrao
tralos gadañeiros sucesivos
lambendo con brío os calcaños de diante.
Ir e vir da gadaña canta a ritmo binario
sobre un fondo de roxe ou río contino.

O seu difícil relacionamento coas novas xeracións poéticas

Non queremos deixar de aludir brevemente a ese difícil relacionamento que Novoneyra tivo, a partir de certa altura, coas novas xeracións poéticas, ou por mellor dicir, con algúns segmentos e membros delas, tal vez porque era un carácter ao que, como sinala Pepe Cáccamo, “desde debaixo da tona da serenidade silandeira xurdía o estoupido volcánico da ira”.

Pola época en que Uxío pasa a residir en Compostela e a presidir a AELG, a comezos da década de 80, publica no terceiro número da revista santiaguesa *Dorna* (1982) un texto con consellos aos poetas novos, recomendando que “nunca empeñen a súa palabra”, suxerindo que partisen no labor creativo “desde as terras interiores seguras da tradición viva” e advertindo que “han de ser libres e estar máis alá de toda fidelidade proposta”. Fose polo ton empregado, que algúns xulgarían excesivamente paternalista, fose polo medio en que apareceron (*Dorna* era unha revista que, con todos os seus méritos, tiña fama de excluír certas propostas e de intervir sen consentimento en grafías e escollas normativas), o certo é que o texto de Novoneira levantou ronchas.

Algún tempo despois “Ronseltz”, un agrupamento poético xuvenil de carácter lúdico e transgresor, tomou a figura e os versos do noso poeta como pretexto e alvo dos seus ataques, ironías e humoradas. Lémbrense algúns textos publicados en *Luzes de Galiza* (nº 14-15, 1989/90) e no volume *Unicornio de cenorias que cabalgas...* (Eds. Positivas, 1994): o poema en que Álvaro Pino, daquela no cumio da súa carreira profesional, avanzaría na súa bicicleta por asfalto liberado do Courel a Compostela; a ameaza de lle facer a Uxío a concentración parcelaria e acabar así coa súa musa; o corrosivo e gramatical resumo da estética do courelao (“En Galiza todo é paisaxe, menos traxe, paxe e garaxe”), etc.

Por volta de 1989, Uxío volve concitar arredor de si desacordos, malquerenzas e críticas por mor do seu pronunciamento a respecto da guerra “normativa”, crítico á vez con ambos bandos en loita, o do ILG e o da AGAL.

E algúns anos despois, prodúcese a polémica de “matar ao pai”, isto é, a fricción de Novoneyra con Rafa Villar e con outros “poetas dos 90” por mor dun texto lido no transcurso dun “Encontro de Novos Escritores” organizado pola propia AELG en Compostela, en decembro de 1996. Estivemos nós daquela na sesión da mañá, dedicada aos narradores, mais faltamos á da tarde, en que saltou a polémica e, non obstante, levados por amizade e afinidade xeracionais, fixemos parte da mesnada que promoveu, un pouco como resposta á diatriba un tanto extemporánea (“filípica furibunda”, di Pepe Cáccamo) do poeta courelao, a editora de poesía “Letras de Cal”.

Non sabemos se para algún dos demais membros desa aventura editorial hoxe xa interrompida, o nome de Uxío pasou a ter resonancias indesexadas ou se a súa obra suscitou desde entón entusiasmos minorados. Para nós, que non chegamos a tratalo persoalmente e que vivimos con sorpresa unha polémica que só cabe considerar, tempo andado, como froito dun infeliz malentendido ou dunha deficiente comprensión do sentido do texto de Rafa Villar, Novoneyra seguiu sendo un dos nomes fundamentais entre os Mestres.

Unha obra a revisitar unha e mil veces

A desaparición física do poeta o 30 de Outubro de 1999 trouxo, nos meses posteriores, un ronsel de iniciativas e actividades sobre a súa obra e figura moi de agradecer: creouse un premio poético co seu nome promovido polo Concello de As Pontes; celebrouse unha Homenaxe Nacional en Compostela co-organizada pola AELG, a AS-PG e a A.C. “O Galo”; bautizáronse na súa honra algunhas rúas e centros cívico-culturais e educativos en distintas localidades do país (Pontevedra, Betanzos, Lugo, Foz, Arteixo, Oleiros, Pedrafita...); foi obxecto de artigos e estudos en diversas revistas, libros e xornais; musicaron Emilio Cao, Miro Casabella, César Morán, Maite Dono e Pilocho algúns dos seus textos; o Premio

“Ánxel Fole” na súa décimo oitava edición (2004) versou sobre a súa figura e foi gañado por Olga Novo co ensaio *Lingua loaira*; etc.

Ben é certo que, a pesar do avance que supuxo o traballo recompilador de obra dispersa e inédita feito por Olga Novo no libro citado, seguimos sen dispor aínda da “Obra Completa” de Uxío, convenientemente editada e estudada, repto de futuro que tal vez poida materializarse se no décimo cabodano do seu pasamento, en 2009, a Academia Galega ten a ben manexar o mesmo criterio que fixo que lembrásemos merecidamente a Avilés de Taramancos pasada esa década preceptiva para a designación do escritor ou escritora a quen render homenaxe no Día das Letras Galegas.

Sexa como for, os amantes da poesía seguiremos estando moito tempo aínda prendidos admirativamente da obra de Novoneyra. Continuaremos unxíndonos dos seus versos e sabendo que todo o que lle pasa ao noso pobo e ao ser humano pásanos a nós; agradecéndolle o exemplo de entrega á causa da Fala; escoitando a chamada da liberdade nos ollos tristes das caras do Metro e recollendo da historia o rostro borroso da Patria; ollando os tesos cumes para sentirmos ben o pouco que somos e abraiarmonos porque inda é nova a Terra; tocando as mans dos antepasados ao remexermos nos obxectos domésticos; partillando a dúbida sobre a xeración que ha salvar este infortunado país noso e teimando na utilidade do amor que por el sentimos; sabendo que podemos ser outra cousa, que debemos ser outra cousa, porque sempre alguén quedará no Futuro, aínda que “se funda o lousado / e caia neve no lar”, sostendo a Esperanza de ir por terras liberadas, a despeito das mil e unha desfeitas diarias e recorrentes que o país continúa a padecer porque inda non é Galiza, non, “señora de decidir e dona de se negar”.

A condición de Novoneyra

Francisco Sampedro

As relacións da filosofía co poema son tensas, difíciles e paradoxais. A tensión, como é ben sabido, xa se inscribe desde o momento, que poderíamos chamar fundacional, en que Platón convoca a expulsar aos poetas da Cidade. O que o filósofo grego reprocha puntual e indiscutibelmente é que a poesía empece xustamente o pensamento discursivo, de maneira que o poema mantén unha relación impura coa mesma experiencia, quer dicir: é o cómplice fundamental da sofística, sen embargo, tamén é certo que o poema efectúa a indicación das potencias da lingua mesma. O xesto platónico vertido nesa terríbel afirmación incluída no libro III da *República* –reiterémola– a de “expulsar aos poetas da Cidade para que o pensamento poida sostener unha política do verdadeiro”, ten que ser entendida no xusto sentido en que esa “expulsión” se refire ao licenciamento do poema en tanto pretensión absoluta da expresividade do verdadeiro, non como unha das condicións xenéricas da propia filosofía. A resposta a esta enigmática proposición da necesidade posíbel do poema como condición pode vir por diversas canles teóricas. Imos coa máis asumíbel precisamente por ser a máis totalizadora. A que se fai enxergábel a partir da consideración da dialéctica entre o concreto e o universal, estou falando da posición de Hegel ao mostrar a poesía como a representación orixinaria dun saber onde o universal aínda non foi afastado da súa existencia viva no particular e no que a lei e o fenómeno aínda non se opoñen un ao outro, senón que se comprenden un a través do outro. Hegel, paradoxalmente porque é o branco das acusacións de Alain Badiou –arestora xunto a Jacques Rancière, o máis importante e sobranceiro teórico sobre as relacións entre filosofía e poema–, en tanto pensador (o alemán) que desliga a matemática da filosofía, iniciando así o xiro romántico que comporta a marca irreductíbel do *pathos* da finitude, da morte como raíz e meta da especulación. Relacións difíciles, en segundo lugar diciamos, xa que desde o século XIX existe unha rivalidade manifesta entre filosofía e poema. Aquí teño que remitirme forzosamente ao magnífico e fermosísimo libro de Badiou (*Manifeste pour la philosophie*), por non citar xa a Carnap, motivado eu por afinidades

electivas. Vencellamentos paradoxais, xa que o poema contén abofé efectos de verdade, pero moi afastados da filosofía.

Con evidencia, existe unha poética da derrota, pero non unha filosofía desta; o pensamento filosófico, na súa esencia, traballa os medios da afirmación, que están enfrontados á vacilación poética en devir a verdade que ela efectúa pero non produce.

Poesía en condición da filosofía, pois, e de novo, paradoxalmente, é Platón quen nos volve iluminar, xa que o poema trágico é unha condición da filosofía desde o autor do *Timeo*, mesmo no extremo se unha parte desta condición é absolutamente polémica. Desde o supradito século XIX, está claro que a poesía anticipou, sen conciencia, algúns desenvolvementos filosóficos. Acontece como se esa rivalidade actuase dun modo latente, cunha tensión subrepticia, acosadora, impredecíbel.

Sirvan estas liñas como introdución, ao meu humilde ver, ao discurso de Uxío Novoneyra, xa que nel hai unha ligame recoñecida entre filosofía (existencial, con evidencia¹) e poesía. O meu achegamento ao poeta do Courel foi azaroso e froito dunha curiosidade determinada polo empeño de Emilio Araújo en facer “oír” ao poeta doutro xeito. Esa curiosidade medrou até facerse materializar un encontro en Compostela. Teño que admitir que a partir de entón, pasei da curiosidade ao deveso por ler a súa obra completa. O desexo de filosofía que emanaba en Novoneyra, a súa ausencia total de afectación, tan corrente en boa parte dos poetas, a súa exquisita capacidade para o diálogo, todo isto só dispuxo aínda máis urxencia no meu anseio por coñecer a súa obra. Desgraciadamente, cheguei tarde, xa que o exposto nestas liñas que seguen, estaba destinado a reflectir unha serie de hipóteses que debían ser contrastadas polo propio poeta. Tal era a miña intención, parella a gozar dunha segunda ocasión da empatía que xurdiu entre nós aquel serán de xuño.

O primeiro que me sorprendeu na súa lectura foi a inexactitude dun tópico reiterado nalgúns críticos: Novoneyra como nostálxico da orixe, como vontade, consciente ou non, da obliteración do persoal a prol do cósmico, como unha caste de arauto da fusión do eu coa natureza –Ramón Piñeiro é, desde logo, o paradigma desa falsa impresión—. Pola contra, o que percibín na súa obra foi, xa non

1. Na introdución a *Os Eidos*, elaborada por C. Rodríguez Fer e Carmen Blanco, hai un fragmento que explica perfectamente o que eu afirmo: “A dimensión filosófico-existencial céntrase, en sentido concreto, no eu, e en sentido xenérico, no ser humano. Así, aparecen ao longo da obra novoneyriana motivos temáticos como a identidade persoal, a soidade humana, a angustia existencial, o sensentido da vida, a teima na esperanza, a irreversibilidade da morte, a apoiatura vital do eros e a seguranza do amor”.

unha ambivalencia verbo da mesma natureza, rastrexábel na contradición *abrigo do home-testemuña da finitude*, ou complementariamente, entre a procura do arraigo e a constatación dun desacougo consecuente á temporalidade da conciencia fronte á permanencia do “outro” exterior, da Cousa (a *Das Ding* kantiana, conducida contemporaneamente ao seu extremo pensar por Lacan), ou noutras palabras, trátase do estupor do Ser. O que localicei foi unha vontade precisa de “forzar” á natureza a unha sorte de contención fronte á morte (“a vitalidade da natureza blíndanos contra o nihilismo”), ben entendido que en tanto “forzamento” deixa intacto o silencio do mundo. Como acerta a dicir Méndez Ferrín: “Uxío Novoneyra deixounos en *Os Eidos* unha tremecida representación de si e das súas montañas natías do Courel. O poeta, en pura soedade perante a natureza”, o cal enfatiza a posición nidamente atea de Novoneyra fronte a calquera presuposto dunha sacralización da Presenza. O que se desvela é a ausencia pura, a certeza da finitude, tanto nas *Elexías do Courel*, como nos *Poemas caligráficos* ou, con suma evidencia, n’*Os Eidos*, obra que serviu –como antes anticipei–, a algúns de modelo/coartada para a manida “fusión cósmica”. Antes ben, o que se pode albiscar neste libro seu é o afastamento absoluto entre o home e o mundo natural, do que o autor fará derivar unha sensación de transitoriedade, achegada a un *pathos* do efémero que me fai lembrar a carta de Freud a Romain Rolland sobre o perecedoiro (*Vergänglichkeit*, 1916²). Que aparentemente, a presenza sentida da natureza “nos garde do sen-senso”, nos provoque un encontro co mundo, sómente ten o valor –para o courelea- dun horizonte regulativo, isto é: conservando a prescrición dun imperativo antinihilista non posúe a certeza dun a priori constitutivo: A natureza enche o baleiro... “como se fose unha loita contra o Nada”. Quer dicirse que non hai presenza que dote de sentido, non hai apoia-tura posíbel na orixe, senón que se trata dunha cuestión de *actitude*: Non atopamos arraigo na natureza, pero “loitamos” contra o desarraigo a través dese nomeamento que é nuclear no canto poético de Novoneyra. Ferrín volve acertar cando indica que a mestría dos poemas de Novoneyra ten raizame na dialéctica entre o explícito “e un inmenso silencio no que aboia o texto (...) A nominación predomina sobre a acción verbal”.³

É ese mesmo desexo de apropiación a partir dos nomes o que nos libera dun-

2. “(A soidade humana é irreductible), tanto con respecto das cousas e dos seres, como dos homes. Pásase dun: ‘chove para que un soñe’, a un: ‘a choiva non é miña’. Pásase das certezas ás preguntas, á eterna pregunta e a un instalarse no horizonte da mortalidade sen o refuxieiro da Terra, aberta, ofrecéndose á accesión da mirada. A mirada vai, mais non leva nin trai (...) A mágoa elexíaca está basicamente fundada ou provocada pola conciencia da morte ou pola distancia. Non nos vale saber que non estamos mortais se somos mortais, é dicir, que non nos chega con eso cando sabemos que morrer é ficar morto.” Uxío Novoneyra *Dos soños teimosos*, p., 66.

3. X. L. Méndez Ferrín *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, 1994, pp.. 57-58.

ha distancia constituínte entre o eu e o mundo. Que o propio Novoneyra amose un punto de inflexión, no seo da súa traxectoria, nas *Elexías*, non obsta para ollarmos n'Os *Eidos* todos os elementos que agriden a unha concepción maternal, acolledora, da terra. Esta, lonxe de constituír un sucedáneo do aspecto materno de deus, amosa, na súa indiferenza verbo do ser consciente que a aprehende, a empresa inútil dun abrazo conciliador:

“solo como un lobo oulando cara a noite”

“Cumes solas e escuras
correndo nuas
para maior soidade e negrura”

“Alto ceo das noites de tódalas estrelas
entr'as árbores nuas como un teito xead
na túa fría soedade infinda
non hai ningún cousa do meu corazón”

Por non citar o abraio pascaliano co que se inicia o poema. Non. Non hai nada en Novoneyra que presaxie unha fusión; nin mística nin doutra caste. Neste preciso punto, non está de máis lembrar ao Blanchot de *L'entretien infini*: O espazo é o lugar baleiro no que todo está presente na súa nulidade. A presenza inmediata é presenza infinita do que fica radicalmente ausente. “A vertixe do espazamento” é o presente da morte, da impersonalidade mesma.

O “diálogo” entre o home e a terra revélase imposíbel; o soporte existencial da ollada da terra está frustrado. O silencio do bosco, ese recollemento heideggeriano que o sentido recuperado do “habitar” devolvería unha dignidade ao ser-aí, fica crebado en Novoneyra diante da constatación do “impersoal estar xeolóxico das terras”, que dixerá Raimundo Patiño. En efecto, ten razón Jacques Rancière cando en *La chair des mots* di que ningún poeta pode repoetizar un universo despoetizado, e dá creto ao caurelao –sen o saber– cando afirma que “(...) non é describindo como as palabras cumpren a súa potencia, é nomeando, apelando”.

Con Novoneyra atopámonos na antítese da operación heideggeriana da reunión arredor dos nomes sagrados dun pobo, no canto á terra e ás orixes, estamos fronte ao mito fundacional, en contra del, mito que ten a súa figura emblemática na proposta por parte de Heidegger dunha lectura nesgada de Hölderlin, e xa se ten demostrado que Hölderlin era demasiado republicano para sucumbir a unha lectura semellante.

Eu vexo en Novoneyra unha particular e radical sospeita arredor da mesma capacidade do “habitar”. Pero non nos enganemos: el sabe fuxir da tentación

nihilista, saudosista, si se quer –xa non digamos da relixiosa–, xustamente por medio do “canto”. En Novoneyra non é a natureza a que consola da ausencia de deus. O que conforta (*cum fortis*), o que proporciona coraxe é o propio poema que nomea reiteradamente as cousas da natureza esconxurando deste xeito a súa distancia. Que o canto, ou mellor, a paixón polo canto, “ese anti-nihil”, posúa ese carácter, indica no poeta unha negativa ante a paralización fronte á finitude. A poesía xa non se cingue ao imperativo visíbel da morte, mais agroma o seu sentido de capturar o afán de eternidade superando a nostalxia dunha harmonía imposible por medio da actualización do pasado. Que o poeta sexa descubridor e doador non significa que se aliñe na nómina de gardián das fontes, de escrutador dun sentido orixinario, senón que el é quen *atribúe* un sentido ao facer da lingua a memoria que permanece; que, fuxindo do momento retroactivo inmanente á procura da orixe, convoca a unha fidelidade a algo antimítico como o é unha lingua que cimenta o peso das vidas. A figura xa non é a de “pastor do ser”, senón a de salvagarda do dicir: *Onde só queda alguén para aguantar dos nomes*.

Esta adscrición antimitoloxizante de Novoneyra pódese observar mesmo a partir da súa elección política⁴. Esa solidariedade que constituíu un dos seus nortes máis prezados, ese “innomeado utópico” ao que sempre resultou leal, a mesma súa honestidade facendo que a crítica ao reduccionismo “socialista” non lle fíxese ceder unha mínima no tocante á súa petición de certeza –“liberdade e xustiza son posibles a un tempo”– empecialle pensar nunha Patria submisa ao relato das orixes. En vez de ser nós os reclamados pola Terra, somos nós os que debemos forxar esa patria pola que Rosalía clamaba “furando a noite”. Abofé nisto pode consistir unhas das grandes leccións de Uxío Novoneyra.

4. Solidariedade que alén da súa filiación marxista recolle ecos de Shopenhauer, creo eu: “un é solidario cos homes porque os homes sofren. Eu son home e sufro, e sei ata que límite sofren os homes. O saber que a dor é universal, leva a solidariedade. Ou sexa, a constatación da dor humana como universal, lévame a unha solidariedade universal”. *Dos soños teimosos*, p. 100.

Uxío Novoneyra, visto por el propio

María Pilar García Negro

Resgatamos ou republicamos este texto, magnífico, que o noso añorado Novoneyra escribeu para un opúsculo editado en 1990, polos Concellos de Santiago de Compostela e de Vigo, sob o título “Revisión dunha década: 1978-1988”, como acompañante da exposición sobre o mundo editorial galego montada ao efecto. Emocionounos de novo a súa lectura e comprobamos, máis unha vez, até que ponto a palabra poética de tan ilustre compatriota noso adquire toda a exactitude e toda a vixencia que dan as necesidades dunha nación tanto tempo afásica e, xa que logo, tan precisada de portavoces e intérpretes que a signifiquen e a dignifiquen. Convidamos a todas e a todos, e nomeadamente aos escritores novos, á súa lectura e ao confronto coas circunstancias actuais, iso si, moito máis sofisticadas do que hai quince anos.

¿POR QUE ESCRITOR?

¿Por que escritor? ... Quizabes por unha desmesura do soño. Por un desmandarse, por un anteporse dos soños máximos.

Grande é a soidade de todo ser humano e non só a miña por vivir nove lustros no Courel/ A certa idade é mellor medir o tempo por lustros como facía Horacio en A Cínara/. Grande é a soidade e por eso tamén grande é a tentación de pechase a soñar. Ou de abrirse a soñar. E máis cando toda a segunda infancia, toda a adolescencia, toda a mocidade, “as sete mocidades”, quedaron inscritas na Ditadura. Na longa pecha Ditadura, que aínda nos permitía soñar co seu remate e cunha lonxe-vaga salvación de todos e de todo. Porque esto de agora, a consolidación da frustración, e a promesa chata, paleta que se nos fai de Europa e a expectativa do 92 si que semella non ter remate.

Xa está dito que soñar é crear. Máis compre reasumilo. Soñar é descubrir posibilidades certas. Cáseque sempre soñamos posibles necesarios. Cáseque nunca

soñamos imposibles, anque só sexa por esa discreción que nos impón a Historia. Posibles necesarios e difíciles. Difíciles só porque están en cheque con intereses creados e coa simple inercia. Só por iso. Por iso foron descartados, deixados. Fómounos desdeixando dos soños. E neste desdeixarse algo terá que ver o que eles ás veces poden ter de mentido ou de iluso.

Máis como posibles que son e como necesarios volven e volverán plantexarse xeración tras xeración, individuo tras individuo, esixindo a súa formación definitiva e a súa realización.

Por eso sen máis poder que a palabra, a lingua sen mans, un buscou a acción a través dela, da palabra escrita viva, única saída posible do circo/cerco de soidade e apatía social e política.

A palabra viva, a escrita de creación, permitía, permitíame a prosecución de soño máximo como única realización dun home sen poder nun pobo sen poder. A escrita de creación, como unha forma de autosuficiencia, blindábame e sen arredarme permitíame seguir ou non demitir. Un poeta pouco máis precisa se o alenta a plenitude interior. Se está ben asistido pola memoria individual, pola memoria colectiva, pola memoria profunda, polo ensoño do futuro, pola potencia da mocidade./Os poetas gozamos e sufrimos dunha incurable mocidade/. E máis se, por riba de todo iso, un ten o nó, o problema de pertencer a un pobo sen estado de patria-lingua ameazada. Entón si que xa se xustifica toda a desmesura no soño e na renuncia por transformar o Mundo e salvar o Seu Común o Noso Común.

Amais de estar posuído polo soño da plenitude humana e da liberdade, polo soño de cambiar o Mundo, un está secuestrado pola patria. E esto si que o pon en forte punto. E máis por tratarse dun poeta que é o ser máis dependente da propia Lingua.

Secuestrado polo ensoño, secuestrado pola patria, cando tamén pola ideoloxía. Feito un nó coa forza tomada do propio pobo. Alimentado e desmentido por el. O escritor ou poeta en lingua ameazada non pode escapar do circo teimoso de fidelidade que a un mesmo tempo o dignifica, o engrandece, o limita e constrinxen. Séntese inescusablemente comprometido, obrigado, bloqueado, secuestrado, esgazado entre a liberdade e o deber igualmente asumidos.

O de escritor é un oficio, un mester de vaguidade. Un non contar nunca por máis que se queira precisar con palabras definitivas. Por iso me sinto dado á escrita de creación, pois non teño as palabras certificadas dos profesores e os científicos, o idioma académico, especializado ou convencional. Senón a palabra outorgada, feita pola memoria escura, a palabra tanteada non se sabe como a loiras de conciencia e de instinto, a palabra nosa e que a nós mesmos ilumina e cambia e sostén e afirma e afinca e non por pura suxestión ou autoengano. Escribo porque algo creo no dictado interior e non podo ter máis certeza cá do propio descubrimento. Iste é o don e a menesterosidade dos poetas tamén aquí no País do Fin do

Mundo, tan concretamente manipulados polos que o din misterioso. Aquí aínda se acai a profecía, a palabra que di e a palabra que convoca. A palabra crítica, e a palabra tamén como entusiasmo e festa. A palabra como queira.

Aínda concibo a función do escritor como función máxima e no cas galego a Literatura como misión, como gardadora do pasado, como veladora e como adianto do porvir, aínda que só se adianta o que xa está en nós. O feito de que Galicia sexa unha nación sen estado, mal articulada e representada, carga moita responsabilidade no escritor.

Demasiadas vaguidades cando se fala do demasiado próximo, cando se fala sen unha mínima distancia.

Uxío Novoneyra

Vivencias do Courel

Teresa Seara

“Non hai outro templo máis vasto/ nin outro credo/ que este silencio...” así expresaba Uxío Novoneyra a súa admiración polo Courel en *Os eidos* por máis que este espazo natural apareza case sempre asociado aos sons da auga, do vento, do lobo, do cuco, dos paxariños a cantar “no bicarelo do bico do brelo”. Mais o silencio é interior, sobrecolido como está o ser fronte á inmensidade das montañas e dos ceos, duns vales cheos de vida vexetal que se desenvolve lenta e soterrada desde hai séculos nun ciclo eterno e inmutable. Nunca na poesía galega se expresara de forma tan concisa, e ao tempo tan rica en suxestións, a sensación de desvalemento do eu fronte ao cosmos como naqueles dous versos “Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!/ Eiquí síntese ben o pouco que é un home...”. En efecto, a visión dos cimos desde calquera dos picos que conforman a Serra do Courel ten para o observador unha inmediata consciencia da súa pequenez ante a gran paisaxe que se desprega polas abas da montaña, nos vales e congostras. Subindo á atalaia de Formigueiros, as edificacións desaparecen entre o verdor das árbores como pequenos puntos de cor negra e un síntese minguar fronte á inmensidade hipnótica do ceo tan azul. Só os pequenos carreiros entre os bosques dan idea da man do home escribindo tortas liñas polo mato. Mais non é esta unha sensación desacougante senón que, máis ben, se cumpre aquilo que dicía o poeta evocando as “terras altas e craras da Lucenza” cando afirma: “Eu son esto que vexo e que me vei”. E é que a identificación cos elementos naturais vertebra moitos os textos de *Os eidos*. Así, o eu disólvese na auga (“Esta auga da presa/ son eu ou é ela?”, “Agora/ eu son sólo pra choiva”) ou déixase ir coas ás do vento (“Sólo pro aire no serán/ íbame eu indo de vagariño”, “Esta tarde o aire é meu amigo./ Vounme sumindo sumindo./ Si o aire quer/ chegarein a non ser ninguén”) de xeito que, nesta integración co entorno, o eu entra a formar parte dos ciclos da natureza que acaban por ser tamén os seus. Témoslle oído explicar ao poeta coa súa voz profunda e misteriosa que no Courel existía un son interior: zis, zas, respiración, en ritmo binario e acompañado do movemento de van preciso para mover a gadaña sobre a herba. Zis, zas, respiración; zis, zas, respira-

ción... E que este ritmo se che metía no corpo e xa o levabas contigo toda a tarde como se for un diapasón ancestral e primitivo que acabase marcándoo todo: os versos, o latexo, a vida. Mais, “pasa o tempo e non di nada” e, cando reaccionamos, fomos nós tamén Santo Ero, envíso no canto dunha paxariña que é cuco no Courel. A chuvia que asulaga Galicia nestes últimos días bate con forza na ventá do cuarto onde eu escribo e o lóstrego ilumina as páxinas abertas do libro de *Os eidos*. Nos vidros embazados gravarei o verso máis querido de todos cantos deixou Uxío Novoneyra nesta obra, o talismán que nos eleva da dolorosa realidade dándonos ás: “Chove pra que eu soñe...”.

Uxío Novoneyra, narrador

Xulio Cobas Brenlla

O Uxío Novoneyra escritor foi eminentemente un poeta, pero tamén era un excelente narrador. Nas súas conversas espontáneas e naturais asomaba unha forza narrativa extraordinaria e engaiolante: era unha auténtica festa oír as súas palabras. Por eso non é estraño que tamén dirixira a súa atención á creación narrativa que, aínda que fora publicada nos anos finais da súa vida, xa viña de tempo atrás. Vexamos.

Alá polo ano 1990 estaba eu preparando a edición dunha colección de libros infantís e, por esa razón, falei con Uxío Novoneyra para propoñerlle a posibilidade de que colaborara na mesma. Entón el recordou que gardaba uns contos, seis en total, que escribira durante a etapa da súa estancia en Madrid. Segundo me contaba, o seu proxecto orixinal fora escribir un número máis extenso de contos de xeito que entre todos formaran unha obra conxunta e con temas interrelacionados entre si, ó xeito do *Platero y yo* de Juan Ramón Jiménez, proxecto que, por diversas circunstancias, non rematara. E así foi como comezou daquela a publicación daqueles contos edición independente de cada un.

O primeiro conto en saír foi *O cubil do xabarín*, publicado no 1981 con ilustracións do pintor Manuel Quintana Martelo. Conta o desenvolvemento da exploración do cubil do xabaril, alá no alto da serra, realizada por un grupo de rapaces que inxenuamente se sente moi experimentados naquel tipo de aventuras, pero que en realidade no saben ónde se meten, poñendo en perigo as súas vidas, perigo do que os salva o medo natural –“o medo salvounos”, di o narrador–. Neste caso ponse de manifesto a temeridade por descoñecemento, por desconexión vital coa natureza, cousa que leva á inconsciencia de ter que pasar innecesariamente, de “profanar” coas propias pisadas, redutos naturais que se poden considerar como sagrados, sen conformarse só con mirar, con incorporar por medio da mirada a presenza de todo o que se ve. “Respectar esa última distancia” –di o autor nun poema no que remata o conto–. “Tamén se vai en soños ou cos ollos. Mirar é ir. Non se achega máis quen non para ata que pisa”.

Por outra parte, segundo dicía Uxío, tamén hai aquí unha crítica a determinado tipo de organizacións doutras épocas, hoxe desaparecidas.

Hai que destacar neste conto o ritmo narrativo, rápido e visual, cun suspense continuo ata o final; un ritmo cinematográfico cunha cámara que vai narrando e describindo todos os detalles. Sobresae tamén a riqueza de vocabulario. É admirable a ambientación paisaxística, que nos fai sentir metidos no medio do lugar.

No 1992 publica *Gorgorín e Cabezón*, con ilustracións de Quintana e Vázquez. Conta nel como dous rapaces, Gorgorín e Cabezón, se liberan, axudándose un ao outro das gadoupas dos “homes do saco”, recordando uns personaxes ¡tan antigos, que xa se cría que non existían!, pero que poden aparecer hoxe en calquera momento na sociedade actual. Destaca neste conto a caracterización dos protagonistas e un desenvolvemento narrativo semellante ao anterior.

Finalmente, no ano 1998 publica *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín*, con ilustracións de Manolo Uhía. É esta unha historia ao xeito de lenda medieval situada na Torre e nos montes do Caurel: a historia de Ilda, unha moza orfa desde que nacera, filla do gran señor da Torre do Caurel, que medra soia e illada sen saír nunca do castelo do seu pai. Para romper aquela soidade, un día fai un pacto cun lobo, un corzo e un xabarín que tiña engaiolados, regalo dos monteiros á volta da última cazata do inverno: a cambio da súa liberación, os animais comprométense a axudala. Un día, grazas a súa axuda, chega ao castelo o mozo presentado do que se namora e co que casará, marchando despois cun gran séquito e sendo despedida por todos os lobos, corzos e xabarís que moran en aquel lugar.

A diferenza dos contos anteriores, este desenvólvese con ritmo pausado coa demora coa que se desenvolven os días en soidade.

Para rematar, sinalamos como características comúns nestes tres contos: a forza narrativa de cada un, a riqueza de vocabulario e de expresións, a envoltura poética coa que están concibidos, a perfecta ambientación nas terras do Caurel, nas que o autor se amosa arraigado ata as entrañas, e a atmosfera ou ambientación temática que fai evocar no lector a recreación imaxinativa dos lugares, das paisaxes, dos sentimentos e das sensacións que o autor nos está amosando.

Despois destes contos, Uxío estaba proxectando a publicación dun cuarto conto que trataba dos problemas dun rapaz que comeza a escola, pero xa non deu tempo a publicalo.

Hai que sinalar tamén que a morfoloxía lingüística orixinal destes contos e algo diferente da que aparece na súa publicación, é a mesma que Uxío utiliza no resto das súas obras. A lixeiras variacións débense a adaptación a normativa oficial para que os libros puideran ser utilizados tamén como lectura escolar.

Como recapitulación final, que volver sinalar que estes contos son a mostra escrita do talento, non só poético senón tamén narrativo de Uxío Novoneyra, un

talento narrativo que xa se facía latente nas conversas espontáneas. Neste sentido, quixera expresar aquí o recordo tan agradable das conversas con el cando nos xuntábamos para proxectar algunha desta publicacións, ou para corrixir as probas de imprenta das mesmas. As horas duraban minutos escoitando as súas palabras, reflexionando sobre as mesmas e admirando a súa grande creatividade.

Uxío Novoneyra, o poeta da terra

Xulio L. Valcárcel

Á altura dos anos setenta a palabra mito tiña entre os rapaces que entón eramos mozos un significado moi especial. E Novoneyra era un mito. Sabiamos os seus poemas de memoria, –xa entón Xavier Rodríguez Barrio destacaba no recitado–, e profesabamos unha admiración case de veneración pola súa figura. Uxío deixábase caer de cando en vez, abandonando o seu refuxio do Courel, por Lugo. Groso e forte, armado cunha cazadora castrista, barbado e branco, tiña unha imaxe poderosa que nos inspiraba un enorme respecto. Gonzalo Villanueva, militante nacionalista radical á sazón, sorprendeuse falándolle en castelán ao vate, incapaz de assimilar que o Deus puidese falar en galego.

—Está Novoneyra en Lugo –informaba Xavier, que normalmente era o primeiro en velo, para iso lataba máis clases que os demais... E de seguida se organizaba a súa recepción pola confraría do *viacrucis* –nunca mellor dito dada a calidade dos pésimos caldos que aldraxaban co seu nome o ribeiro– dos viños, onde se comentaban as súas últimas novas políticas contra a ditadura, “foi un accidente de aviación”... –dixo Uxío, con terrible e arriscada retranca, diante dun policía na rúa da Cruz, unhas horas despois do atentado a Carrero–, do problema do galego, da poesía, e mesmo da revolución sexual na que, escusado é dicilo, todos estabamos moi interesados.

Novoneyra oficiaba de irmán maior, non só na narración dos seus encontros literarios en Madrid onde era reiterada a referencia á “estraña pensión de *Julay*” con Patiño e o Grupo *Brais Pinto*, como tamén a recomendación da poesía de Carlos Oroza a quen adoraba. Carlos botaba tempadas no Courel e burlando a vixilancia de Uxío collía as mellores mazás das árbores para ofrecerllas amorosamente ás vacas, animais polos que Oroza ten moita estima, deixando de lado outras mazás caídas no chan e que o poeta consideraba afronta ofrecer. “Carlos, desas non, dálles das do chan” –dícialle Novoneyra a Oroza. Novoneyra e Elva, a sombra tutelar que sempre o acompañaba, falaban moito de Oroza e recitaban os seus poemas: “Se prohíbe el paso, se prohíbe el paso! No cruces hermano de esta orilla a la otra orilla, semáforo, cuidado, hay temor y se prohíbe el paso. El

cielo está al habla con la policía, el cielo baja a los tejados para ametrallarte”..., que aprendemos de boca de Novoneyra e que trinta anos despois aínda somos capaces de lembrar eses versos (cito de memoria).

Pero ademais de literario, o maxisterio era tamén de orde moral ou de oportunidade.

Canto a se era máis conveniente fumar rubio ou negro, estimaba que o rubio estaba moi ben, pero ademais de ser moi caro era un chisco empalagoso. Para podelo apreciar de verdade, o ideal era fumar un pito rubio por cada catro ou cinco cigarros negros.

Anos máis tarde, mediados os setenta, cando xa estudábamos en Santiago, Novoneyra conectaba connosco cada vez que viña. Dunha vez apareceu cun sorprendente “invento” que se empeñaba en popularizar facendo entusiasta proselitismo, para asombro de presentes e desconcerto de camareiros. Consistía a iniciativa por el patentada moito antes de que a Fraga se lle dera polos esconxuros, en facer unha pequena queimada na taciña do café. Botaba o azucre, botaba a augardente, prendía lume coa culler e da culler ao resto. Ficaba todo chamuscado e só a súa innata autoridade permitía que os camareiros das diversas cafeterías –que en case todas pedía a mesma beberaxe–, calasen desconcertados ante aquel despropósito.

A calidade humana e a calidez persoal fixérono pronto un máis entre nós. Conserveo un libro que me regalou de Laforgue no que tiña interese, á vista de que me debatía mirándolle o prezo, regaloume gravados, e unha botella de viño dedicada dicíndome, “esta tómala o día que salga o teu primeiro libro”, como así o fixen. Marabilloso Novoneyra. Estando unha vez no Toural polas festas de Santiago, constatando a mocidade dun grupo de gaiteiros, dixo, esperanzado e feliz, “temos gaiteiros ata o ano dous mil!

Pese ao achegamento afectivo sempre conservou unha aura especial entre nós e entre todos. Lembro por exemplo unha ocasión na que a Policía cargara na Porta Faxeira, despois da manifestación do Vinte e cinco de xullo. Alí houbo para todos, para personaxes máis ou menos públicos hoxe en altos postos de responsabilidade política e para simples simpatizantes ou militantes anónimos, pero con Uxío non se atreveron. Foi ao único que estando no medio da revolta non se atreveron a tocalle un fío da roupa, da casaca castrista por máis sinais.

—É que teñen a impresión de pegarlle ao seu propio pai –argumentaba o Xesús con freudiana explicación.

Por entón a estrela de Novoneyra brillaba intensamente, brillo que se mantivo mentres estivo no Courel. Quizais as xeracións máis novas descoñecedoras do prestixio que nimbaba a súa figura proteica, de rexo carballo nobre e forte da montaña sagrada, non souberon acceder á súa poesía, unha poesía que certamente ten certas dificultades para un lector actual.

Dun lado, Novoneyra é un autor de escasa obra, precisamente porque o seu traballo non vai de fóra a dentro, senón de dentro a fóra. Explícome: Novoneyra traballa a palabra poética, investigando, xogando, buscando desde dentro da propia linguaxe. Da mesma maneira que Miguel Anxo, nos escravos, na vez de perfilar a figura devastando desde fóra, o que fai é buscar con angustia e violencia a expresión da forza contida na pedra que loita para saír cara a fóra, a obra de Novoneyra é unha obra de precisión, de encaixe, de ourivería da palabra.

Non busquemos por tanto un tratamento conceptual ou discursivo da linguaxe, non pretendamos que o poeta verta tranquilamente as súas palabras para transmitirnos as súas vivencias ou as súas emocións. Non, na poesía de Novoneyra, a materia poética é a propia palabra que se obxectiviza, que se valora e se mide, que representa en si mesma aquilo que quere expresar. Mellor ca min teno expresado Miguel González Garcés, con quen coincidía nesta visión de maneira intuitiva, isto é, antes de coñecer a súa teorización. Di Garcés: “Pero lo que nos importa es la naturaleza del poema como lenguaje”. Cada palabra é sopesada, matizada, buscando o xogo con outras afíns, co tratamento fonosimbólico, coas aliteracións, coa percepción sensorial do son e –outra cousa tamén moi importante– coa observación silenciosa, coa meditación. Novoneyra é o poeta do silencio, da contemplación, da reflexión e cómpre acadar ese estado profundo e tenue, esa inocencia, para captar a súa mensaxe.

Non dá certamente Novoneyra facilidades. Pola contra esixe un traballo arduo de aproximación, unha xenerosidade fronte ás aparentes arbitrariedades ortográficas, ou os dialectalismos fonéticos, que son enormemente enriquecedores pero desconcertantes para quen se governe con normas estándares. Novoneyra foi un dos primeiros en advertir da ditadura filolóxica e dogmática, normalizadora pero limitadora, que estandariza, si, pero que perde a cantidade de matices, cantidade de riqueza fonética e léxica, e que ademais atenta á liberdade absoluta do creador.

A súa poesía, baseada nas nobres eufonías de graves e solemnes resonancias, nos sonoros topónimos –Courel, Seara, Montouto, Campo Lerín, Murelos..., poéticos en si mesmos; que parecen inventados, “o carreiro do sono”, abondando a súa soa enumeración para acadar unha connotación de asombro e de maxia. Na utilización dos *os* e dos *us* para acadar esa atmosfera sobrecolledora e misteriosa: o poema do lobo con ese desdoblamento de tempos, “finca a pouta (1), ergue a testa (2), e oula” (3) (e parecemos sentir nese “oula” o oubeo do lobo no poema), “coa noite na boca”.

Ou xa, sen máis comentario sobre o emprego fónico das palabras, este verso que se ilustra a si mesmo.

“O vento soio
no souto do outo outono”.

A serra. “Inmensa antiga herencia”

O descubrimento da terra, a atención que o poeta lle presta para escoitar a súa voz, é unha constante na poesía de Novoneyra que xa queda patente no seu libro *EIDOS*, do ano 55, escrito durante a convalecencia dunha longa enfermidade pulmonar, como tamén na continuación, que non segunda parte engadida, que son os *EIDOS 2*. O poeta entrégase á ollada da terra buscando un soporte existencial. Ramón Piñeiro no limiar ao libro do 55 di que *Os Eidos* marca o comezo na literatura galega, consciente e razoado por primeira vez, do diálogo entre o Home e a Terra. “Aquí –di– a situación radical do Home non consiste fundamentalmente na relación con outros homes, senón na relación coa Terra, consiste na súa relación coa vida cósmica máis que na súa relación coa vida social”. A montaña non aparece descrita, a montaña é invocada con vocábulos virxinais, cargados de matices e de precisión. A montaña está nos versos, nese labor de escese que fai Novoneyra na que unha palabra trae outra como tirando dela, como quen a espreme para extraer todo o seu zume, toda a súa significancia e suxestión. Case sempre en función da propia musicalidade:

“Fiaraza a fiaraza iase a baraza, baraza a baraza faise o nuvelo, faise o nuvelo, nuvelo a nuvelo faise o mantelo”.

O poeta fica abraiado e mudo diante da constatación da súa pequenez ante a grandeza sobrecolledora que o rodea: “Courel dos tesos cumes que se ollan de lonxe! Aquí síntese ben o pouco que é un home!”. Nos *Eidos 2* o que o poeta trata non é de describirnos a solemne grandeza, nin de procurar o espertar social e económico dunha terra tradicionalmente marxinal, senón de escoitar a Terra, de chegar á súa esencia, ao seu tránsito cósmico, ao seu misterio para poñela viva diante de nós. O poeta trata de recibir a súa mensaxe, unha mensaxe que se comunica a través do “estado de aberto”, isto é, de receptividade sen prexuízos nin reservas por parte do poeta *médium* que escoita, recibe e transmite. Este “estado de aberto” permitirá a recuperación de misterios xa desentrañados ou percibidos na infancia, cando esa capacidade de asombro non estaba condicionada por ningunha circunstancia de tipo educacional.

Esa procura do latexo profundo da Terra, ese diálogo e integración entre o humano e o telúrico, faino o poeta desde a intuición natural, desde a inocencia e a humildade, desde a observación e a meditación, desde o silencio. Integrándose o home na vida cósmica, o pasaxeiro no permanente, o fugaz no inmutable. Como di Isidoro Millán, “O Courel é un mundo pequeno, un Cosmos onde se percibe a espida danza dos catro elementos, a rotación da estación... A postura de Novoneyra consiste en síntese na muda apreensión verbal das esencias estéti-

cas das cousas”. “Fusión coa paisaxe, co tempo que transcurre..., co sentir íntimo da natureza”, en palabras moi fermosas de González Garcés. A elaboración intelectual será posterior.

Poderíase obxectar unha actitude escapista, socialmente neutra, desvinculada do colectivo, pero esa preocupación social que Novoneyra ten –poemas como o “Vietnam Canto” ou a famosa “Letanía de Galicia” así o acreditan– non era obxecto neste caso do seu traballo poético, independentemente de que Novoneyra teña unha visión bastante negativa da Historia ao considerar o mundo como un caos e a propia Historia co suceder caótico do Home. O que el busca, o que el pide é unha substancia sustentadora á natureza, algo que nos xustifique e nos redima.

A actitude de Novoneyra, con ese ensimesmamento, con esa reconcentrada meditación e con esa vivencia da natureza que lle permite sentir, no máis fondo da súa psique, mesmo aquilo que resulta fisicamente imperceptible, “Sinto unha cousa que se apousa en min e non me toca”, non está lonxe de certas escolas poéticas orientais. Esixe unha resposta total ao silencio da Terra, deixándose ir, esvarando ata formar un todo con ela, chegando á plena identificación, sen que se saiba onde empeza un e onde termina outro. Home e Terra son o mesmo, forma parte dunha mesma substancia:

“...Os fíus da
auga técese cos fíus do sono que
eu soño”

.....

“Canta a fontíña
canta a fontela
i anque a canción é
dela
ten unha cousa miña
polo que podo entendela”.

Novoneyra poetiza o que ve, cos ollos físicos e cos ollos da alma, o que está ao seu carón, o que coñece. A serra do Courel, a súa solemne grandeza case intimidatoria, o ciclo fluente e vario das estacións, os seus cromatismos, o seu clima, a súa vexetación. O Courel está presente nos topónimos, na natureza circundante, pero a pregunta de Novoneyra non se dirixe exclusivamente, unicamente a esas terras. A pregunta de Novoneyra é a pregunta á Terra, non importa cal sexa o desencadeante local que o propicia. É un interrogante metafísico que atinxe a nódoa, a raíz máis fonda da existencia. Probablemente sen a presenza do Courel, Novoneyra nunca tería chegado a formular esa poética pero iso non indica nada.

Tamén inflúe a disposición de tempo e de reflexión, a propia convalecencia, a soidade dun mozo enfermo, moitos outros habitantes do Courel tiveron as mesmas circunstancias físicas diante dos ollos e ningún deles atinou a plasmar en versos a experiencia, como si o fixeron Novoneyra e María Mariño. Unha vez máis, do particular ascendemos ao Universal, a montaña do Courel podía ser outra, a pregunta de Novoneyra sería esencialmente a mesma.

A ollada sobre a Terra, a penetración no seu segredo, é intemporal, vale para o pasado e vale para o futuro. Por dúas razóns fundamentais: porque “o ritmo da vida nas terras do Courel obedece –dinos Ramón Piñeiro– á lenta reiteración do suceder cósmico. O Abril, o Outono, a Néboa, o Vento, son sempre os mesmos...”, e porque, ademais, o pasado vívese como presente, esluíndose nun todo as sucesións temporais:

“Ando limpando a casa de cacharros e trastos lacenas e faios sin deixar rechubazo, ando a tocarlle as mans ós antepasados”.

Pero a presunta salvación que se buscaba non existía, ou cando menos non foi encontrada. No derradeiro capítulo, titulado “Don do silencio”, a cala e a escoita do silencio é levada ata as últimas consecuencias, ata deixar a ollada núa, espida, baleira:

“A ollada vai
mais non leva nin trai”.

Xa non hai nada en que ficar, xa perdemos a inocencia, xa coñecemos a morte. Xa non volveremos a agardar de nada unha resposta absoluta.

Entrevista radiofónica

Uxío Novoneyra en “Terra e xente”

Manuel Rico Vereá

Entrevista a Uxío Novoneyra, realizada o 26 de marzo de 1988, que se emitiu no programa “Terra e Xente” de R4 de Radio Nacional de España en Galicia. Guión e dirección de Manuel Rico Vereá.

M.R.: Nunca mellor chamado este programa “Terra e xente” tendo entre nós a Uxío Novoneyra. –Boas tardes Uxío.

U.N.: Boas tardes

M.R.: Nunca mellor chamado e nunca mellor dito porque, Uxío, na túa obra máis significativa, Os Eidos, agroma a terra e agroman todas as inquedanzas dunha persoa comprometida coa súa terra.

U.N.: Si, eu creo que todos estamos comprometidos coa terra; incluso aqueles que cren que non o están.

M.R.: Uxío –reiterando as notas críticas de Méndez Ferrín– deixounos en Os Eidos unha tremende representación de si e das súas montañas nativas do Courel. Dinos Méndez Ferrín: “O poeta, en suma soidade perante a natureza é un finísimo resoador no que percute cada cousa de fóra e dita un son soberano e diverso”.

Estamos ante un home que nos dá unha poesía esencial, espello do cosmos que axiña evolucionará cara a un dicir máis adusto e discursivo en Elexías”.

Un poeta coma ti, Uxío, imaxino que está falando e respirando por todos os galegos que foron e falaron a nosa lingua; a lingua soporte e transmisora da nosa cultura.

U.N.: Si; dicíalle eu nunha homenaxe a Díaz Castro: “Aínda que o teu gran poema, O monumento ausencia, algún día se perda, ou a xente deixe de lelo, ou deixe de ser actual –dicíalle– ti seguirás sendo como todos, ou mellor

dito, ti quedarás como todos quedaremos pois xa estamos na lingua, con todos os rostros do noso pobo, cada un co seu xeito, que se animan e volven cando falamos, como agora.

M.R.: Dun home que falaremos hoxe tamén no programa.

Uxío Novoneyra nace en Parada de Moreda, na Serra do Courel, o 19 de xaneiro de 1930.

Fillo de labregos, alí, na alta montaña, no medio de “corpudos soutos e terras labradías... xorde o máis fundamental da obra do poeta destinado a prestar o mellor da súa voz, o esencial do seu canto, á natureza que o invade enteiramente”. Isto é o que di de ti un poeta, Xesús Rábade; un poeta que parece captou a túa mensaxe plenamente

U.N.: Si, Rábade fixo realmente un estudo de Os Eidos que quedei incluso asombrado; pero despois xa non quedei asombrado porque Rábade ten unha infancia labrega e sabe o que é a terra. E dicir, a terra é moi distinta para un labrego que conviviu con ela e para quen a vai visitar un domingo e di paisaxe en vez de dicir terra, por exemplo.

M.R.: Díciame fai poucos días un amigo: “Mira, aquí dicimos que chove e que fai mal tempo e o labrego está esperando que chova.”

U.N.: É que é moi distinto; o labrego ten unha sintonía profunda e distinta; é distinta a terra...; A terra esixe moitas miradas para ser coñecida, é dicir, non abunda... esixe moitas miradas en moitas épocas; esixe moita paixón e saber que non se ten máis ca iso; ademais iso é o que lle dá o seu carácter, o grisameu sagrado, de significación total.

M.R.: Unha inmersión e observación; é o home que está mesturado no medio da natureza, que sabe cada cousa que pasa arredor de si; sabe do cantar dos paxaros; sabe do raiar do sol...

U.N.: Si, eu recordo que aínda antes de saber o que significaba que un paxaro canta –como din os biólogos– para delimitar o seu territorio... Eu non sabía que un paxaro canta para delimitar o seu territorio pero o que eu sabía é que o paxaro non voaba fóra do ámbito, que abarca o seu canto. Entón en Os Eidos dicía: “Paxaros voando o ameto do canto”.

M.R.: Sempre palabras concisas. Uxío, antes de pasar á túa obra central imos seguir as túas andanzas dos anos mozos, se che parece. Seguro que son milleiros de instantáneas que conservas na retina dos teus ollos dende aqueles anos de neno diante daquela devesa xa famosa no libro do Courel: a deve-

sa Rogueira, rodeada de teixos, de carballos, de bidueiros, de freixos, de careixeiras, chopos, nogueiras, abelaneiras... Un espectáculo: “invernos de lobos e ventos e mensaxeiros veráns de mares de centeos”. De seguro que moi-to nos podes contar...

U.N.: Si, é o que pasa coa imaxe que vai quedando no fondo dun, a imaxe da súa terra. Realmente só podes dicir algo da terra cando estás nun intre de silencio, realmente quizás nunha conversa... a terra nunca sae nunha conversa. Ti da terra dis algo en soidade, pero non é precisamente a emoción da terra a emoción que se presta para soste-la unha conversa.

M.R.: *Compréndote. Ós quince anos, Uxío, trasládaste a Lugo e alí atopas a un compañeiro, Manuel María, que vai ser o futuro cantor da Terra Cha. Eu preguntóme ¿por qué tantos cantores da terra luguesa? ¿por qué tantos cantores que saben traballar a palabra?*

U.N.: Pois mira unha cousa, precisamente eu lle pedía fai pouco a un novo profesor, a un poeta e novo profesor, que fixera a antoloxía da poesía labrega luguesa do século XX; o cancionero da poesía labrega luguesa do século XX. E por iso me preguntaba eu tamén ¿por qué tantos cantores da terra deste século? Porque a cultura labrega está en crise, por iso... Imaxínate que en dous mil anos, que levaremos dunha cultura labrega, ou máis, unha cultura galega perfectamente delimitada, instalada, non xurdiron, non saíron cantores en Lugo, por exemplo, onde a cousa labrega ten como en todas partes –pero alí case con exclusividade– unha presenza poderosa.

Simplemente porque entrou en crise neste século e por iso xurdiron tantos cantores e algúns pintores sobre o tema labrego porque, quizais é polo que di Machado “se canta lo que se pierde”. É un querer rescatalas para todos, rescatar aquel mundo que xa era un mundo que tiña un certo toque de eternidade, un mundo que nos parecía eterno. Imaxínate un mundo que xa tiña dous milenios e que de repente entra en crise e se desintegra a gran velocidade; é dicir, aínda non se acabou de desintegrar pero vai camiño para se desintegrar; estase desintegrando; estase perdendo e é un mundo case de toda a nosa formación como pobo, un mundo durante o cal se fixo a nosa lingua.

M.R.: *Exactamente. Ti mesmo dixeches máis dunha vez como foron descubrindo a patria os mozos nados na vosa xeración e incluso na miña xeración... O silencio imposto pola guerra e a primeira etapa da posguerra impediu que chegáramos a oír falar a alguén de galeguistas, de galeguismo, de Galicia*

como nación; incluso de Castelao ou doutros símbolos. Sabían moi ben os mestres cal era o seu destino se dicían algo relacionado coa Patria.

U.N.: Eu xa non sei se os mestres que chegaron a min sabían algo ¿non?; desde logo o que sei é que non o deixaron translucir nunca. Eu creo que algúns nin o sabían xa pero o certo é que a Galicia, e dicir, a Galicia histórica, recente, pasada, desa nunca nos falaron nada. Nós chegamos ós vinte anos (os que nacemos seis anos antes e durante a guerra civil) chegamos ós vinte anos sen oíla palabra galeguismo sen saber que houbera nesta terra un movemento galeguista.

M.R.: Simplemente estabamos metidos nos problemas do noso mundo.

U.N.: Exactamente. Iámolo descubrindo pouco a pouco. Quizás así foi mellor, porque moitas veces cando a un lle dan as cousas como feitas e llas interpretan, nunca llas interpretan como son realmente; nunca se chega a un coñecemento como un o vai conseguindo cando o consegue con dificultade e tamén alcanzas un coñecemento máis profundo.

M.R.: No ano 49 trasladaste a Madrid.

U.N.: Si, por primeira vez. Tiven dúas idas a Madrid; unha do 49 ao 51 e logo paso 11 anos no Courel e volvo do 62 ao 66.

M.R.: Esta saída da terra... Case que sempre as saídas da terra aportan visións que non se descubren sen saír do mundo onde se está inmerso.

U.N.: Si, é curioso pero eu niso funciono algo ao revés. Sinto máis a terra canto máis diante a teño.

M.R.: Pero a problemática e o querer liberar a terra... realmente non sentiches...

U.N.: Si, si. Iso é constante; é dicir, noto que en min é atípico. Eu non son máis galego na distancia, nin son máis courelao fóra do Courel; nisto, a pura presenza da terra e do pobo... canto máis de cerca a vexo máis a sinto. Precisamente esta é a condición que incluso ten a miña poesía de *Os Eidos*. É unha poesía da terra non por nostalxia senón por presenza; por iso se diferencia da poesía da terra do século XIX e de principios do XX, porque o que se canta é a pura presenza.

M.R.: Neses tempos redescubrías, polo menos, a patria que deixaches plasmada naquelas verbas: “Iste día que chove”.

U.N.: Si iso era xa unha consciencia distinta, é unha consciencia de tipo..., é unha emoción xa social e política distinta. Era onde eu estaba empezando a coñecer; andaba a tentas encontrando o noso pasado histórico e buscando a tentas o fundamento da nosa fidelidade; por iso digo iso de:

Chámanos iste día que chove.
Chámanos cada verba
cada sorriso cada xeito cada ollada nosa
cada val e cada teso

M.R.: Moitas mensaxes xuntas. No ano 51 xa había en Compostela o primeiro grupo de estudantes galeguistas que xurdían arredor de Ramón Piñeiro, o mentor de toda a galeguidade naquel intre. Hai poucos días tivemos a outro conversador que nos dicía que naquel intre case que todos cabiades arredor da “mesa camilla” de Ramón Piñeiro. Alí estaban Bodaño, Franco Grande, Ferrín... E aquel feito tamén o debuxaches co mellor pincel, a palabra, nun poema que nos vas recitar se te acordas.

U.N.: Eu chegara a Compostela, eu estivera en Compostela no 52, cando cheguei de soldado con Manuel María e encontreime con aquela pena espléndida que se reunía no café Español, onde está hoxe a delegación da Voz de Galicia. Era unha pena á que asistía Pedraio, Maside, Piñeiro, García Sabell, Ferrín... Ferrín xa en anos posteriores, -a Ferrín encontrárao eu no ano 57 e estou falando do 52, xa incluso fora pintado o café doutra color. Entonces, claro, en fin, eu entonces coñecía a Piñeiro pero ese poema alude a unha vez que vin no ano 57 a Compostela cando, por primeira vez, un grupo de estudantes galeguistas, debían ser uns 15 ou 16, fixeron a primeira serie de recitais e conferencias que inaugurei eu precisamente cun recital de poesía medieval cuxa presentación fixo don Ramón. Non asistiu el porque fora a Trasalba ... pero léronse as palabras de Don Ramón Otero Pedraio. Foi o primeiro acto que houbo na Compostela da posguerra e, imaxínate, pois foi xustamente fai 31 anos no círculo mercantil o 22 de febreiro do 57.

M.R.: E que romperon todos os asistentes nun aplauso grande a este segrel cando recitaches aquel poema do Mendiño.

U.N.: Aquele poema de Mendiño tan tremendo. Si, si, foi verdade; poucas veces conseguín volver dicir aquel poema. Moitas veces o teño intentado dicir e só, entre moitos recitais que teño feito de poesía medieval, só aquela vez e outra conseguín darlle ao poema de Mendiño o ton que xustamente esixe; unhas veces pasábame de voz, outras quedábame e tal, porque, moitas

veces, cando un lle dá demasiado luxo á voz pois perde calor; se lle das calor perde o brillo que ten tamén o idioma dos poetas medievais. Pero o que me estabas falando ti daquelo de Compostela, aquel poema escribiraos naquela época no ano 57:

Galicia, será a miña xeración quen te salve?
Irei un día do Courel a Compostela por terras libradas?
Non, a forza do noso amor non pode ser inútle.

M.R.: Ben-Cho-Shey, pseudónimo de Xosé Ramón Fernández Oxea, inspector de ensinanza dos que precisa Galicia neste intre, galeguista por paixón e convicción, foi aglutinador de tarefas culturais galegas en Madrid. Acordaraste del. O seu consello e a súa erudición foi pedra fundamental dun grupo no que estás integrado.

U.N.: Si. Sempre me integraron no grupo Brais Pinto. Eu cheguei ao grupo Brais Pinto cando o grupo xa estaba nos epílogos; xa se estaba desfecendo porque os seus integrantes acababan de estudar a súa carreira universitaria en Madrid e xa estaban empregándose en institutos de provincias e xa só ían a Madrid a facer oposicións a cátedras, como Ferrín ou Bernardino Graña. Pero aínda había un núcleo moi interesante en torno a Raimundo Patiño, núcleo do que formaban parte bastantes estudantes galegos e traballadores como Bautista Álvarez ou Herminio Barreiro; entre os estudantes tamén estaba Luís Orchomez que agora é profesor en Compostela e moitos outros como Cribeiro, que se casaba por aquela época... con eles inaugurouse unha segunda época miña pero eles xa non interfíren na miña época dos Eidos. O poeta de *Os Eidos* é un poeta previo a Brais Pinto que despois fixo reverdecer unha etapa miña xa ligada á primeira época de Madrid; unha etapa sobre o esquerdismo, sobre o antifranquismo que había de fondo pois mobilizáronme de novo esas cousas que quedaban da miña mocidade.

M.R.: Precisábanse símbolos e bandeiras para gritar.

U.N.: Claro. Eles xa o introduciran ben na literatura galega porque, realmente, eles son os que introduciron o marxismo na literatura galega.

M.R.: Alí, en Madrid, segundo che oín dicir é onde estaba o maior número de galegos xuntos; ese é o Brais Pinto...

U.N.: Si, si, realmente falaba eu, conseguía falar tanto galego en Madrid como en Galicia e aquel grupo de Brais Pinto era encantador, era un grupo encantador e pasámolo moi ben nunha época chea de entusiasmo, é dicir, quizá

aínda máis entusiasmo; alí había máis pureza revolucionaria que no 68; era o 62, 63, 64 e 65 cando se estaba xestando o 68.

M.R.: As últimas boqueadas...

U.N.: Si; eu xa non estiven no 68 en Madrid pero estábase xestando; xa estaba entre aquilo e xa latía tamén a mocidade universitaria daquela época...

M.R.: O colectivo Brais Pinto, todas as persoas que encarnaban esta célula, realmente, tamén é de onde xurde o, poderíamos dicir, nacionalismo de esquerdas.

U.N.: Si; realmente era aquel grupo; aquel grupo xa é o que entra na fundación da UPG; estamos falando do 62-66 e a UPG fúndase no 64.

M.R.: Eran anos nos que empezaba a agromar un movemento de cara á liberdade que ben plasmaches ti nun poema escrito entre Madrid e o Courel polos anos 62-64. Era o poema que titulabas Libertá

LIBERTÁ chamas nos ollos tristes nas caras do METRO
nos que xa perderon o futuro e ganan o pan con sobresalto
na gran cidade nos tesos cumes i en todo o silencio pre-
guntado.

Vélante os xoves
i os que saben da morte e xuntan inseguranza e desamparo.

Cando vexo un neno penso en ti
e si oio un bruído sin nome coido que ti chegas i acude
todo o sangue.

Todo bruído sin nome é un agoiro.

M.R.: Pasaron os anos daquela afección bronquial contraída nos cuarteis e que te tivo inmobilizado no Courel. Foron os máis intensos anos na súa actividade poética e, segundo penso, percibiches, como moi ben describe Piñeiro, “unha misteriosa, profunda e estremecente sensibilidade de canto pisabas cos teus pes, de canto abranguías cos teus ollos, de canto tocabas coas túas mans... todo tiña unha limpa e queda voz interior que se transfundía na totalidade do teu ser enraizado”. Podía un poeta pedir algo máis?

U.N.: Si; Piñeiro aí fala de cando eu empezo a escribir en galego, é dicir, de cando eu empezo a escribir *Os Eidos* que foi xustamente a unha ida o Courel; déronme un permiso militar e tal para ir ao Courel; estaba enfermo e entónces cheguei alí e, eu non sei se era pola presión que produce en toda persoa o servizo militar porque, de repente, deixas de ser dono de ti mesmo; dáche a impresión que outros son donos teus e, creo que o son, e entónces tan pronto como hai un refuxeiro que te liberas desa tremenda cousa... Quizá o servizo militar vale para moitas cousas; entre elas vale para saber por qué os pobos loitan pola liberdade; porque un sabe que no servizo militar perde a liberdade; é dicir, a min valeume para aclarar unhas cantas cousas coma esa e tamén... dáse no pulo da mocidade –a mocidade tamén no seu maior pulo é algo fatua– e tamén o servizo militar corta esa fogosidade; eso é o único que ten de positivo. Pero, en fin, nese intre é cando me dan o permiso e chego ao Courel e descubro que a terra, naturalmente, foi impresionante, aínda que eu vivira sempre nese medio descubríraa como algo novo; é dicir, é como algo que logo naquel intre chegaba e que me acollía. Atopeime liberado e acollido.

M.R.: A terra sempre acolle a un con magnanimidade.

U.N.: Acollido pola terra e pola infancia ... sobre todo cando a terra é a terra da infancia pois ten outra cousa, é dicir, acóllete cerrando todos os flancos que tes de desamparo.

M.R.: Do 62 ao 66 volves a Madrid e traballas na televisión e na radio en emisións poéticas de todos coñecidas. E aquí nace un poeta con creación que denotan unha preocupación pola temática do país, da terra... a túa voz érguese contra a porta xorda da ditadura... Acórdaste daqueles intres e daqueles programas de poesía en Compostela ou poesía en imaxe.

U.N.: Si... pasa igual que coa pintura; co que dixeron despois os pintores: “o importante da pintura é o intre de facela”. O importante da radio é o intre de facela. Eu non sei se despois ten moita transcendencia ou non pero o facer radio é moi *salado*. Eu acórdome que facía simultaneamente radio e televisión. Tíñalle á radio especial cariño porque nela primaba especialmente a voz. A voz é algo que un pode controlar totalmente... A miña voz non creo que sexa demasiado privilexiada; quizais foi unha conquista porque, a miña voz non é demasiado extraordinaria; a proba é que nunca conseguín aprender unha canción.

M.R.. ¿Como se ergue esa túa voz contra a ditadura?

U.N.: Pois... desa volta ao Courel, aló no ano 66, cando... Houbo unha primavera política que vai do 62 ao 66; no 66 xa se empeza; xa recede aquel ímpeto... No 62... eu recordo que en RNE tiña bastante liberdade para dicir cousas... No 66 xa notaba que non había tal liberdade e por iso xa o deixei... E, tan pronto como cheguei ao Courel, chegaron de Madrid preguntando á garda civil por min... Había xa unha presión; había xa un seguimento... E chegado ao Courel é cando escribín este poema; é cando percibo que volve... ten conciencia de estar en perigo e volve a afiar a súa pouta e a afianzar a súa pouta.

Porta xorda cravada que o pulo sabe!
Dende puño teso a premer baleiro!
Cando volva o vento
serás ti Libertá ou somente abalar de árbores?

Rota a corda que tempera a forza do sino
un pobo enteiro rébrese no tempo
Folga Xeral contra da historia.

Cumpría agouxarse en calquer ichó
mais seguíñ fora á xistra
velando norde estrela longa brillo intuído.
Alguén chama. Alguén agarda.
Corazón tente
sostén a gran lembranza
pra que volvan homes.

M.R.: *Hai 20 anos, no 68, cando estaba dando as últimas boqueadas a dictadura, antes do último estado de excepción, estiveches na Coruña, na casa da cultura, nun recital que rematou cun poema que marca época na súa maneira de facer poesía.*

É un poema que entre outras cousas nos recorda aqueles 25 anos de paz que nos meteron polos ollos con carteis que ata cubrían as paredes dos pendellos das nosas aldeas nos sitios máis recónditos...

Vietnam Canto, segundo di o mestre Ferrín, representa con Letanías de Galicia, a poesía esencial... En Vietnam Canto esa poesía esencial “estalará vivaz en formas dinámicas, anafóricas e centrífugas”...

¿Pódesnos recordar aqueles versos?

U.N.: Diremos un “Vietnam Canto” soto voce.

[illegible]

mortos caindo polos teletipos
lúas de LI PO afondadas pra que a lus seña a A de
LIBERTÁAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAA

Ouh canto teño de vós pequeno que son desta paz morta
noitenoite

partir esta n / o / i / t / e en anacos
que en cada un só quepia un home
en pé

entran nas cidades do SUL ESTE lonxe

e xa todas son a aldeíña dó lado

HUE SAIGON DANANG

con irmaos e parentes meus

galegos de a diario

mais que nono esqueceron como nolo esquecemos

tanto que ás veces perto chaman *home*

e

ollamos por quén

non son eu tamén

quen eiquí quedo

que estou matando eilí

luxando GALICIA como se luxan

KANSAS NEW JERSEY CALIFORNIA COLORADO

IOWA

nomes tan limpos?

perdón por esta paz

PAZ en carteis xunto a COCACOLA

PAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAPAZPAZPAZPAZPAZ

pra tapar tanto tanto

muro

valeiráronolos nomes

mais inda

indainda pobo

podo dicir o teu con forza

inda se pode decir o teu nome dos que alá caín

podemos

deles temos de novo nome:

h o m e p o b o

/ MARIA MARIÑO dinamiteira da FALA /

h o m e p o b o

h o m e p o b o
aquíl por siglos foi un pobo como é o meu
o meu por anos foi un pobo como é aquíl

IRMANDIÑOS DE GALICIA VIETCONG

entre miña nai ANA amor íles
entre íles amor ANA ti
tres estudantes en Lugo sin os nomes
en VIGO MÉNDEZ FERRÍN co'il
en vós MARIA MARIÑO CHÉ bágoas 1967

non
eu sei que cantar non é igoal
perdón tamén por iste tempo cas palabras
anque sinceiras tein tarde polos lados
e puntos suspensivos calcados do refrixerador dun cañón
.....
o canto parou sin rematar
1968

M.R.: Os temas sociais e políticos están espallados por toda a túa obra porque es un home que sentes a terra ...

A nosa complicada realidade sociopolítica que vive de costas á realidade que xa vimos naqueles versos, "Galicia será a miña xeración quen te salve?", resúmese na célebre letanía de Galicia

U.N.:

GALICIA digo eu un di	GALICIA
GALICIA dicimos todos	GALICIA
hast'os que calan din	GALICIA
e saben	sabemos

GALICIA da dor	chora á forza
GALICIA da tristura	triste á forza
GALICIA do silencio	calada á forza
GALICIA da fame emigrante	á forza
GALICIA vendada	cega á forza
GALICIA tapeada	xorda á forza
GALICIA atrelada	queda á forza

libre pra servir	<i>libre pra servir</i>
libre pra non ser	<i>libre pra non ser</i>
libre pra morrer	<i>libre pra morrer</i>
libre pra fuxir	<i>libre pra fuxir</i>

GALICIA labrega	<i>GALICIA nosa</i>
GALICIA mariñeira	<i>GALICIA nosa A</i>
GALICIA obreira	<i>GALICIA nosa</i>
GALICIA irmandiña	<i>GALICIA nosa</i>
GALICIA viva inda	<i>GALICIA nosa</i>

recóllote da TERRA	estás moi fonda
recóllote do PUEBLO	estás n'il toda
recóllote da HISTORIA	estás borrosa

recóllote i érgote no verbo enteiro
 no verbo verdadeiro que fala o pueblo
 recóllote pros novos que vein con forza
 pros que inda non marcou a malla da argola
 pros que saben que ti podes ser outra cousa
 pros que saben que o home pode ser outra cousa
sabemos que ti podes ser outra cousa
sabemos que o home pode ser outra cousa
 1968

M.R.: O canto telúrico, segundo di Rodríguez Fer, parte de dúas vivencias substanciais: a peculiar vivencia da paisaxe, da terra e a integración cósmica de Uxío.

U.N.: Así lle chamo eu; non sei se paisaxe e terra significarán a mesma cousa pero, para min, a palabra paisaxe que tanto aplicaron á miña poesía resúltame allea. A paisaxe paréceme sempre de señoritos de domingo ou de viaxes en domingo; paréceme unha contemplación branda da terra; a miña poesía non ten ese sentido; é un estar tan metido na terra que xa non se ve; chégache pero non se ve; é outro silencio; non é unha contemplación demorada e degustada como é a paisaxe.

M.R.: No teu canto transformaste no intérprete excepcional da fonda veta panteísta e naturista do home galego... ¿Percibiches o papel que xa che ten asignado a nosa sociedade que se sente realmente galega?

U.N.: Si; eu non sei que papel lle ten asignado a un a sociedade pero curiosamente o que pasa é que eu esto –pasoulles a moitos e moitos tamén o percibiron– escriboo para aqueles que non o len.

M.R.: Dis moitas cousas neso

U.N.: Si é un don popular que se vive no silencio ¿non? mais para eles escribe un; para os que nunca len.

M.R.: Moitas veces chegan a asimilar a obra precisamente cando é auténtica.

U.N.: Si; poder asimilar si, realmente, pero eso é tremendo; con eles está o corazón de un.

M.R.: Pasa a asfixiante etapa dos anos 70 ...

U.N.: Si; hai un poema. Naquela época a marea da emigración chegaba ao máximo. Eu recordo que cruzaba a miña aldea e a metade estaba baldeira, e dicir, son as casas dos emigrantes; pasabas por elas e non había nin luces nin nada; era tremendo.

Un cando ve casas clausuradas que estiveron abertas durante séculos pois automaticamente houbérase podido facer en cine unha cousa impresionante que sería un automaticamente... ao ver unha casa pechada ves todas as xeracións de homes que viviron nelas sentados na porta.

M.R.: Cousa que xa non se segue facendo hoxe, xa non hai tempo para sentarse na porta e ver as estrelas.

U.N.: Iso tamén é certo pero todo eso é algo tremendo, chegas a ver unha visión alucinante. Ben, pois naqueles anos chegou a despoboación de Galicia ao seu intre máis tremendo porque agora a xente está volvendo pero xa non volve con fillos nin con netos; volven eles; realmente volven para... estarán as aldeas cheas ou mediadas por un tempo e logo desaparecerán. Isto non só pasa en Galicia; pasa en Castela e pasa en todas partes. A montaxe económica foi feita de tal maneira que quedaron baleiras as vilas en Castela e as aldeas en Galicia. Foi unha desatención do mundo campesiño e labrego como din aquí. Naquela época escribín un poema a unha nena que recen nacía e aparecía o problema detrás do baleirarse Galicia de nenos.

INDA nacen nenos
naceo IRIA GALA
inda nacen nenos

ALAGAIRI
IRIAGALA

con calqueras letras faise unha palabra
mais a verba a verba
leva todo un pobo leva todo o tempo

IRIA
GALA

o mazairo roxo deu flores en agosto
entre mazás feitas flores novas
entre GALICIAS unha nena
entre onte
entre hoxe e sempre

e hai máis sinais
hai días así con nebras máis limpas e ledas que o azul
i é que nacen nenos
inda nacen nenos
anque un xa é valumbo
valumbo que me leva onde non son con tanta cousa tanto
alleo mundo
e por qué me queixo?
por qué un poema verdadeiro sempre é triste?

conózote HISTORIA anque esta nena estete desmentindo

DANZA-MALLA do mosquicio no curral

a ollar dende os ollos das vacas fago Pedrafita diste intre
pra que teñas un sitio onde parar
cando tamén ti sepas que o tempo é algo a contar cara tras
e digas:
o FUTURO só é un sitio desd'onde ollar pra hoxe.

M.R.: Oínche falar algún día do eterno elexíaco galego. Escribiches moitas elexías. Ferrín di que as túas elexías son exemplo paradigmático do que Brecht considera a verdadeira forma: a ordenación dos contidos. As túas elexías “son inmensamente formais e inmensamente conceptuais”. Di el: “aséntanse

nelas o intimismo xunto coa experiencia cultural e social urbana". Gustaríame que recordaras a un poeta que debemos revitalizar non só hoxe senón nos días sucesivos; a elexía a un gran poeta de Guitiriz

U.N.: Si; este é o último poema que escribín; realmente é un poema que escribín no novembro pasado. É a última elexía que non está entre as elexías das que fala Ferrín pero, en fin, está o elexíaco; non cabe dúbida que está o elexíaco presente e por primeira vez un fala desta elexía que lle oín a outro poeta lugués desde a altura da súa idade; aínda falaba coma se fora un rapaz pero esta elexía, eu xa o asumo á miña idade fronte a idade máis avanzada do poeta da homenaxe, o poeta Díaz Castro.

Xa é a idade un vértigo
e o pasado non encorga
se nón que traga os días
coma a cova no río

Nin toda a gracia a parará
nin a mesma poesía o amor a mocidade
nin a infancia gardadas
nin sequer ter levantado ese monumento do neno
que parte tras Parga en pleno vrao
diante do que eu vin chorar
como sempre choraron as mulleres
a moza emigrante que se fora de nena tamén se fora
a ausencia e a volta do mesmo corazón

Ouh terra verde, mar de orballo
....

anque caía o monumento a ausencia
ti quedarás como todos quedaremos
pois xa estás na lingua
con todos os rostros do noso pobo
cada un do seu xeito
...
cando falamos como agora.

M.R.: *Na campaña anti-OTAN Uxío, acordaraste ben, liches outra elexía que pode marcar outro fito; unha elexía que nos falaba dese problema da OTAN. O corvo nuclear. Si, titulábase o corvo nuclear.*

O corvo nuclear

M.R.: E despois deste repaso, desde a túa infancia ao que é hoxe a túa existencia, xa temos que facer un repaso polos Eidos.

Hai xa 33 anos que nos deches a obra mestra froito dunha apertura do ser que procura a identidade existencial.

Son moitas as cuartetas de poesía tradicional onde o pobo desenvolveu un proceso estilístico moi característico e coñecido por dicotómico: Nos dous primeiros versos exprésanse as observacións da natureza. Ti nos manifestaches antes a observación da natureza; o home do rural coñece canto hai ao seu redor. Nos dous segundos versos dá unha mensaxe fundamental. Esta cultura tradicional móstranos un coñecemento detallado da natureza que ti ben coñeces. Pero Os Eidos poden ser o cumio desa experiencia acumulada que o poeta canta nitidamente. O espectáculo da natureza do Courel, da Devesa de Rogueira, da neve, ... todo está rezumando na obra ¿non si?

U.N.: Si é que, en fin, un... cando escribía Os Eidos pensaba que, se descubría a voz, se encontraba a voz daquel silencio –do silencio daquelas cousas que tiña diante– tería a gran mensaxe; e dicir: cría que solo encontra aquilo, eso o salvaría e, como cría naturalmente conseguía que o salvase; despois, co tempo, xa un deixou de querer que haxa posible salvación pero entón un creu neso e entón as cousas realmente o arrouparon e o salvaron.

M.R.: Polo menos salváchela para que quede para a historia.

U.N.: Para que quede para transmitila a outros; para a historia realmente téñena recuperada; é dicir, a cultura campesiña a cultura labrega ten un longo depósito do silencio da terra.

M.R.: Pero Uxío, aínda se atopa a xente que di: isto é cousa rural; isto non vale para nada.

U.N.: Eu non sei... moitas veces din os mesmos que se chaman revolucionarios galegos: “isto é cousa rural”; e mesmo os que loitan pola lingua e non saben que as tres cuartas partes, ou as catro quintas partes da lingua galega son o rural e o mariñeiro, é dicir, se non existira iso non queda nada de identidade que defender e, ademais o rural está aí. Tamén é algo de tontería esta cousa que hai contra o rural cando a maior parte do pobo galego é rural.

M.R.: Pero quérese descoñecer... estas vangardas que nos veñen...

U.N.: Si, esta vangarda... Houbo un momento en que o alongamento do rural

pois... podía ser interesante porque só se facía literatura rural pero, agora que xa ninguén fai literatura rural, case que os que a fan acabarán sendo novidade fronte á literatura cidadá de mínimo aporte porque, claro, como nós temos moi pouca experiencia cidadá a nosa literatura ten moi pouca experiencia cidadá pois realmente non chegan nin á metade da intensidade cultural de outras culturas que viviron si sempre en grandes cidades.

M.R.: Dígoche isto sobre todo porque aínda non hai moito estiven nun certame literario e dunha obra un crítico dicía: “isto é moi rural, moi rural.”

U.N.: Ben, por outra parte a min pásame o seguinte; na miña poesía incluso o rural é limitado; e é limitado como obxecto, e dicir, aínda que eu cante á terra non a canto no sentido da tradición rural galega.

Quizais eso puido ser a novidade de *Os Eidos*. Por primeira vez cantábase á terra e non se cantaba a tradición nostálgica rural pasada. O texto sometíase a unha presión moderna; era un sometemento do texto, precisamente ese *denudar* o texto ata o último era sometelo a unha presión moderna.

M.R.: Concretada no mínimo número de palabras.

U.N.: Non era por mínimas palabras; o que pasa é que coas palabras pasa unha cousa moi curiosa. Ti cando dis unha cousa e dis outra ao lado e outra, ás veces as tres cousas ocúltanse unha a outra. Entonces se un eliminaba palabras era para que algunhas cousas quedaran moi actúantes porque esto nótase moitas veces no dicir. Se ti potencias fortemente un verso o seguinte reséntese; e se o baixas ou atenúas o seguinte pódello potenciar ao máximo. Nesa función e o que a cousa *escueta* da poesía de *Os Eidos*; é para que certas palabras nos dean todo o seu eco e toda a súa fondura e todo o seu silencio.

M.R.: Dinos algún verso desa terra do Courel.:

U.N.: Hai aquí unha serie de poemas da neve...

Dobran as campás da neve
A alma de seu gardada
Tornouse aínda máis calada
E nin pode nin se astreve.

M.R.: O lobo é un animal cheo de simbolismo, Uxío; o lobo aproveita a noite para cazar; o lobo é fero e sanguinario ao dicir das xentes; o lobo é unha criatura malférente. Ti falas do lobo en Os Eidos ¿Como é ese lobo?

U.N.: O lobo de *Os Eidos* é un deus da soidade; mais ben é unha imaxe da soidade; da soidade máis tremenda; É dicir, o lobo representa a máxima soidade, esa soidade non atenuada, cantada, aulada para a noite; ese é o lobo. O lobo de *Os Eidos* non é un animal perverso, que xa sei que o é, que é moi artimañeiro, e que sabe cazar moi ben... coma un home; sabe facer un proxecto de caza de corzos coma un home. Non, non, o meu lobo é un príncipe da soidade.

COUSOS do lobo
caborcos do xabarín!
Eidos solos
onde ninguén foi nin ha dír!

O lobo! Os ollos o lombo do lobo

Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairas dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
en busca da bagoada máis sola e máis medosa...

Rastrexo
párase e venta
finca a pouta ergue a testa e oula
ca noite na boca...

M.R.: Os ciclos estacionais teñen uns tempos ben marcados polos ciclos festivos e polos labores da terra.

A primavera é un canto de mil paxaros que cantan o agromar da natureza.

O verán ten a súa expresión máis intensa nos traballos das colleitas do pan que todos vivimos na nosa infancia.

No outono soutos e fragas deixan caer as súas vestimentas e as noites medran e medran porque vén o inverno.

¿Como é ese inverno montañés, Uxío?

U.N.: El anunciase previamente; a finais do outono xa se anuncia o inverno. ao lado da miña terra, en Valdiorres, en Valdeorras, como din os demais –no Courel dicimos Valdiorres– hai un dito tremendo: “Dobran as campás da neve e o vento precursor das grandes nevadas”.

Este poema collino eu para comezar un breve poema

Dobran as campás da neve
A alma de seu gardada
Tornouse aínda máis calada
E nin pode nin se astreve.
Eu vein os cordeiros fiar os cordallos!
Acabáronse os traballos
Viñeron as neves. Veu a chuvia i o vento
pra quen non pode estar dentro.

Eu no meu
cada un no seu
teña pan teña leña
teña herba pros bois
e despois
veña o que veña:
É o prego
do labrego.

Cebalos cochos matalos
salalos i afumalos.
Ir derretendo na grasa...
Ir achegando na brasa...
Sempre hai que facer na casa.

M.R.: Eses cordeiros xa non van de Ourense ao Courel.

U.N.: Si, agora xa hai moitos anos que se mercan as cordas. Todas as que se precisaban –outras cordas diferentes aquelas– facíanas de seda de porco. Eu téñoas visto tecer na miña infancia moitos anos.

M.R.: A túa poesía ten raigañas ancestrais porque estás trala procura do pasado da terra, do absoluto que nos pode explicar coma pobo..

Ás veces seméllame ver unha recreación da mesma poesía tradicional. O lirismo daquel poema que pode cantar o señor do noso gran mundo das nosas aldeas un inverno coma outro...

*Tascadora do meu liño
Táscamo ben tascadiño
Que é pras prendas do amigo.*

Encamíñanos todo isto ás tascas e á fiandeira; á fiandeira que tan ben debuxas ti.

U.N.: Si. Cantouno Pilocha. Eu escribino aló polo ano 54.

—FIANDEIRA delgada
sempre metida a fiar
sempre a fiar e soñar
para logo non ser nada.

—Para logo non ser nada
eso inda está por ver
e pois cas frebas do liño
algo se ha de prender.

—Algo se ha de prender
i afé que tiñas razón
que eu estábache mirando
sin deñar que encantenón
íbache indo namorando.

M.R.: Só se canta o que se perde e ti dixéchelo case principiando o programa nunha arela de rescate permanente e iso que despois de que a conciencia desa dor nos conmocione. Isto é o que escribe tamén o noso poeta Rábade. É ao final da conmoción cando o poeta pode contemplar serenamente e contemplarse; daquela xorde o acto creativo impetuoso.

Tras esa secuencia poética o autor debrúzase nun primeiro acercamento sobre o seu territorio nominando simplemente o que pretende conquistar demarcando o seu espazo a descubrir para lle infundir senso de universalidade. Case que non hai máis que citación toponímica do ámbito coureliano; nomes e cousas obsesivas do poeta. E case que podemos rematar o programa con este poema que recolle todos eses recunchos da túa infancia.

HEIN d'ir ao Pía Paxaro i a Boca do Faro
deitarme na Campa da Lucenza nun claro.
Hein d'ir. Á Devesa da Rogueira i a Donís
ó rebolo á Pinza i o chao dos Carrís.
Hein d'ir a Lousada i a Pazos do Señor
a Santalla a Veiga de Forcas i a Fonlor.
Hein d'ir ao Cebreiro pasar por Liñares
rubir ao Iribio a Cervantes i a Ancares.
Hein d'ir a Cido i a Castro de Brío
baixar i andar pola aurela do río.

Hein d'ir a Céramo cruzalo Faro i entón
debrocar pra baixo cara a Oéncia e León.
Hein d'ir a Vales i a Pana da Airexa
i a un eido solo onde ninguén me vexa.

*M.R.: E nesta soidade, Uxío, temos que dar punto final ao programa sen antes
dicir que esperamos esa última novidade editorial dun poeta que sabe estar
no silencio e que nos di moitas cousas do silencio... Unha obra que se titula
Os Eidos, do Courel a Compostela..*

Moitas grazas, Uxío.

U.N.: Ata outro día Galicia.

GALICIA nosa.

Textos de creación

cobremos o val
co alento
os berros nosos
a baixada do río
o murmurio seu

aló no alto
olla
o camiñante

outro Roldán
que deixara pegada
xigante
nos folgos nosos
no saber ollar
alén
da loita que arrastramos
cinguida aos brazos todos

olla
no alto
o camiñante

Alberte Momán

Concisas noticias para Uxío

din que eran catro os que o pasearon
e que todos iles morreron arrabeados
catro eran son nomes que calo
cómprese niste corenta contados
1976

Así rematabas, Vate das Montañas, un inmenso poema, dedicado a Federico García (¿a quen, se non?) contando o "paseo" de Manuel Cela Macía, un rapaz de 21 anos de Parada do Courel, ripado na noite negra dos brazos de seus pais. Así o contabas, audaz, sen medo, como non facían tantos, arriscando moito, corenta anos despois, a pouco da morte do asasino noxento.

Pois nesas seguimos, Uxío. Mais ou menos. Non acreditarías de ver que, aínda agora, andamos nos comezos de recuperar a memoria e os osos de tantas e tantos paseados. Non acreditarías de escoitar que, aínda agora, un partido de moitos berra e berra que só cómpre deixar en paz os mortos. Non acreditarías de ler a profundidade dos versos de tantas e tantos poetas novos.

e vaste
e xusto vaste
cando a CRUZ DO SUL volta svástica cai ardendo sobor
da MONEDA
sobor dos homes de SANTIAGO e VALPARISO e todo o
longo balcón do mar
1973

Iso escribiches, Honra do Courel, porque morrera Neruda, despois de Allende, e, dicías, méntral'o cobre das minas de CHILE brillaba en USA, quedaba nas mans asasinadas de quen, repetías, "só loitaron contra o seu pobo / só loitou contra o seu pobo".

Pois pouco menos que nesas seguimos, Uxío. Non vaias pensar. Morreu hai poucos días o xenocida confeso, sen mínimo arrepentimento, sen condena xudi-

cial, nun país ó que chaman democracia. E un individuo, de nome fedorento, que aínda hai pouco gobernaba en Galicia, declarou nunha televisión: "Descanse en paz. Tal vez cometió algún exceso, pero recibió un país arruinado y lo dejó floreciente". Non acreditarías, Poeta: seica hai quen pretenden dedicarlle a este preclaro ideólogo unha rúa en Compostela. Non acreditamos tampouco cando un suposto crítico de poesía dixo hai nada: Novoneyra xa vai pasado. ¡Hai que foderse! ¡Que maldición caeu sobre nós!

entre miña mai	ANA amor	iles	
entre iles	amor ANA	ti	
tres estudantes en LUGO	sin os nomes		
en VIGO	MÉNDEZ FERRÍN	co'il	
e vós	MARÍA MARIÑO	CHÉ	bágoas 1967
		1968	

Así contabas, Poeta impar, o que había naquelas datas. Sombra, moita sombra, mesta sombra aínda. Outros, moitos mais, ollaban arredor e calaban, ou facían versos ás andoriñas. Agora, xa ves, resulta que todos estiveron en París por aquelas datas. E no medio de tanta sombra, esas bágoas túas, porque aquí morría María Mariño, aló Ernesto Guevara.

Lembro unha das poucas conversas que tiven contigo: xa estabas mal, e Aurora cantouche por teléfono "Se o outono no quebrara o tempo" de María, para pedirche a aprobación; e ti, entre saloucos, como se chamou o libro-disco que xa non puidiches ver, dixeche que era unha canción preciosa. Non acreditarías, Uxío querido, se che digo que nunca se escoitou en ningún medio público de Galiza. Non acreditarías, meu rei, se che digo que hai quen opina, mesmo por escrito, que a dedicación do Día das Letras de 2007 a María é cuestión de "cuotas", porque, din, seica era unha poeta ruinciña... ¡Manda narices!

Remato, Uxío. Cóntoche estas cousas porque son así. E tamén, pero eso Ti xa o sabes, Benquerido poeta, para que algún desnortado saiba por que cómpre seguirmos tendo os teus versos a man, léndote sempre, eterno Mestre de bonhomía.

Andrés Pociña
Los Ogíjares, 30-X-06 (sete anos despois)

Era outono na devesa da Rogueira

Ponlle ti a voz a estes versos
as vírgulas os puntos
os silencios
ponlle o ritmo a estas palabras
ponlle os medos
e ponlle tamén os atrevementos
que eu nin sei nin podo
que me acora
que me afoga
que me abafa
que me alaga
tanto outono.

Nun luscofusco de faias,
camiños che andei
Courel
na Devesa da Rogueira
palabras de outono doce
embazáronme de mel.

Outono
regueiro de follas secas
que me levan no seu colo.

Ondas de pan na seara
eu naveguei polo trigo
até que veu a gadaña.

Ríos e mares de follas
anegaron o Courel
e un rechouchío de outono
galopa coma un corcel
polas veigas corre o vento
en desértico tropel.

Cavorcos vales e tesos
pincheiras fontes e ríos
de acuática fartura
camiños vereas corgas
de lama e lousa
uces carqueixas piorno
castiñeiros e rebolos
faias xardóns bidueiros
curuxas nas abeleiras
e un falcón crepuscular
colgado da lúa chea.

Na catenaria do vento
os brelos das abeleiras
tíranlle á serra un lamento.

Xa está a estender o vento
os dedos de carambelo
poutas de peneireiro
a rabuñaren o inverno.

Cunha folla de xardón
peiteareiche o cabelo
cofearei o teu pelo
de trigo e teixo
cunha folla de xardón
peiteareiche e despois
despois dareiche un beixo.

Nunca cheguei a saber
o que moumeaba a auga
que corría baixo o lazo
que a agochaba.

No outono a Rogueira
non é unha devesa
senón o arco da vella.

No alto dos tesos irtos
coas porraquiñas de mel
que a lúa ten por santiñas
como me mira o Courel
e nos brelos pestanexan
bidueiras de papel
no lusco e fusco que pecha
as pálpebras do roibén.

Estou cheo de pensar que o vento
é o mesmo meu alento
que retorna ao silencio
do meu ámago
coma un melro
e farto estou aínda máis farto
de non comprendelo.

As faias da devesa
empreñaron
botaron lúa e ubedade
e o Courel das marabillas
acugulouse de fadas
entrementes o lobo
nalgures ouveaba.

Se os meus ollos fosen pincheiras
e o meu corazón dozura
se a boca fose vento e brisa
corisco ás veces e lazo
se os meus pés fosen dous corzos
e o meu grito un ouveo
e o meu sangue roibén
se os nervios fosen centeo
e o nariz fume de inverno
e os meus soños neboeiro
escorrendo nas devesas
se os meus dedos fosen mel
e as miñas mans fosen quen
de acariñar a lúa
eu sería o Courel.

Pindiricos nos xardóns
efervescencias de lume
follas barbadas e edras
a soñaren primaveras
coma quen soña con fume.


Que tes ti, Devesa, que eu non.
Se acaso a choiva outoniza
onde as follas dos rebolos
das faias e dos freixos se suicidan.
Que tes ti que eu non teña
quizabes nada máis e nada menos
que o eco deste outono interminábel
e repetidamente repetido
nas follas castiñeiras
que caen en pizzicato de estorniños
e eu que apenas teño
un breve outono macio
como aquel arrecendo
da única e lixeira primavera
que fuxiu perseguindo ás cotovías.

Uxío camiñaba polas veigas
polos tesos polos vales
e tocaba incontinente
coas flairas dos seus dedos
a arpa desacougada
do bicarelo dos brelos
entremetres as follas outonizas
caían no Courel
coma paxaros.

Na devesa da Rogueira,
camiñei outonos, só...
perseguinto a Novoneyra.

Foi outono aquel outono
ocre e volátil palabras
que alagaron os meus soños.

Antón Cortizas



Baldo Ramos

Voz de noso

(a soar de cristal fino e a falar de pinguela primorosa)

A VOZ...
Como resoa ela
Polos cumes...
Nas chairas...
E polas airas dos casais.
Nos reconcos íntimos
e nos soños
cando os naceres de días,
frescos,
e nos recordos.
Coroada de nubes
De bolboretas.

Como resoa ela
A VOZ...

A que se establece
cando o escribir no ar
dunha nena...
ou dun neno.
Dicindo AMOR
E cando o len.
A crónicas de terra
Activados no tempo
A ollos luz.
Por todos os espazos.
E de gala.
Tan de campados.

Velaí a forza
E mailo ser
Da túa VOZ... poeta
Desde o máis alto
Horizontal
A coller de mans
E a loureiros arrecendentes.
Todo a gloria
E a memoria.
El como resoa ela
A túa VOZ...
Uxío ...

Acalando o grallar de corvos apoleirados.
A cabalo polos eidos triunfadora
Sen tremer nunca por medos
En cantar de mocidades
E por novísimos mencers.
De redención.
De azul...
E de branco
E de verde...
De esperanza
A facer a roda de San Xoán
En manto comunal e tan bordado...
Liberando terra...
Si...
A túa VOZ...
Uxío.
Liberando.

David Otero

Carta a Novoneyra

Dende aquel tempo:
en que empezamos a soñar,
estabas ti na poesía.
Logo con pasos pequenos,
empezamos a seguir o teu camiño.
Ti eras xa a poesía,
os recantos das cousas ditas en mil nomes.
Nos abríamos o pranto no berce xuvenil
e espertamos.
Abrimos a porta e detrás da néboa,
albiscamos O Courel, e escoitamos a túa palabra rompente.
Agora eu dende lonxe faio como as arañas,
e tezo silandeiro unha bagoa dende os rañaceos polo Atlántico,
ate chegar a Fisterra.
Non sei como agradecerte tantas palabras,
que fixeron, terra, monte, e mar no meu peito.

A morte non importa por que sempre queda,
o son dos recunchos e a memoria faise aire,
que viaxa pola terra que nos abraza.
Ate entón Amigo NOVONEYRA falamos.

Francisco Alvarez Koki
Nova York



Francisco Brives

Fixen negrura de ti
troquei sen viaxe a ningures

Agora non teño mar
nin ondas as que cantarlles

Agora non aí mais mar
nin montes aos que cantarlles!

Somos presos nun deserto
fillos sen brazos maternos

Aí negrura doente
sei que fuxir da verdade
lévanos a morte.

Quixen durmir para sempre
embebéndome nunha sombra que
me fai compañía.

Asubiábame o vento dende a
xanela onde rematan os sonhos

Pensei nos pais, no pranto
dos ausentes mentres ollaba a
sombra que viña adiante

.....cantos fillos deixo sen nome?
.....cantos mortos sen tumba?

Libreime da estirpe.....
só son sombra!

Francisco Brives

~~Handwritten signature~~
Handwritten signature
Handwritten signature

A amiga alba camiña polos pés con Uxío e comigo e no Courel

*Amiga alba e delgada
estás lonxe
e non hai nada
en toda a serra calada.
Uxío Novoneyra*

Pisamos as terras do Courel:
latexábanos o mundo enteiro dentro do peito
abellas ebrias de amor
quenceron os nosos pés ousados.
E pisamos terras altas
montañas altas
vacas altas e soberbias e ignorantes de nós,
e a neve
baixo dos teus pés pequenos.

¡Ouh muller para o lonxe
que trabucados están
os pescudadores de paraísos!

Na Serra do Courel
onde ecoan as verbas de Uxío
e de Fiz
vimos nacer un mar dentro dunha rocha
comemos aire a oito
bebemos castañas
e o fillo enchoupou os pés
inauditos
nunha lama de lobos famentos de metáforas.

Amiga alba e delgada
visitounos a vida
nas simas inversas e exaltadas do Courel.

Voltaremos ao namoro da pizarra
cando os netos chamen pola vida.

Daquela tamén
iremos a pé

Francisco Castro

Retrato de Uxío Novoneyra á altura de 1984

Nas tardes pobres de Compostela,
nos húmidos días da mocidade
emerxías altivo e xeneroso
con adxectivos da túa terra.

Abrías para min os brazos
e eu durmía á túa sombra
adiviñando os límites das mans
que limpaban o bafo da cidade.

Nunca preguntabas, dabas a palabra
que viña coma anel aos dedos
daqueles afoutos seareiros
que se miraban nas canas túas.

Polos teus ollos vía o porvir
afirmado nun verso e nun grito.

Na túa voz aprendín a historia
dos mortos que non morreron
e dos vivos habitantes da derrota.

Nas tardes pobres de Compostela
os teus ollos eran a nosa luz
a túa palabra seiva e zume
e o teu corpo agarimo que encerraba
aqueles aprendices de homes e de poetas
que percorrían adheridos a ti
as tardes pobres de Compostela
e as noites eternas da patria.

Henrique Rabuñal (Nadal de 2006)



Verbo novo para o vento

in memoriam de Uxío Novoneyra

del en diante
xa nunca máis será o mesmo
nesta terra/
nin cando remexa brincador
nos claros que lle empresten
loairas e raiolas de días indecisos
nin tampouco cando misterioso
se deixe oír
 dende os álxidos tesos
ou dende as lombas febles
onde bocas lobas oulen
ollando a lúa dos invernos/
logo del
nin o máis delgado asubío
que se coe polas físgoas
terá que ver/

de aquí para lonxe
o vento desta terra xa non será o mesmo/
de aquí para lonxe
—para sempre de todo—
diremos sen dubidar
que uxía o vento
e escoitarémolo en silencio/
coma un alento de fartura
escoitaremos a súa voz inmorrible
para sempre no vento/
a súa voz libre viaxando por esta terra toda
coma un alento de fartura
para sempre de todo

Isidro Novo

Informe de cegos

NON É QUE VOS ODIE,
SIMPLEMENTE É
QUE NON VOS VEXO.

Lino Braxe

A Novoneyra

Unha vez buscamos os altos puros
e fomos polos vieiros da serra a percurar-te.
Achaiaba a águia amiga na tarde cumprida.
E deches-nos mazás de zume doce
e o milagre da erva arrecendida.
Outro foi o sabor da vida,
e volvemos en nós, tan adormecidos,
e dixemos: “a palabra en ti foi renacida”.

Que canto e que esperanza, que fragas novas
e que penas poderosas a subir para o azul
ou contra o gris da rexa tarde de león,
aló, na Serra tensa dos tesos cumes.
Que mirada clara aquí, no Campo das Estrelas,
tras a xanela amiga do salgueiro en flor,
rentes da relva asollada pola mirada tua.
E que alegría estar, meu amigo, aquí, outra vez contigo,
a peneirar as horas verdes que enfian paseniño
a historia longa da montaña e do camiño.

Lois Diéguez (Orbazai, abril 1999)

Liras para Uxío

Uxío sempre amigo
facer camiño do acompañamento
e ir tamén contigo
no bo e mal momento
foi principio e segue no pensamento.

Anceio perseguido
esculcando soños e sentimento
vivíndoo deseguido
tras brétemas e vento
unha lembranza morna e con tento.

Lourdes Maceiras

EIDOS retomados, xesteiras esguías, xabres nos cavorcos, stones íntimas, e as flores que agroman nas gangs, caureis espesos, morrisseys extraviados, e xorden vieiros en costiñas radiantés, en cumes sollíos, nos smiths sombrizos, nos castiñeiros anterros, nos devanceiros heterodoxos, nos cramps elegantes, na fondura da dor, nas chuvias sobre os lobos, e ouvea o vento, e perdemos as abairas nos camiños, e as hedras ruben, e habítannos as aguías, os sinais penumbrosos, os freixos desnortados, as nogueiras irreverentes, e a noite é tan mesta e tan profunda...!, e irrompen as veigas entre os fentos, as queirogas esveltas, a mornura do arroz, os beautiful strangers, os reptilia, a controversia, os enxertos, o espiño albar, e a fecundidade apréixanos, e o absoluto inunda as nosas bocas, e recuperamos os teixos, a noite primixenia, a fondura das faias, a maturidade dos cousos; e xorde a esencia, o celme, a materia perfecta, e a quietude enrédase entre as silvas, e rebentan schizophrenias baixo as uces (codesos na memoria!), e que insólita penumbra!, (a la fica prendida entre as xestas), e terra de asfalto, plumas disecadas, froitas de decembro, folepas entre os xuncos, e fiamos as horas, e Robocop Kraus, At The Drive In, e a cidade posmoderna, o pastiche afiuzado, as augas caídas, as madresevas escuras, bicarelos ergueitos, as curuxas sobre as fontes, e os corzos turbadores, e as brañas tan húmidas (lirios tan intensos!), e habitan os salgueiros na mañá luminosa, nos arandos escuros, na castaña esfarelada, nos chíos dos paxaros, e procuramos os eidos, os blizzards of 77, as agras enormes, as costiñas sombrizas, e inorde reaparecen os fíos de auga, o palpebrexar da neve, os remuíños da noite, as serras sobre as pedras, tobeiras de alimarias, edelwais estraños, insuas de centauros, argonautas antigos, vélaros de ouro, e os vimbios nas gándaras, e 80 windows, e cristais escaçados, e transparencia esguía (monochrome ausente), e abálanse as sombras, e humedécense as estrugas, e xorden as pradeiras, as medas que acubillan, as ralias de vento, as maceiras da néboa, as raíces exquisitas,

(retomamos os eidos.)

Lucía Novas

[Handwritten signature]

haikus do Courel para Novoneyra

1
país, esquivo amante,
inalcanzable
áspera cerna.

2
¿Non ousas, faia,
ceibar da simetría
follas captivas?

3
Dovesa de Rogueira:
miden os grilos
estes meus versos.

4
levanta as saias,
vento nordés,
ispe os adxectivos.

5
perpetra a araña
labirinto de chuspe:
trampa ou poema.

Marilar Aleixandre

Para ti Uxío que les todo no vento

Tráeme o vento do Courel,
o que funde os soños
en cantos de beleza,
o que é capaz de ausentar
o fluxo da crispación,
vento
que xoga co tempo,
que bifurca con sutileza
o espazo das palabras insuficientes,
vento
que seduce o pensamento
transmutándoo
en sentimento voraz ...
ese vento
que empurra as verbas
para que non morran
que alumea
o anel dos días
e fai desaparecer a rutina
das noites pechas,
ese vento
que a intervalos persegue
a solaina dos soños certos
onde medra a liberdade.

Vento
que converte o Courel
nun mar de terra dentro
cheo de illas prodixiosas
que van cara
á orixe desafiante do rito fértil.

Soñei que o *eco do Courel*
agardaba polo latexo incansábel
das ás de bolboreta
que transforma a núa soidade
en sons radiantes pegados á pel da terra.
Soñei que dende o berce escintilante de lucernas
ata o brazo do volcánico alarido
hai tempo a descubrir
que a sede incerta
se torna fuxidía
cando esta se funde no poñente dos sonhos.
Tráeme o vento do Courel ...

Olga Patiño

terra en nós

a terra

mastiga a súa soidade escura
e encalla nos días
imprevisibelmente

en nós
esculpe sombras baleiras
que retan estes pasos adheridos

no seu tacto rugoso e quente
alfombramos a memoria
dos que foron

terra levamos nos ollos
e nas unllas vencidas
e na afogada voz
que parte contra as horas
os seus cristais

baixo os pés
a terra é só un tremor
vesando
a morte

Rafa Villar
(Do libro *escoración dos días*)

Castiñeira de Podente

Non é castiñeiro, que é castiñeira.
Novoneyra

Non hai ceio que sexa garimoso
se non hai castiñeira que o sustente.

Non hai vida que tal nome mereza
sen beixos que asolaguen a memoria.

Teus brazos arrandean no meu corpo
espidas ponlas
precisa arquitectura.

Quero lamberte dentro
como a toupa
furar o teu ourizo
de terra e de lentura

Debullarme en teu celme,
meu amor das castañas.

Ramón Caride Ogando

amanda
willie
adrian
calvin
dave
tom
sally
1960

Cea das panadeiras

Vou coas vacas á Bauciña.
camiño de Chaudoradas,
a Pazos e os eidos do Ribadal.

Ando nas costas do burro,
atravesando a Mamuiña,
cara o Liñar de Pereda
e a Ponte de Mandrás.

Bebo auga de Manzós e bailo
no San Benito de Souto.
Outra vez, na Vila e n'os Ferreiros
hai cativos brincando
e non casas baleiras.

Ao muíño das Casasnovas
imos moe-lo centeio,
xantar ao campo de Oseira
e máis á feira de Cea.

* * *

No miolo do pantrigo
cabe un mundo enteiro.

Na codela das poias
estrala a ledicia e a festa.

O pan é a lembranza
dun mundo puro e ceibe.

Ramón Caride Ogando (1983)

Paraíso
Interrogado sobre a cuestión
Respondeume que o paraíso
Se atopa aproximadamente
Corenta e seis graos norte e sete graos este,
Xusto onde a neve no inverno
Ten o sabor doce dos bullóns
Onde o cuco en primavera
Pon os ovos nas loairas, e alí quedan suspendidos,
Onde os lobos no verán
Soñan coas pincheiras feroces das fontes,
Onde no outono a terra non é de terra,
Se non de fráxil ouro vexetal adornado por tollemerendas.

Raúl Gómez Pato

Soneto da aclamación vexetal

para Uxío Novoneyra

Por esta boca fiel direi: coñezo
a linguaxe das follas, o alfabeto
dos ventos que percorren o secreto
murmurio das ramaxes. Non o esquezo.

Non esquezo este río que me leva
ao máis profundo canto solidario
que puxemos na infancia ao calendario
nos días máis felices, cando neva.

Decémbranse estes montes e os piñeiros
cando unha chuva tola nos axita.
O corazón é fráxil cando arrisco

a vida e perdo a alma entre os salgueiros
que desvelan o curta que é a dita
dos musgos e das rosas no pedrisco.

Román Raña (De Zen invernos)

Homenaxe a Uxío Novoneyra

BAILAS E FAISME LIBRE

e eu enredo cos teus versos

para reclamar unha patria aberta,

CAMIÑOS-QUE-TIRAN-TODO-DIREITO

pola nube que me nace na boca

cando perdo perspectivas ciencias de vivir...

ALGUÉN CHAMA ALGUÉN AGARDA

pero tantas veces non escoito

que ficar xorda transfórmase nun xeito

de abandono,

de perda,

de soño místico

zumegando no meu cuarto

toda a nostalxia particular,

libre,

independente

do que solicitas: esas promesas

de

cantareira galaica

na voz do grilo.

UN

MORTO

DOUS MORTOS

TRES/ TRINTA MORTOS

mortos que viven

que instalan mágoas

tremendo desesperanzas

cando chaman e non oio,

cando pechan as portas e enrugo
a vida que queda nesas fendas
que son ríos

percorrendo o tránsito da consciencia.

ALGUÉN CHAMA. ALGUÉN AGARDA.

Son o mar que te convoco,
son a tormenta que te insulta nese baleiro
que inauguras
feble,

entregada ao sangue da ferida
mentres esqueces esa lingua
amamantada cunha indiferenza
que é un palpito,
unha negativa impersoal

á túa memoria destruída.

RECÓLLOTE NA TERRA

ESTÁS MUI FONDA

RECÓLLOTE DO PUEBLO

ESTÁS N'IL TODA

RECÓLLOTE DA HISTORIA

ESTÁS BORROSA

Galicia, patria e matria.
Galicia fervendo coma tola,
entre a leña da miña terra:
VAL DI ORRAS.

Rosa Enríquez

E PORQUE A MORTE NON É CERTO, é posible retomar ós homes, ós vellos tempos retidos nas estancias, a terra en primavera que cingue o noso sangue, as máxicas palabras noutras horas atendidas. I é posible retomarte a ti, Uxío da certeza, dos eidos sempre abertos ó home enteiramente pronunciado; o mesmo Uxío dos soños espertos e teimosos, ese mesmo que vai polos roteiros camiño a Compostela.

E retómote de lonxe; cando, ó tempo de achegarte, abrías as cancelas que internaban ós máis ergueitos cumes. O paso lento e as mans nos petos daquel pardento abrigo que –cómo non– posuía tamén a cor da terra do Courel polo Outono.

E retómote –máis vivamente aínda, se cadra– cando se afundiou a Gárgola nas tebras dos cavorcos; trinta de outubro... a data que ceibou por sempre a mágoa por te ver. E alí estábamos os tres; facendo a homenaxe ó noso xeito.

E retómote enteiro, aquela tarde de néboa e invernía, cando as rúas molladas non levaban a ningures; a mesma tarde cinsenta que, da túa man, percorrín a un Lugrís aberto ó mar por medio que compartimos coas américas. Entremetres, as buguinas, as areas, as estrelamares mergulladas polo espazo e as paredes brancas do Auditorio –por sempre acubillante das nosas conversas mainas– bulían terra dentro; magnificadas ante min, case que dobremente, polos teus ollos courelaos de lene riso.

E retomo contigo, e novamente, unha Compostela asulagada para min de mornecida soidade; a túa expresión que, a tombos, me vagaba interrogante, ata levar ó ar uns temperados ecos: Onde che ven a túa tristura –coor dos teus ollos e son do teu xeito.

E retómote pleno no sentimento cobizoso que abranguía ós teus pola estancia gorecida; Elva, Branca, Uxío e Arturo: auriga de azafrán e toda a vida nun futuro á incertidume aberto.

E retomo os comezos do vieiro franqueado cara a terra e as palabras que perviven na fala dos seus homes. E aínda sigo a procurar os máis pequenos perfís

dos seus sentidos, onde o alleo se somete por dar lugar ó noso. Home, terra e pobo; tan só un nó apreixado na man pechada que se albisca pola fronte. E sei-me hoxe, Uxío, unha senlleira rotelá, que vai seguindo as túas pegadas, por sempre presentidas.

Hoxe sei, tamén, que ti eras para min o espazo íntimo máis monumental de Compostela; o tránsito emerxente cara o vento que batía nas fiestras sempre abertas ó milagre; a voz das cousas que, a tombos, eu ía descubrindo máis alá da sinxeleza transparente que, doada, as definía. E sei que ti es a fortaleza permanente que me aprende a fuxir cara o estritamente certo. I é dende ti este desexo aberto a soñar tódalas cousas, para telas por completo, unha a unha.

Rosa Méndez Fonte
2004 (Amastra-N-Gallar, nº 7)

Uxío Novoneyra

Eu teño en carne viva a agarimosa,
a Galicia por fame emigrada,
aquela terra triste e asoballada
que na túa ladaíña está borrosa.

A túa Galicia, Uxío, non é a nosa,
pero aínda é un pouco atrelada,
ás veces insensible e ofuscada,
labrega, mariñeira..., morriñosa.

A Galicia este ano ardeu á forza,
agora toda é negra, ata nos lares,
aínda azouta o *Prestige* baixo os mares.

Xa te oio poeta nos teus Eidos,
deles collo prestada a ladaíña,
da túa Galicia obreira e irmandiña.

Vicente Piñeiro

Escrito en 2006, logo dos incendios forestais.

Algunha vez... Uxío...,

Oímos aquel día a doce voz do vento,
e o canto das Oreades enriba das montañas
aquelas dos Ancares, os áticos da terra.
Algunha vez abrimos esas ventás dos áticos
e ventos de poesía escapaban por elas.
As flores e os paxaros e un vento moi frío
e algunha vez a lúa e un montón de estrelas
foron dende o Courel con nós a Compostela
debuxando paisaxes e bebendo os perfumes
e algunha vez tamén con nós ía un sorriso.
Talvez é tarde ou pronto, Uxío, pra acordar
as imaxes que viamos ao abrir as ventás.
Agora ti tamén asomas nesoutro ático,
por riba do Courel, tan preto do silencio.
Algunha vez lle abriches a contra a esa ventá?
Meu pai fai moitos anos que colocou as pedras
da cuberta da igrexa do Santo do Cebreiro.
Meu pai era canteiro, como dicir poeta.
Unha vez pregunteille: Papá, que é o que se vía
dende aquela cuberta onde ti traballabas?
Néboa e neve, meu fillo, e algunha vez ao lobo,
o único viaxeiro que deixaba as pegadas
na neve dun camiño calcado das estrelas.
Ese camiño, Uxío, que ámbolos dous enchemos
algunha vez de versos, de cantos e de libros,
pola nosa Galicia, liberada e queda...

Vicente Piñeiro

To do
o que nãõ
6 Man
Kusompe
Min
o que nãõ
o que nãõ
Kusompe

Uxío de Parada
camiñaba Compostela como camiñando o Courel,
descubriendo a vida por vez primeira
en cada tramo andando.

X. H. Rivadulla Corcón

Rosa purificada en emanación

Memoria da intemperie
diante da paisaxe con estames de luz
filtrados polas chagas intestinais do inverno.

Virá a neve
como unha rosa purificada en emanación
e ha cubrir os cumes fatigados
e os tellados ancorados na noite imantada
e os valados que devoran
a terra matriz.

Virá a neve
coa súa potestade agrimensora de saba
que fai florecer os recintos grisallos do espírito
para amosarlles os dentes brancos,
branquísimos,
da Morte.

E de debaixo da Terra conxelada
han saír as pastoras
co ollar bordado pola luz xenital doutroa
e os labregos coa dor tensa e inextinguible
e os lobos de oxidados antecedentes verbais.

Memoria da intemperie
alí onde o inverno morde
no bicarelo do bico do brelo.

Xavier Lama

O escriba

De acocoras observo o mundo,
pasando diante dos meus ollos.

De acocoras, como o escriba sentado
na espera do futuro incerto.

De acocoras paso as tardes de solax,
de quietude ancestral e recorrente .

De acocoras repito os xestos pautados,
dunha estirpe milenaria de calígrafos.

De acocoras recito os sete mantras,
aprendidos nun mosteiro da montaña.

De acocoras, descubro o fulgor,
que inunda o meu peito ardente.

De acocoras escrebo versos e sentencias
con tinta chinesa sobre papel de arroz.

De acocoras trazo caligramas
co sangue callado nas feridas.

De acocoras, falo a lingua do paraíso
tantas veces negada polos meus .

De acocoras, de acocoras,
nunca máis da terra hei erguer.

De acocoras, como o escriba sentado
na espera do futuro incerto.

De acocoras repito os xestos pautados,
dunha estirpe milenaria de calígrafos.

Xavier Queipo
(Bruxelas, 18 de outubro de 2006)

Neve de Neyra

“No bicariño do bico do brelo...”

I

Onde neva
na herba

leveda
a arbre

da nova
verba

II

Onde sía
o resío

canta
na luz

o xílgaro
de Uxío

Xavier Seoane

680
Toto
O me atoy
g then
g 5017
K 111111
500
number 111111
a 111111

O Courel de Novoneyra

A voz grave e sonora de Novoneyra
na pureza do canto ao Courel,
o canto do corazón da montaña
cósmico, telúrico.

Natureza xenerosa na rotación estacional
os grandes espazos e as pequenas aldeas
os Eidos e as súas xentes.
—xeografías dos afectos—

E un silencio solemne
que fala da súa harmonía.

A esencia lírica do poema
a súa perfección, a súa certeza
e os sentidos como soporte dos sonhos.

Xoán Neira
Viveiro 2006

“Muller pra lonxe”

A Minia, que empeza a querer botar a andar

Un berro entre dentes
con toda a forza do nacente
soprando vento a favor.

A súa lingua verde
aínda non leva carqueixas.

O ar naquela boca de leite
empeza agora a abrir os ollos
nos pequenos lugares
grandes coma mundos.

Pazos A Encrucillada O Alcouce
Nomeo o embigo
onde zugar na vida
a raíz das cousas
en regueiros que rebentan
estrumados de follatos
e pelouros de seixo
coma terróns de azucre
en tres dentes.

E lábroche un camiño
con peperetes de ourizo
na estrema do mundo máxico
alumeado co carburo aceso
da luz da Pena
sempre no Regheiro da Nogheira.

A levada da saliva
no nacente
aviva un lar de palabras
para nomear
fumegando
a calor da inocencia.

Os peñños queren botar a andar
os seus primeiros pasos
 ingrávidos
a través da vereia da carrilleira da corredeira
por un carreiro de frouma
entre o fento o toxo a cardén o outono
e as amoras serodias dos silvados
enguedelladas na devasa do pelo
con follas de castiñeiro.

O ceo ten nubes de felpa
que brincan cos ollos
cando escaravana nabisca asoalla
e caen as aves do ceo
 en pétalos de xesta.

O reflexo da risa escáchache
nos charcos da auga choca
para chapelear e choutar
con chíos de lavandeira.

Unha torada faise subiate
que abala no aire
montes e moreas
de aguilladazos
na carne pura da mañá
e deixa no chau unha estrumeira de mazás
da vendima
 de pel de sapo.

Un camiño novo
cheo de fragancias
para empezares a desemebeñar
cos peñños aínda sen leguas nin marcos.

Xoán Carlos Domínguez Alberte (Escudeiros, 6 de decembro de 2006)

Folerpas dun home

I

Ciborio dos cumes do Caurel
cichote das fontelas cantareiras
cigoto que racha en mil poemas
ciclón que vasoira as eiras
cantor de Amador e Daniel

cícero na grande ágora
cidade da cultura máis nosa
ciballo para os que facemos versos
certeza que debe ser outra cousa.

II

Polos camiños cicloides do monte
baixas ti Uxío coma un ciclope
e dende o faiado da memoria
baixan bailando catro elfos
para escribir unha nova Historia

III

Ti
es
Uxío
a lira do Vento
no País que eu amo.

Xosé Leira

Corpo de fariña a tremer
árbores de sangue en cada andel
e nos palcos silencios de musgo.

Tempo de bocas abertas
estrelamares
desmemoria en edición facsimilar
mans mimando paisaxes xa vistas nun Courel en cicatrices.

Caligrafía de feridas nas tendas
guerras domésticas con silicose e oracións castradas.

Os dedos dos corvos sinalando embigos
contra a noite.

Beixos de madeira en cada gándara minúscula
homes que non fomos
leite de nube.

Ollos derramados nos pallasos
equinoccio de avós sen esperma
formigas.

Sombra de orfos impacientes no prato do día.

Xosé Luís Martínez Pereiro

unavale

Canto pra ter favores de Venus

CÁNTOCHE aposta pra ter os teus favores deusa
gran cousa é abondar o teu seo a vrao vido
namais chegarlle terte a toda ti por beira
xa señas nova e noiva de en por hoxe
xa señas diaria miña sola sempre

longuismo labiolingua lambe lua
sal quente e nembro a nembro atopa todo
pra perdelo e volver de novo novamente
clameando chamando en chama pedindo
un novo intre aquí tan prometido
cando eramos ninos do sol soltos polos soutos
perdidos e certismos de atoparte oh núa

d o n d a cómo
d o cómo d o b | a s

debocas pra miña boca
pasas a un ora por toda a miña pel

e s b a r a s axustas como un broche
oc
roch
roch
oc

Compostela / 23 sanjoán 1984

TODO floxo e sin á m e t o
m m
e e
t t
o o

compría romper principiando por todo
compría xirar xirar i espallar e xuntar a ver que saía
pois fora non hai orden algún que valia de imaxen

entrou o INVERNO toda a PRIMAVERA
XANEIRO ou MAIO?
a tua rara beleza crebeina entr'os brazos
i era a máis rara

fago ademán de erguerme e xa veis
escureceu tral'a fiestra e sin noite tampouco

...
non non é así como somos nin ti nin eu nin todo
é a peste da HISTORIA
ou tamén esto é disculparse e ún non sólo non é
ún nin foi o que foi?

1973

Uxío

E aínda hai de ti a lucencia no solar da casa
baleira, nese cuarto dos solsticios cando abren
os paxaros o cíber e a tenda de ocarinas.
E todo pasa, acontece o sol no parteluz
para o retrato do neno grande do Courel
que tanto sabe a pan
e canta e fala e soña e palabrea coas nebras
cara a que o tempo espelle e sexa a tal xeración
dos obradores da voz en vó coma estornela:
Parada, Folgoso, Pía Páxaro, Seoane...
unha fartura de ouriolos a inquirir contigo

.....Galiza “quen te salve”!

Xosé Vázquez Pintor
Agolada, 3 de decembro 2006

Unha habitación con vistas

EidOS polos que o meu camiñar f r de beleza e terruño.

u a bu cos
ra

Aínda as follas do outono berran LIBERDADE entre xuncos e falopiñas de neve,

➤ e ben que veñen a debuxar o bico do cuco no aire arrecendendo a ti,

COUREL, Parada, Moreda, *morodos*, arandos, cereixas

C E D O
A N O
O
O
O

polos regatos do teu verde amencer. nei

Cabras, ovellas que coa vosa brancura tinguídes as e r de pureza bravía,

p aSSsss

o corzo e o xabarín xa estouran a corazón aberto a túa imaxe,

O

anduriñas erguendo o voso vo o sobre o mofo das pedras cilíndricas,

chían convosco os estorniños nas fragas

e o ollar das vacas fica intacto no meu chover profundo,

e así ides pacendo nas leiras onde oulan os lobos na distancia,

au, au, au, auuuuuuuuuuuuuuuuuuuuu

achegándose á gadaña das miñas maus,

nebras opacas na noite,

raíz cravada na devesa do meu silencio...

a túa sombra erixíndose a contraluz,

NOVONEYRA, *eira nova* da **GaLiZa** enmarañada en min,

Poeta telúrico das entrañas,

das tebras que me van ruxindo

RÍO

a

bai

xo

E

ba

rri

a

O dos corvos negros, aguias montunas

E

cara o C

embelecadas polo eco do teu berro,

eido polo que son fiandeira fiando pérolas entre auga e serra,

....e vou entrando nos **ANCARES** coma unha ninfa arremuiñada,
muíño no que esvaro,

cavorco da túa gorxa que me queimas,

verso empreñándome nos cumios do teu *alento*,

poeta entretecido na lareira deste *vento* ensoñador

~~~~~

*Yolanda López*

# *Documentos*



**Des mots qui donnent la main**




Photo : Emilio Araújo

MONTS de Pinza  
où j'allais  
simplement pour y aller  
et être là !

SOURCE de Pinza !

Fontaine  
Où je buvais  
Sur mes coudes  
L'eau du loup !

\*\*\*\*

PAISSENT les vaches  
dans le champ de raves.  
Tremble l'enfant  
qui les accompagne.  
Février la pluie  
février le gel  
février la neige  
neige légère...

\*\*\*\*

*TESO de Pinza  
onde eu iba  
namáis por ir  
i estar eilí !*

*FONTE de Pinza !*

*Porraquiña  
na que eu bebía  
posto de cóvados  
a auga do lobo !*

*PACEN as vacas  
na nabarega.  
Treme a pequena  
que vai co'elas.  
Frebeiro chove  
frebeiro xea  
frebeiro neva  
neve lixeira...*



Le matin propre comme l'œil du coq et moi j'avais l'air  
d'être une hirondelle.



Le soleil qui brillait  
et moi je voyais  
j'écoutais  
le chant du jour

*A mañá limpa como o ollo do galo i eu tiña  
o ar da anduriña.*

*O sol que locía  
i eu vía  
i ouvía  
o canto do día.*

\*\*\*\*





*Cousos do lobo!  
Caborcos do xabarín!  
Eidos solos  
onde ninguén foi nin ha d'ir!*

*O lobo! Os ollos o lombo do lobo!*

*Baixa o lobo polo ollo do bosco  
movendo nas flairas dos teixos  
ruxindo na folla dos carreiros  
en busca da vogada máis  
sola e máis medosa ...*

*Rastrex  
pârase e venta  
finca a pouta ergue a testa e oula  
ca noite na boca ...*

*From Os Eidos*



*Uxío  
Novoneyra  
(Parada de  
Moreda,  
1930)*

*Wolf-haunts!  
Wild-boar-gullies!  
Lone homelands  
where no-one was nor has to go!*

*The wolf? The eyes, the back of the wolf!*

*The wolf comes down through  
the eye of the forest  
moving between the yew-branches  
rustling the leaves on the track  
looking for a lonelier and more  
fearsome valley ...*

*He smells his way  
stops and scents  
claws lifts his head and howls  
with night in his mouth ...*

*Translation: Jack Hills*

*Uxío Novoneyra - Galician*

# V I E T N A M C A N T O

## UXÍO NOVONEYRA

CUMES CUMES CUMES CUMES COMO ESTES ECOEN UNHA  
VEZ POR CADA MORTE VIETNAM VIETNAMMMM  
VIETNAM  
VIETNAMMMM  
VIETNAMMMMMMMMM

metan na casa a verba na coctina na mesa na cama xa está  
e calar calarcalarcalaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaa aaaaaaaar  
hastra o berro que te acusa USAUSAUSAUSAUSAUSAUSAUSAU

un  
morto  
dous mortos  
tres / treinta mortos  
trescentos / tres mil mortos  
OFENSIVA DO TEIT 22000 / 100000 mortos  
tódalas oooooooooos se volven ceros 00000000000  
baixo de cada un 10 / 100 / 1000 / 10000 mortos a máquina  
difuntinos que a noite acolle entre cañas baixo o torbón do monzón  
na lua do TEIT

dá vergonza vivir  
dá vergonza estar vivo e ver a primavera

cánto remata un pobo?  
un pobo nace sempre non remata  
nuncanuncanuncanuncanuncanuncanuncanuncanuncanca

seino por vós  
pobo como o meu  
GALICIA pequenínha  
sola cousa de todos

mortos mortos  
mortos mortos  
mortos mortos  
mortos mortos  
mortos mortos



valeiráronnoslos nomes  
 mais inda  
 inda inda        p o b o  
 podo decir o teu con forcia  
 inda se pode decir o teu nome dos que alá caín  
 podemos  
 deles temos de novo nome  
                   home-pobo

MARÍA MARINO  
 dinamiteira da fala

home-pobo  
 home-pobo

aquil por siglos foi un pobo como é o meu  
 o meu por anos foi un pobo como é aquil

IRMANDINOS DE GALICIA        VIETCÓN

|                        |               |      |             |
|------------------------|---------------|------|-------------|
| entre miña mai         | ANA amor      | iles |             |
| entre iles             | amor ANA      | ti   |             |
| tres estudantes enLUGO | sin os nomes  |      |             |
| en VIGO                | MENDEZ FERRIN | coil |             |
| e vós                  | MARÍA MARINO  | CHÉ  | bágoas 1967 |

non  
 eu seín que cantar non é igoal  
 perdón tamén por iste tempo cas palabras  
 aunque sinceiras teín tarde polos lados  
 e puntos suspensivos calcados do refrixerador dun cañón

. . . . .  
 . . . . .

o canto parou sin rematar.

## Viaxe

Es de noite y con tus cerillas hago un faro  
veo como tus velas siempre tendrán un viento  
Eduarda Lillo\*\*\*

- 1 Só aves e peixes van cas augas  
Desafeitos da Terra viaxamos sin o mar

Os ceos sin o Ceo  
O Ceo que só volve cos embates  
fainos antigos com'as palabras

- 2 ~~TODOS~~ todo no viaxe

O soño didiante  
seguro do espacio e da luz  
sempre ~~para~~ as illas do Sol  
ás terras felices da doada certeza ~~non~~ lonxe  
~~que por eso cantamos~~

- 3 INVERTÍMOLO camiño  
Imos  
i en nós regresan tódolos que viñeron

---

Carta 2ª.

Galería Miguel Sambró, Barcelona, 2 de febreiro 1991.

Apreciado amigo: tal y como habeis quedado con Carlos Crego, te envío una Prueba de Artista del libro de gravados que a través de la Editorial Joan de Serrallonga, he editado de él. Se trata de un trabajo que creo que tiene bastante interés, a pesar de llevar ya más de un año acabado.

Se trata de tres parejas de gravados-carborundum que inician esta nueva etapa a la que se ha lanzado el artista y que vienen arropados en una caja o envoltura que es, en sí, una obra más. Dicho trabajo no tiene título ni filosofía, un poco en consonancia con la actual situación evolutiva del autor.

Hemos comentado alguna vez con el artista que sería sumamente importante que encontrara alguien, especialmente entroncado con sus raíces, que intentara captar la trascendencia de estos trabajos, su poesía. Esta es la razón de su propuesta, que yo comparto plenamente. Para cualquier aclaración no dudes en ponerte en contacto conmigo, quedando para ello a tu disposición. Aprovechando la ocasión para saludarte atentamente. Miguel Sambró.

(\*\*\*) *Poesía española*, Madrid 1964.

137

4 COSTAS pobres

Non non inforamos que o camiño é o camiño  
perdídalas rotas  
e que o mar é o mar  
inda pros que van  
inda pros que volven enteiros de lonxe

5 NON buscamos ~~engañamos~~ co soño  
maillo home ~~buscamos~~ outro destino  
Xa mares e mapas están nos seus ollos  
Sempre estarás Grecia tralas nebras i as augas

6 ANQUE volva só co viaxe feito  
non foi pobre o empeño i a certeza en chegar  
que así nos sostuvo  
cando as augas buscaban a quilla  
comprobaban as cadernas  
e ralvaban o  
o van

7 CHEGAMOS eiqul con esta forza  
e agardamos non perdela xa  
por maior embate ou escuro longo

Sabemos que misterio e necesidade nos protexen  
e como na profecía feita ca nosa luz  
cando un mesmo non vía  
volvemos  
volveremos proclamar a certeza

8 DE tódalas naves cabalos e carros que parten  
saí un canto de permanencia

138 Lonxe se vei do cimo do pulo  
e hai singladuras que nin precisan do mar

9

CREGO

ahue non chegues a Grecia  
hai outras costas nombradas  
con portos de arriba e partida  
e marejóns pra que Ulises se perda


igual que este canto se foi do meu tono


Compostela  
Febreiro, 1991

*Manuel*  
*1991*

*Mr. Karmir*  
*Arceiz*


*Compostela*  
*4\* Karmir*















# CENTENARIO / ANIVERSARIO DE ROSALÍA CASTRO

ESTAMOS EIXIÉ A CELEBRAR, A INAUGURAR O PRIMEIRO CENTENARIO DA GALICIA MODERNA, ~~MODERNA~~ MEDINDO DENCE A DATA DA MORTE DE ROSALÍA CASTRO. MAIS, PRA QUITARLLE ESA SOMBRA DE ELEXÍA, ESCOLLEMMOS NO ANO DO CENTENARIO DA MORTE O DÍA DO ANIVERSARIO DO NACEMENTO, PRA SIÑIFICAR QUE GALICIA NON ESTÁ CLAUSURADA, NON É UNHA NACIONALIDADE HISTÓRICA SEMON CIMPREMENTE INTERRUPTIDA, UN POCO INDA VIVO, CON IDIOMA VIVO; ANQUE A MAIORÍA D'ISE POCO TEÑA ESQUECIDA A SUA CONDICIÓN NACIONAL GALEGA COMO FUNDAMENTO E PETICIÓN DE SOBERANÍA, DE AUTODETERMINACIÓN, TODOS NOS SAREMOS, NOS SENTIMOS GALEGOS, CLARA OU ~~ESCURA: CON PROFUNDA CONCIENCIA~~ ESCURA, CON PROFUNDA CONCIENCIA. E XA MILES DE CORAZOS ARDENTES VELAN GALICIA CUNHA CLARA, FIRME DECISIÓN NACIONAL, QUE NON TEM PORQUE SER DESESPERADA POR MAIS DIFICULTADES QUE HAXA A CORTO PLAZO. GALICIA IRÁ DEFINÍNDOSE, ACLARÁNDOSE NA CONCIENCIA DOS GALEGOS, E CADA VEZ SERÁN MENOS OS QUE SE TRABUGEN DE PATRIA, QUE XA É TRABUCARSE, XA É CONFUNDIRSE O CONFUNDIRSE ~~DE~~ DE PATRIA.

NON NON H'Í QUE DESESPERARSE COMO AS VECES DESESPERAMOS, POIS A NACIÓN É LONGA ~~NON É DUN ANO PRAUTRO NON SÍGUEA DUN SIGLO PRAUTRO~~, NON É DUN ANO PRAUTRO NON SÍGUEA DUN SIGLO PRAUTRO. Ó NOSO FAVOR I EN NOSO SENTIDO VAI UNHA CORRENTE UNIVERSAL, A PAULATINA LIBERACIÓN DOS POBOS.

INOA AILÍ, ONDE PESQUIRE O FERVOR REFLEXO DIANTE O PENSAMENTO CRÍTICO ACTUAL,  
SIGUE OU ENQUESE COMO ÚNICA RELIXÓN - RELIXIÓN POSIBLE O NACIONALISMO, A  
PASIÓN NACIONAL, ESPECIALMENTE NOS POBOS OPRIMIDOS COMO O NOSO, POIS O PASADO  
COMÚN, CONFIGURADOR / CONFORMADOR, SEMPRE FOI E SERÁ SAGRADO PROS HOMES.

ASI POIS INOA EN SITUACIÓN ESTANQUADA CON'A PRESENTE NON DESESPEREMOS. AVAN-  
TEMOS SE PODEMOS. PERMANEZAMOS SE INOA NON PODEMOS E CADA UN CO SEU RITMO;  
CON OU SIN QUINDASTROS DE AVENTURA. O IMPORTANTE É NON DIMITIR, EN TANTO AS  
SUPERFICIÓS SIGAN CON DEMASIADO PODER. INOA ENTRE O NACIONALISMO DECIDIDO  
COMPRE TAMÉN UN NACIONALISMO VAGO OU DESORDADO, NO QUE MOITOS FERVORES SE ACUCHAN,  
SE PROTEXÉN PRA NON SER LEVADOS DE CONTINO A DERROTA, O QUE SI PUERA ACABAR POR SER  
D'ALENTADOR.

*Cent anos despois do pasamento de ROSALÍA CAS-*  
*tro,* DEZENAS DE POETAS NOVOS LEV'N GALICIA (EIDUI INOA A POESIA TEN UN PRESTIXIO  
MÍTICO), DEZENAS E DEZENAS, QUIZAV'S DENDES DOS TEMPOS MEDIEVALES DA ESCOLA TROVA-  
DORSCA NON HOUBO EN GALICIA UN TAN VASTO MOVIMENTO POÉTICO COMO O ACTUAL, E DO QUE  
INDUGABLEMENTE ALGO VAI SAIR... DEZENAS E DEZENAS DE ESCRITORES, MILES DE EDUCA-  
DORES E OUTRAS NOCEDADES COMPROMETIDAS <sup>CUNHA</sup> CON RESPONSABILIDADE SOCIAL E POLÍTICA  
LEVAN GALICIA. MILLEIROS DE MOZOS DE CORAZÓN ARGENTES VILAN E LEVAN GALICIA. NON  
MOS DESCALIFIQUEMOS UNOS AUTROS POR IN MÁIS OU MENOS IRACOS. TODOS VAMOS NUN MESMO  
MOVIMENTO DE LIBERACIÓN NACIONAL. CANDO UNOS DESFALEZAN OU MORRAN, QUIZAVES OS  
QUE VAN TRASEIROS SEÑAN OS QUE SEGUIRÁN SOSTENDO, FORTALECENDO A DECISIÓN NACIONAL  
ATE CHEGAR A HORA EN QUE SEÑAN POSIBLES LIBERTADE E JUSTICIA PRO NOSO POBO E PRA  
TODOS OS POBOS DO MUNDO. POR ISO, PORQUE CRÉN QUE <sup>ELAS</sup> SON POSIBLES ENVELLAN OS OLLOS  
DE TÓCALAS XENT'ES, ~~FAZ~~ O BRILLO DOS NOSTROS OLLOS.



*24-2-85*  
*Composela*

LARO QUE O FALAR PLENO YA É CANTO MAISIMO  
= COMO DIXO AQUIL POETA TAN FÁLIDO NA NUNHA MOCEDADE  
"SOLO A CANCIÓN RIBA DA TERRA, É A QUE GLORIFICA E FESTIVA

QUIZAVES A POESIA SEXA A UNICA ~~EXPRESION LINGÜÍSTICA~~ ENTENIDA DO HOME  
NON RELATIVIZADO NIN PARCIALIZADO.

QUIZAVES POR ATENDER, POR PRIORIZAR UNHA FORMA AGUDA DA MEMORIA, CONSER-  
VE, GARDE ALGO DA ESPERANZA PRIMEIRA, ~~DA VITALIDADE PRIMEIRA~~ EBRIEZADE DO CANTO, E  
~~QUE LEVAN A~~

~~QUE~~ POR ESTAR MOI LIGADA A MOCEDADE CONSERVA AINDA UN ALENTO DE AC-  
TUANTE ENTUSIASMO.

NON CABE DUBIDA QUE A PASIÓN POÉTICA VEN DE ALGO AURORAL E TEN QUE VER  
COA PAIXON ERÓTICA E CO IMPULSO COMUNAL E COA HERENCIA PROFUNDA TANTO  
DO SANGUE COMO DA CULTURA, DA LINGUA PROPIA.

MEMORIA I HERENCIA SON EXPRESIÓES DA UNICA PERMANENCIA E TRASMITENNOS  
UNHA FORZA QUE REBAGA O PURO CAUDAL INDIVIDUAL.

A POESIA É ALGO COMUNAL E INSUMISO.

~~DA INDA~~ É UN RESTO NON DESMENTIDA PRIMEIRA, CEGA UNIDADE, E POR UN INTRE PON  
O HOME O MARXE DO MEDO, INDA DENTRO DO MEDO, E SALVA COMO O AMOR

E UNHA FORMA DE COMUNIÓN QUE TANPOUCO ESTÁ LONXE DO MECANISMO INTERIOR  
QUE DESENCADEA A EMOCIÓN PATRIÓTICA.

TODO POETA É PRIMORDIALMENTE DA SUA NACIÓN

POR QUE IL É O SER DA MEMORIA INEVITABLE, GARDADORA E SALVADORA.

É O ESCLAVO POSESO DA SUA LINGUA.

É A ENCARNACION VIVA DE ESA LINGUA.


E NÍL VOLVEN COBRAR ALENTO, O ALENTO QUE TUVIRON NELAS, AS PALABRAS E  
OS XEITOS DA LINGUA DE XENERACIÓES E XENERACIÓES PASADAS QUE A FALARON  
E A FIXERON UNICA E ASI TAL É COMO É.

POR ESO, QUEN NON REXEITA OS FRÍOS MANIPULADORES DA LINGUA DE CALQUER ÍNDOL  
OS DEFORMADORES DA PATRIA, OS ENLATADORES DA IDENTIDADE.

POR QUE A LINGUA É SAGRADA, É O UNICO QUE QUEDA DE TODOLOS NOSOS MORTOS  
A UNICA FORMA DE IMMORTALIDADE LONGA.

E O POETA É OU DEDE SER A ENCARNACION VIVA DE ESA LINGUA.

PODERIA SEGUIR ENGARZANDO VAGUEDADES.  
SACANDO MUITA DÓUTRA  
E SÚA MINGUNHA TOTAL DEFINI-  
CION BEIREAR O EIDO DÆ ESA  
VERDADE <sup>SO</sup> CONTRASTADA POLO ES-  
CALOFRÍO • POLO CALAFRÍO •  
PERO EILU VAIUO~~S~~ TRAGUER  
SENÓN A POESIA ~~TRAGUER~~  
ALGUS POELIAS  
E DEIXEMOS QUE AS PALABRAS  
DISTES POEMAS ~~TRAGUER~~  
SI POSIBLE FOR NOLA CONVO —  
QUEN COMO A GRACIA DO  
MUNDO  
DE CALONER MUNDO BEN VIVIDE  
INDA QUE <sup>ENTON</sup> PARECERA PRECARÍO  
E O FORA •



ALAIN BADIOU

A poesía como condición da filosofía

AMASTRA-N-GALLAR

# federico garcía cabezón

## queimados / 1985-90

TODA evidenciación é difícil, pois **o problema** aparece sempre rodeado polo **resto de normalidade** ou atenuado polo valume dominante do aceptado.

Na fotografía de Federico García Cabezón a evidenciación e actualización, o seu xeito de mostrarnos, pasa pola agarda e lectura paciente do intre de luz pra que **aquello** resalte sobre da uniforme neutralización dos fondos, dos ceos. Unha escolla ou instintivo arredar o innecesario pra esconxurar o informe e que o primordial acade forma de por si, sin complicar demasiado aparentemente o proceso. Sin trucaxe. Cun gran respecto pola Naturaleza na súa integridade de cada intre. Un buscar o intre no que a Naturaleza di, pois xa a mesma **Naturaleza é Forma**.

En tempos de todomercado e de forte caída de todo-valor e de entrega doada ó poder de **toda indole**, hai que volver de novo a coñecer de cerca, volver a relación verdadeira, dudar de todo o non intimamente comprobado. Así é o busco, a busca, nesta fotografía. O fotógrafo **fai casa** no mesmo ámeto interrogado e comproba cada cousa, sabedor de que estamos implicados tanto na Terra como na Humanidade. O que reduce o home é o mesmo que reduce o bosque, o souto. **Unha crecente confusión sobre o límite do colectivo**.

Parece como se estes castiñeiros QUEIMADOS do Courel amosasen a súa morte como beleza só pra que reparemos neles e no expolio feito á Naturaleza Terra, somentes comparable o expolio na liberdade e na dinidade humana, no soño do posible certo, así como na memoria colectiva e na concencia activa. A Terra claméa nestas figuras, ás veces zoomórficas, como claméa o home. Como se tivera intención. Sin proporse, reclama solidariedade ou salvación cando unha cámara enfocada fai **a escolta debida**. Nós debémoslle atención, debémoslla por pura pertenza. Este é o fundamento, a xustificación de toda fraternidade, xa que ésta non é un impulso, un pulo gratuito ou arrogante. Non o é nin o foi nunca, senon algo sencillamente necesario.

**Fotografía con ideoloxía** Mais tamén libre canto, beleza amada, terra escolleita.

Xaneiro 1991

*Arturo Utrilla*

# GALICIA-ROSA

## GALICIA / ROSALÍA

1

GALICIA, será a miña xeneración quen te salve?  
Irei un día do Courel e Compostela por terras libradas?

Non, a forza do noso amor non pode ser inútil!

1957

2

SANTA DA TERRA, ti sabes que o ceo non é noso.  
Poden inseguranza e desamparo i acólleste ós bés certos:  
a casa! o val! a patria homilde!  
nosa patria pola que ti clameas furendo a noite!

1958

Uxío NOVONEYRA

/ Do libro ELEXIAS DO COUREL I OUTROS POEMAS  
Col. ADONAIIS - Ed. RIALP. 1966.


A primeira parte / DO COUREL A COMPOSTELA/ ~~figura no poema~~  
OUH GALICIA (Revista EUFONIA/Buenos Aires 1958), un dos primeiros  
textos ou o primeiro texto declaradamente político e patriótico  
publicado na Posguerra por un poeta galego residente en Galicia.  
Sería contestado por Avelino Díaz no Nº seguinte da mesma revista  
co poema SINTONÍA.

en letra miúdo


*[Handwritten signature]*  
85.





















PRIMAVERA NO ALTO COUREL /  
~~Fonte Fontes~~ FONTES FRORES E PAXARIÑOS

Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!  
Eiquí síntese ben o pouco que é un home.

1

BDA terra das montañas  
boa terra que dá auga  
e teis auga nas entrañas!

2

FONTE das Lubicieiras  
nacendo por vinte bocas  
ruxindo de mil maneiras!

3

CANTA a fontiña  
canta a fontela  
i anque a canción é dela  
ten unha cousa miña  
pola que podo entendela.

4

RIBA da auga tecida  
flaire d'ebreira frorida.

Riba da auga trenzada  
flaire d'ebreira granada.

5

PRIMACHORROS brancos  
panquesiños i amargexos  
argane polos berrancos  
folla podre nos reprexos!

Alguén está  
neste aire de mañá.

sigue

7

Cotolovios  
 ouriolos tordos merlesos  
 paxaros e paxariños  
 polos ríos  
 polo soute e polos checos  
 e bandadas e bandadas  
 de estornifos  
 polas labradas.

No bicarelo do bico do brelo  
 canta o paxariño.  
 No misoiño  
 bicarelo do bico do brelo.

Uxío Novoneyra

/ Dos libros OS EIDOS (1966) e OS EIDOS-2 (1974) /

glosario /

O Courel: Serra do Courel situada onde se tocan as terras de Lugo, Ourense e o Bierzo Galego. Todo o alto da serra é unha gran extensión de ucado e unha quilouta fraga, entre as Devesas da Sogueira, quizaves a máis fremosa fraga de Galicia, que no decir do Padre Marino o botánico "garda as galas da antiga edá". Abaixo, nos outos vales, a franxa do xestado, minas abandonadas, aldeas perdidas entre soute de castiñeiros corporentos, agros e prados sópetos. Grandor e riqueza da paisaxe e pobreza dos labregos.

tais: tes, teñes.

Lubicieiras: sitios do monte de difizle acceso donde o lobo cria e

ruxindo: sonando.

riba: enriba, encima, sobre (adv.)

flaira: ponle, pola, rama delgada.

abreira: avalaneira.

granada: con grau, con froito.

primachorros: margaridas.

penqueixo: fror marelo-branco e marelo forte que nax en fachoís de moitas

amarguxas: acedas, arbes cuíes tallos ~~se~~ comen os pastores.

argana: herba moi dura das penedias e secanos.

reprexas: presas que se cavan nos soutos costos (empinados) pra deter as castañas na propia parcela e logo quedan cheas de follas.

no bicarelo do bico do brelo: no picuto do pico da pola ou ponle. / no cimacio do cimo da cana ou rama.



## Texto lido contra o encadeamento de Francisco Rodríguez no acto público da Praza de Pontevedra, A Coruña

Estamos aquí, homes libres de compromiso partidario e outros de diversos campos, de diversas ideoloxías, pra defender a liberdade de opinión i a liberdade de expresión e pra defender o dereito ó fervor pola patria, pola recuperación dunha nación oprimida, dunha cultura oprimida, dunha lingua oprimida, representantes dun nacionalismo defensivo, o nacionalismo menos agresivo do mundo, o nacionalismo galego. O simple sentido nacional básico que a pesar de todo é hostigado polo poder, polo nacionalismo imperialista do estado.

Estamos eiquí defendendo un simple fervor. O fervor galego na defensa dunha Galicia secularmente agredida. Non por repetido e tópico deixa de ser verdade o que a nosa nación, a nosa cultura, a nosa lingua foron e inda son agredidos.

I o xuício e sentenza anómala e prisión de Francisco Rodríguez, patriota noso, veñen repetírnolo.

Anque hai unha intención deliberada de calar os escritores galegos non entreguistas, de dividilos con prebendas pra uns e negándolles a outros o pan i a sal, anque nos marxinan e non respostan as nosas mínimas peticións descaradamente dendes do poder, inda a forza dunha literatura feita maiormente como misión liberadora se deixa sentir e se fai presente ca vosa caseque unánime presenza.

Vós non fostes citado, nin traguidos eiquí polo interés nin polo medo, polo que sempre se moven outros. Vós viñestes chamados polo deber de Galicia, polo ímpetu de liberdade e solidaridade, porque os escritores i os poetas sempre foron e serán os primeiros resistentes diste país tan desasistido das clases que puderan mover unha conciencia activa.

O que é o que pode facer unha lei envellecida, pasada, obsoleta ó aplicala legalmente para deixar en ridículo a unha Audiencia, a un Tribunal Supremo e a un Tribunal Constitucional é meter na cárcel, pechar sen remisión a un home de traballo contino e riguroso e intachable comportamento ético.

I esto diríamolo igual se tivéramos a certeza de que foi Francisco Rodríguez quen lle prendeu lume a esa bandeira que non ten i a todas as bandeiras de trapo de tódolos países que non valen xuntas unha semana de vida dun home, e para

máis cerca a 30 meses pechado. E máis sabendo o que anda solto pola rúa. Un dos tempos de maior peligro que houbo nunca fóra dun estado de guerra civil.

E neste estado de cousas hai tempo pra xuzgar a queima dunha bandeira? Ou xuzgábase mais ben a actitude do máis respetuoso nacionalismo defensivo. Porque de outro xeito se lle pode chamar ó nacionalismo galego.

Non se trata dun nacionalismo de estado, dun nacionalismo imperialista depredador que ten como pasado o ataque ás nacionalidades ibéricas e americanas coma o que representa a bandeira queimada. Trátase de xuzgar a revelada dinidade dun pobo como o galego temeroso de pasarse na súa defensa, na defensa da súa lingua co seu ser.

Por eso estamos hoxe eiquí os poetas de Galicia. Para absolver a Francisco Rodríguez e pedir a súa liberación. Clama ó ceo ter pechado a un dos máis vivos peitos da xusticia dun país. Ter pechado a un home xusto, e que o máis que se lle pode tachar é o levar descuberto o fervor da xusticia, pois o fervor do nacionalismo defensivo é un intachable fervor da xusticia.

*Uxío Novoneyra*

ESTAMOS ELLI ~~LIBRES DE CUALQUIR~~ <sup>LIBRES DE CUALQUIR</sup>  
~~DEFENDENDO~~ <sup>DEFENDENDO</sup> ~~EL~~ <sup>EL</sup> ~~PORTUGAL~~ <sup>PORTUGAL</sup>  
~~MIEMBRO DE DIFERENTES GRUPOS~~ <sup>MIEMBRO DE DIFERENTES GRUPOS</sup>  
~~DISTINCION DE IDEOLOGIAS~~ <sup>E OUTROS DE DIVERSOS GRUPOS</sup> ~~DE~~ <sup>DE DIVERSAS</sup>

IDEOLOGIAS, PRA DEFENDER A LIBERTADE  
DE OPINION IA LIBERTADE DE EXPRESION  
E PRA DEFENDER O DEREITO O FERVOR  
POLA PATRIA, POLA RECUPERACION DUNHA  
NACION OPRIMIDA, DUNHA CULTURA OPRIMIDA  
DUNHA LINGUA OPRIMIDA,  
REPRESENTANTES DUN NACIONALISMO DE-  
FENSIVO, O NACIONALISMO MENOS AGRE-  
SIVO DO MUNDO, O NACIONALISMO GALE-  
GO, O SIMPLE SENTIDO NACIONAL BA-  
SICO QUE A PESAR DE TODO E HUS-  
TIGADO POLO PODER, POLO NACIONALIS-  
MO IMPERIALISTA DO ESTADO.

ESTAMOS ELLI DEFENDENDO UN  
SIMPLE FERVOR. O FERVOR GALEGO  
DE DEFENSA DUNHA GALICIA SECU-  
LARMENTE AGREDIDA. NON POR  
REPETIDO E TOPICO TEIXA DE SER VER-  
DADE O QUE A NOSA NACION, A NOSA  
CULTURA IA NOSA LINGUA FORON  
E UNDA SON AGREDIDOS.  
I A NUNCA <sup>AGREDIDOS</sup> E PRISION DE FRANCIS-  
RODRIGUEZ, PATRIOTA NOSO VENEN  
A REPETIRMOLLO.

ANQUE HAI UNHA INTENCION DELIBERA-  
DE DE CALAR A LITERATURA OS ESCRITORES  
GALEGOS NON ENTRECQUISTAS, DE DIVIDI-  
LOS CON PREBENDAS PRA UNS E NESAN-  
DOLLES A OUTROS O PAU LA SAL, NUCHE  
NOS MARXUMAN E NON RESPONDEMOS AS  
NOSAS <sup>misérrimas</sup> PETILOS DESCARADAMENTE DES-  
DES DO PODER, NDA A FORZA DUNHA  
LITERATURA FEITA MAIORMENTE COMO  
VISION LIBERADORA SE DEIXA SENTIR  
O SE FAI PRESENTE, CA VOSA CASENDE  
UNANIME PRESENCIA.

VOS LON FOSTES CITADOS, NUN TRAGUI  
DOS <sup>polo</sup> POLO INTERES NUN POLO MEDO, POLO  
QUE SEMPRE SE UNVEN OUTROS,  
VOS VIUESTES CHAMADOS POLO DEBER  
DE GALICIA, ~~INDIGNOS~~ POLO IMPERI  
DE LIBERTADE E SOLIDARIDADE, PORQUE  
OS ESCRITORES LOS POETAS SEMPRE  
FORON E SERAN OS PRIMEIROS RESIS-  
TENTES DISTE PAIS TAN DESASISTIDO  
DAS CLASES ~~INDIGNAS~~ QUE PU-  
DERAN MOVER UNHA CONCIENCIA ACTIVA.

O QUE É ~~UMA~~ O QUE PODE FAZER UMA  
LEI ENVELHEIDA, PASADA, OBSOLETA O APLICAR  
LEGITIMAMENTE PODE DEIXAR E RIDÍCULO A  
UMA AUDIÊNCIA, A UM TRIBUNAL SU-  
PREMO E A UM TRIBUNAL CONSTITUCIO-  
NAL E METÊ-LO NA CARCEL, PECHAR  
SEM REMISSÃO A UM HOMEN DE MÉRITO  
TRABALHO CONTÍNUO E RIGUROSO E INTA-  
CHABLE COMPORTAMENTO EXTO. ~~E COUTO~~  
~~CAR ETOU~~

! ESTO DIRIAMO IGUAL SE ~~FOSSA~~  
OFICIN TIRAMOS A CERTEZA DE QUE  
FOI FRANCISCO RODRIGUEZ QUEM LE  
PRISIONE LUME A ESSA BANDEIRA  
~~QUE NÃO TIVEM~~  
! A TODAS AS BANDEIRAS DE TRAPO  
DE TODOS OS PAÍSES • QUE LUM ~~USAR~~  
XIMOTAS LUMA SEMANA DE VIDA DE UM  
HOMEN E PRA MAIS CERCA A 30 MESES  
PECHADO E MAIS SABENDO O QUE AINDA  
SOLTO PRA RUA, UM DOS ~~PERIGROS~~  
DE MAIOR PERIGRO QUE TODO MUNDO  
FORA PRA ~~ESTADO DE GUERRA CIVIL~~  
E NESTE ESTADO DE COISAS HÁ TEMPO  
PRA MEXER A QUELUM DILIGÊNCIA  
BANDEIRAS? OU MEXERASE NÓS

SEM A ACTITUDE DO MAIS RESPEITOSO  
NACIONALISMO DEFENSIVO. PERECE DE  
QUE OUTRO JEITO SE LHE PODE CHAMAR  
O NACIONALISMO GALEGO

NÃO SE TRATA DE UM NACIONALISMO DE ESTADO, DE UM NACIONALISMO IMPERIALISTA DEPRIMENTOR QUE TEM COMO PASSADO A O ATUALIZAS DAS ~~INACOMUNIDADES~~ IDERKAL E AMERICANAS, COMO O QUE REPRESENTA A BANDEIRA ALICHOADA TRATASE DE MOSTRAR A REVELADA UNIDADE DE UM POVO COMO O GALERCO TEMEROSO DE PASSAR NA SUA DEFENSA, NA DEFENSA DE SUA LINGUAGEM CO SEU SER.

POR ESSE ESTAMOS HOJE ENFRENANDO OS  
 PELOS DE GELICIA. PARA ABSOLVER A FRANK-  
 CISCO RODRIGUEZ E PEDIR A SUA LIBERA-  
 CION. CLAMA O CEO TER PECTADO A  
 UM DOS MAIS VIVOS PELOS DA JUSTIÇA DA  
 PAÍS. TER PECTADO A UM HUMILDE CRISTO. E AGORA  
 O MAIS QUE SE LHE PODE TACHAR É O LEVAR  
 O DESCURTADO O FERNOR DA JUSTIÇA

## Creación dunha *Aula de Escritores Galegos* en todos os Institutos de Bachillerato de Galicia

“A XUNTA DA acceso ÓS ESCRITORES EN LINGOA GALEGA A TAREAS  
COMPLEMENTARIAS DA EDUCACIÓN”

Santiago 20-IV-85.

Amigo Gerardo:

Sinto ter que ocupar outra vez o teu tempo, que supoño xa mui ocupado. Pero penso que é necesario que poñas outra vez a tua forza pra que o proxecto de creación dunha “AULA DE ESCRITORES GALEGOS” en tódolos Institutos de Bachillerato de Galicia siga adiante. O Sr. Portomeñe –Conselleiro de Educación– demostrou atención e interese, pero dice que co diñeiro de que dispón a Consellería pra istes casos non pode dedicar a isto mais que unha certa cantidade e que polo tanto habería que reducir bastante o seu alcance tanto en número de Institutos de Bachillerato a incluír como en número de escritores a empregar.

Por tanto pensei na comenencia de pedirlle a Madrid –a través da Xunta–, de pedirlle ó Ministerio de Educación, ou o organismo que seña, unha partida extraordinaria pro presuposto de istas AULAS.

Creo que me dixeron que debe de haber en Galicia unhas 80 e tantos ou 90 Institutos Oficiais de Bachillerato, istes multiplicados polas 32 semanas lectivas, descontando vacacións e tempo de exames, e polas 15.000 ptas (quinze mil ptas) que se lle pagaría a cada escritor por cada AULA; é dicir por cada conferencia-recital, con gastos de desplazamento i estancia incluídos (en Cataluña páganlles o tope mínimo de 20.000) e xunto tamén cos gastos de algún material audiovisual que sería necesario, poñería o presuposto total necesario pras AULAS nunhas corenta e tantos millóns de pesetas.

Si non conseguimos isto terémolos que limitar a facer o proxecto restrinxido pro que o Sr. Portomeñe dixo que podería xuntar todo o mais, unhas 10 millóns, según as posibilidades de que hoxe dispón a súa Consellería.

Resumo: o bon sería poder chegar ó maior nº de Institutos i empregar os escritores necesarios par cumprir istes dou(s) oxetivos:

1º Anovar ou reforzar a identidade cultural galega i a nosa lingua, como forma viva de esa identidade, nas xuventudes estudiantiles. E

2º Darlle entrada ós escritores en lingua galega en tarefas complementarias da Educación. Ofrecerlles un traballo paralelo concurrente ca súa propia vocación e asegurar así a pervivencia da Literatura Gallega.

Sei que porás toda a tua forza e influencia pra esta noble e fecunda empresa.  
¡Por Galicia! Unha aperta

Uxío Novoneyra

Creación dunha Aula de Escritores Galegos  
en todos os Institutos de Bachillerato de  
Galicia.

" A XUNTA DA aceso OS ESCRITORES EN LINGUA GALEGA A TAREAS  
COMPLEMENTARIAS DA EDUCACIÓN"

Lantropo 20-IV-83.

Miúdo Severato.

PARA PORTOMENÉ, O SR. CONSELHEIRO

Sinto ter que ocupar outra vez o teu tempo, que suponto xa mui ocupado. Pero penso que é necesario que ponas outra vez a tua forza pra que o proxecto de creación dunha "AULA DE ESCRITORES GALEGAS" en todos os Institutos de Bachillerato de Galicia siga adiante. O Sr. Portomené - Conselleiro de Educación demostrou atención e interese, pero dice que co fincino de que dispoñ a Conselleria pra estes casos non pode dedicar a isto máis que unha certa cantidade e que polo tanto habería que reducir bastante o seu alcance tanto en número de Institutos de Bachillerato a incluír como en número de escritores a empregar.

Por tanto en pensei na conveniencia de pedirlle a Madrid - a través da Xunta - de pedirlle ó Ministerio de Educación, ou o organismo que seña, unha partida extraordinaria pro presuposto de estas AULAS.

Creo que me dixeron que debe de haber en Galicia uns 80 e tantos ou 90 Institutos oficiais de Bachillerato, estes multiplicados polas 32 semanas lectivas, descontando vacacións e tempo de exames, e polas 15.000 ptas

(quinze mil ptas) que se lle pagaría a cada escritor por cada AULA; e decir por cada conferencia ou conferen-  
cia - recital, con gastos de desplazamen-  
to i estancia incluídos (en Cataluña  
paganlles o tope mínimo de 20.000)  
e xunto tamén cos gastos de algún  
material audiovisual que sería ne-  
cesario, pórnera o presupuesto total  
necesario para AULAS nunhas

corenta e tantos millo's  
de pesetas.

Si non conseguimos esto terémolos  
que limitar a facer o proxecto res-  
trinxido pro que o Sr. Portomeneu dixo  
que podería puntar todo o mais, todo  
o mais nunhas 10 millo's. segun as  
posibilidades de que hoxe dispoñan a súa  
Conselleria.

Resumo: o bon sería poder  
chegar o maior no de Institutos  
e emplear os escritores necesarios  
para cumprir estes dous proxectos.

1º Anovar ou reforzar a  
identidade cultural galega i a nosa  
lingua, como forma viva de esa identida-  
de, nas xuventudes estudiantiles. E

2º Darlle entrada ós escritores, en  
lingua galega en tarefas complementarias  
da educación. Ofrecerlles un traballo pa-  
ralelo concorrente ca súa propia vocación  
e asegurar así a pervivencia da Lite-  
ratura Galega. Sei que poris toda  
a tua forza e influencia por esta nobre  
e fecunda empresa, por Galicia! Unha aperta. W

## Os novos poetas galegos

Pídenme que lles diga algo ós novos poetas galegos. Pedireilles que NUNCA EMPEÑEN A SUA PALABRA. Os poetas han de ser libres i estar máis alá de toda fidelidade proposta. E xa que ninguén resiste estar sempre nela, han de estar polo menos en disposición de ir ou de tornar á FRONTEIRA onde se fai o home novo. Il aparece eilí onde fallan as palabras e hai que mover todo o idioma para obrigalo. A Poesía é UN MENESTER DE FRONTEIRA. Mais prá FRONTEIRA sólo se parte dende as terras interiores seguras da tradición viva, dise xeito que nunca está nos tradicionais.

Uxío Novoneyra / 82

OH NOVO POETA  
FALSO

Pedem-nos que falem algo sobre os novos poetas palcos.  
Pedem-nos QUE TENHA ESPERANÇA A SUA PALAVRA. Os  
poetas têm de ser livres e estar sós e de toda fi-  
delidade proposta. E se que ninguém resista estar sem-  
pre nela, tem de estar pelo menos em disposição de ir  
ou de voltar à FRONTEIRA onde se fez o novo. Il  
espero ali onde fallen as palavras e hei que cover-  
tado o idioma em obra de arte. A Poesia é UM MENESTRE DE  
FRONTEIRA. Hei por FRONTEIRA só as partes donde as  
barras interiores saem da tradição viva, mas não  
as que nunca estão nos tradicionais.

1910. FRONTEIRA / 80

OH NOVO POETA  
FALSO

# Índice

## Limiar

|                                                      |   |
|------------------------------------------------------|---|
| Os países de Uxío Novoneyra: palabras e imaxes ..... | 5 |
|------------------------------------------------------|---|

## Estudos

BERNARDINO GRAÑA

|                            |   |
|----------------------------|---|
| Sobre Uxío Novoneyra ..... | 9 |
|----------------------------|---|

ANTÓN PATIÑO

|                      |    |
|----------------------|----|
| Uxío Novoneyra ..... | 11 |
|----------------------|----|

ANTONIA LÓPEZ GARCÍA

|                                                 |    |
|-------------------------------------------------|----|
| Achegas de Uxío Novoneyra á poesía galega ..... | 13 |
|-------------------------------------------------|----|

ARMANDO REQUEIXO

|                               |    |
|-------------------------------|----|
| Novoneyra e Díaz Castro ..... | 27 |
|-------------------------------|----|

EMILIO ARAÚXO

|                                                                     |    |
|---------------------------------------------------------------------|----|
| Na rebolegando de comezo sempre enunciación de Uxío Novoneyra ..... | 33 |
|---------------------------------------------------------------------|----|

EMILIO XOSÉ ÍNSUA

|                                                                     |    |
|---------------------------------------------------------------------|----|
| Algunhas reflexións sobre a figura e a obra de Uxío Novoneyra ..... | 41 |
|---------------------------------------------------------------------|----|

FRANCISCO SAMPEDRO

|                                |    |
|--------------------------------|----|
| A condición de Novoneyra ..... | 49 |
|--------------------------------|----|

PILAR GARCÍA NEGRO

|                                           |    |
|-------------------------------------------|----|
| Uxío Novoneyra, visto por el propio ..... | 55 |
|-------------------------------------------|----|

TERESA SEARA

|                           |    |
|---------------------------|----|
| Vivencias do Courel ..... | 59 |
|---------------------------|----|

XULIO COBAS BRENLLA

|                                |    |
|--------------------------------|----|
| Uxío Novoneyra, narrador ..... | 61 |
|--------------------------------|----|

XULIO LÓPEZ VALCÁRCEL

|                                       |    |
|---------------------------------------|----|
| Uxío Novoneyra o poeta da terra ..... | 65 |
|---------------------------------------|----|

## Entrevista radiofónica

MANUEL RICO VERA

|                                         |    |
|-----------------------------------------|----|
| Uxío Novoneyra en “Terra e xente” ..... | 73 |
|-----------------------------------------|----|

## Textos de creación

|                                      |     |
|--------------------------------------|-----|
| Alberte Momán Naval .....            | 97  |
| Andrés Pociña .....                  | 98  |
| Antón Cortizas .....                 | 100 |
| Baldo Ramos .....                    | 105 |
| David Otero .....                    | 106 |
| Francisco Álvarez-Koki .....         | 108 |
| Francisco Brives .....               | 111 |
| Francisco Castro Veloso .....        | 113 |
| Henrique Rabuñal .....               | 115 |
| Isidro Novo .....                    | 117 |
| Lino Braxe .....                     | 118 |
| Lois Diéguez .....                   | 119 |
| Lourdes Maceiras .....               | 120 |
| Lucía Novas .....                    | 121 |
| Marilar Aleixandre .....             | 123 |
| Olga Patiño .....                    | 124 |
| Rafa Villar .....                    | 126 |
| Ramón Caride .....                   | 127 |
| Raúl Gómez Pato .....                | 130 |
| Román Raña .....                     | 131 |
| Rosa Enríquez .....                  | 132 |
| Rosa Méndez Fonte .....              | 134 |
| Vicente Piñeiro .....                | 136 |
| Xosé Henrique Rivadulla Corcón ..... | 139 |
| Xavier Lama .....                    | 140 |
| Xavier Queipo .....                  | 141 |
| Xavier Seoane .....                  | 143 |
| Xoán Neira .....                     | 145 |
| Xoán Carlos Domínguez Alberte .....  | 146 |
| Xosé Leira López .....               | 148 |
| Xosé Luís Martínez Pereiro .....     | 149 |
| Xosé Vázquez Pintor .....            | 152 |
| Yolanda López .....                  | 153 |

## Documentos

|                                                                            |     |
|----------------------------------------------------------------------------|-----|
| Uxío en francés .....                                                      | 157 |
| Portadas .....                                                             | 159 |
| Uxío en inglés .....                                                       | 161 |
| Vietnam canto .....                                                        | 162 |
| Mostra do labor de corrección de Uxío Novoneyra sobre o poema “Viaxe” .... | 165 |
| Fotos de Uxío (grupo 1) .....                                              | 168 |
| Textos orais .....                                                         | 174 |
| As mans de Uxío .....                                                      | 178 |
| Díptico “Queimados”, da Exposición de Federico García Cabezón .....        | 179 |
| Galicia / Rosalía .....                                                    | 180 |
| Fotos de Uxío (grupo 2) .....                                              | 181 |
| Primavera no Alto Courel .....                                             | 190 |
| As mans de Uxío .....                                                      | 192 |
| Discurso polo encadeamento de Francisco Rodríguez .....                    | 193 |
| Aula de Escritores Galegos .....                                           | 199 |
| Os novos poetas galegos .....                                              | 203 |

